

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 20

SESION ORDINARIA (decembro) 8 DE XANEIRO DE 2014

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M (incorporase máis tarde).
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN:

Álvarez Pérez, José Luís
García Míguez, M^a Angeles
Rodríguez Escudero, Cayetano

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día oito de xaneiro do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do

día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(230).-ACTAS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA DO 28 DE OUTUBRO DE 2013. APROBADAS.

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas dos Plenos da Corporación correspondentes á sesión ordinaria e extraordinaria realizadas o 28 de outubro de 2013.

(231).-INTERVENCIÓN PERANTE O PLENO DA CORPORACIÓN DUN REPRESENTANTE DA PLATAFORMA DE AFECTADOS POLAS PREFERENTES E SUBORDINADAS VIGO-VAL MIÑOR. EXPTE. 807/1101.

PRESIDENCIA: Hai solicitada unha intervención diante do Pleno da Corporación dun representante da Plataforma de afectados polas “preferentes e subordinadas”, Vigo-Val Miñor que procedemos a atender a continuación. Ten a palabra o Sr. Estévez Rodríguez por un tempo aproximado de cinco minutos que pode ser contemplado con xenerosidade.

SR. ESTÉVEZ RODRÍGUEZ: Bos días a todos, feliz ano, feliz volta ao traballo. Nós non descansamos seguimos aquí porque seguimos a buscar unha solución para os afectados das “preferentes”. Queríamos presentar unha documentación, imos

entregar unha copia a cada un dos grupos políticos e unha copia ao Presidente. Xa entregamos unha copia tamén no Rexistro e a Secretaría tamén.

Queríamos facer primeiro un resumen do que ben sendo todo isto, o drama das “preferentes”. En Caixa Galicia o Sr. José Luís Méndez e en Caixanova Sr. Julio Fernández Gayoso, despois hai uns consellos de administración, hai uns partidos políticos, hai uns sindicatos nesos consellos de administración, hai uns votos a medida e con todo isto se xesta o asunto das “preferentes”. Hai unha expansión por parte dos bancos, hai un descontrol, no norte hai unha quebra técnica, no sur hai moitas perdas e tamén como compensan? Enganando á xente, vendendo produtos tóxicos, vendendo “preferentes”.

No 2010 trabállase nunha fusión, o Bloque Nacionalista Galego presenta unha moción que quere un banco galego, o Partido Popular fai emendas, no Parlamento aválao o Sr. Feijóo, encarga unha auditoría, entre 2010 e 2015 din que van xerar 2.671 millóns de beneficios, e o barco foi á deriva, esa foi a verdade, e mentres o Partido Socialistas tampouco fixo nada, estivo aí no medio. En decembro de 2010 lévase a cabo esa fusión, Vigo sae as rúas, o Alcalde ao fronte, entra en escena o Sr. Zapatero, fai uns decretos de recapitalización entra tamén en escena o FROP, aumentan provisións e hai dúas inxeccións de capital, case 4.000 millóns de euros, desa fusión sae Novacaixagalicia, durante dez meses que é o que dura esa fusión que avalaba o Sr. Feijóo que dicía que ía dar 2.600 millóns de euros en cinco anos de beneficio.

O Sr. Méndez vaise no 2011, leva uns “cartiños”, o Sr. Gayoso queda en Vigo e arriba entra en escana o Sr. Mauro Silva que impulsa a lei das caixas, impúlsaas o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego, orientadas a reforzar a tutela pública, iso é o que nos di o Sr. Jorquera, queren quitar ao Sr. Gayoso do medio, xa leva moitos anos, pretenden a bancarización das caixas, a Xunta de Galicia, o CNMV e o Banco de España non exercen ningún tipo de control, auditoría, todos firma a fusión, ninguén ve o documento, iso é o mellor de todo, os tres grupos asinan, o Partido Popular suponse que ten un documento, falan dun power point, pero ninguén mira ese documento e sen embargo constátannos por escrito que asinan esa fusión avalada nun documento que non miraron.

A Lei da Caixa pretende que o Sr. Gayoso se vaia, é o que nos di tamén o Sr.

Jorquera, pero o acordo establece a súa permanencia tres anos máis pola lei dos órganos reitores das caixas que rebaixa a idade mínima no Consello de Administración ata os 70 anos. O Sr. Gayoso segue ao fronte, eleccións e política, nacen os preferentistas, invaden as rúas, é un filón ante as eleccións autonómicas, un filón para os políticos obviamente. Faise un informe, a fiscalía entra a traballar en 2012, o 12 de febreiro o Sr. Aladro xefe de Pontevedra fai un informe, en xullo preséntase ó Fiscal Xefe unha demanda colectiva, en xullo tamén xa estamos case en campaña preelectoral das autonómicas, o Partido Popular fai campaña, o Sr. Feijóo, Sr. Guerra e a Xunta de Galicia crearon a arbitrase, é o que din, a Sra. M^a José Bravo di o mesmo, o Sr. Banco, o Sr. González Bueno e o Sr. Castellanos por outra banda foron eles os que abriron a arbitrase, é dicir, uns menten os outros menten, aquí mente todo o mundo. O Bloque Nacionalista Galego, o Sr. Vence en A Coruña recoñece ter montado varias plataformas de afectados. A Sra. Ana Miranda aquí en Vigo, nos falla ao respecto ao romper un acordo, que era con tódalas plataformas, o Partido Socialista non fai nada, mocións en Vigo recíbennos, apóiannos, asesóranos, conceden auditorios e xestores, é certo, niso hai que agradecerlle ao Partido Socialista de Vigo non ao Partido Socialista rexional, gracias ao Concello ao seu Alcalde por ese apoio que trasladamos xa nun Pleno anterior cuns compromisos cara ós Plenos, entorpecer o mínimo posible nas rúas e evitar infrinxir a normativa no posible. Aínda así veñen as sancións, o Bloque Nacionalista Galego esixe que se retiren sancións, coñecen a caso os motivos de por que son esas sancións impostas, non, piden que a retiren e punto. Nós sabemos que hai sancións que ás veces son merecidas, os mortos non conducen e cando ven unha sanción a un morto non é porque o morto fora ao volante senón porque alguén no tramitou a documentación e o coche que está conducindo unha persoa aínda segue a documentación a nome do morto, ese é o engano, non podemos vender o que non é certo.

Hai plataformas que a día de hoxe só acoden a Plenos, sabendo que a solución das “preferentes” hoxe en día xa non está alí, iso que son presuntas ordes políticas, romper plenos non ten sentido, o pobo ten que seguir avanzando e avanza cada cidade a través do seu Pleno, e o Pleno sodes todos, os vinte e sete,

non once, doce, trece ou dez.

Aquí hai que cambiar a actitude, somos a plataforma máis flexible, a máis constante, cinco días por semana, eu teño tres sancións, a tres recorridas, unha arquiváronma, outras dúas seguen aí, temos só un afectado cunha sanción tamén administrativa, tamén arquivada, temos unha sentenza do Xulgado gañada, temos outra pendente dun compañeiro que acusan dunha serie de cousas que non son certas en certa medida, pero non temos máis que iso e somos os que máis saímos a rúa, porque hai outras plataformas que teñen tantas sancións. Igual quen dirixe esas plataformas estase equivocando na actitude.

Todos se esculpan, a Xunta de Galicia, a CNMV, o Banco de España son cómplices desta estafa porque tiñan que haber feito moitas cousas, tiñan que ter seguido e non seguiron.

Roubar ao probe para emendar a mala xestión da banca, diso é do que se trata, mentres os dirixentes políticos e a Casa Real están implicados en presuntos delitos relacionados co capital.

O Partido Popular arranxaron ao 75% dos preferentistas, iso é o que din, o Partido Socialista proxectos e máis proxectos, mocións e máis mocións, o Bloque Nacionalista Galego traballa no medo. O Sr. Vence di que na venda blindarán cunha cláusula aos preferentistas e non poderán retirar os seus cartos, non os poderán recuperar. Sen embargo o Sr. Vence debería saber que o Poder Xudicial está por riba das cláusulas blindadas do banco, e o señor xuíz se ditamina que o denunciante é un aforrador, vai recuperar os cartos si ou si, póñallos diante quen llos poña, entón non se pode traballar o medo.

O Ministerio de Exteriores mente en Europa di que somos inversores, o Sr. Almunia xustifica que non cobramos intereses nin podemos devolver o noso produto. O Sr. Rajoy mente nas eleccións, todo era bo, o Sr. De Guindos mente, somos inversores ámbolos o din, o Sr. Alfredo Restoy, Sr. Carrascosa, Sr. Fernando Ordóñez e un largo etc. son uns incompetentes, non fixeron absolutamente nada polo pobo español, agás si buscaban roubar ao pobo, que iso é o que dubidamos, a Xunta de Galicia, e o Sr. Feijóo vende ao seu pobo.

Xerente de Consumo a Sr. María Jesús Muñoz Chesa?, falla ao respecto total, pedímoslle un montón de reunións e non nolas concedeu, a Sra. María José Bravo

Bosch ídem, logo de dicir que os que se manifestan baixo a súa fiestra cobraron case todos, cousa que foi falsa e díxoo nos medios, di que recibe a quen pida audiencia, eu podo demostrar que pedimos audiencia con ela en varias ocasións e recibíunos en dúas.

Imos a venda do banco, oito mil millóns pérdense, están perdidos non sabemos onde foron, nove mil invertéronse, agora resulta que costa mil, tres millóns, aí hai un sepas, uns dtas, hai unha serie de cláusulas que poden darlle uns beneficios ao novo comprador, hai unhas proteccións, cláusulas blindadas para cubrir gastos de aviva, das preferentistas etc., iso agora non nos importa a nós o que a nós nos importa agora mesmo é que esta plataforma e tódolos afectados a poder ser recuperan o 100% os aforros, iso é o que nos preocupa, nós non estamos aquí para ver onde foron oito mil millóns, estamos para recuperar o 100% dos aforros. Traballamos con Sr. Escotet e con quen faga falla para que nos devolvan os cartos, e vimos aquí a pedir que todos vós traballen tamén con Sr. Escotet para que se quede en Vigo, temos constancia de que lle encantou a cidade e lle encantou o edificio da Central do banco, si ten unha central xa na provincia de A Coruña, porque non quedarse aquí con outra central operativa, pois iso é o que temos que traballar con el agora, facer que ese señor se sinta cómodo aquí e logo céntrense en non mal vender o banco, que vendeuse mal vendido, non vendamos o Aeroporto que temos un Aeroporto bo, fai falla infraestructuras para unha cidade grande e esta é unha cidade grande, a máis grande de toda Galicia e co Partido Xudicial exactamente igual, non podemos permitir que nolo leven para Pontevedra, querémolo en Vigo. Céntrense en Vigo por enriba de tódalas súas direccións políticas e nacionais ou rexionais, vostedes traballan para Vigo, céntrense en Vigo en nos afectados de Vigo neste caso.

Nesta documentación que lle aportamos vai unha querela para a que pedimos unha subvención por parte do Concello dun terzo, vai custarnos sobre 10.000 euros, pois pedímoslle ao Concello en Pleno que nos conceda unha terceira parte aproximadamente. Pedímoslle que se reúnan, que soliciten reunión co Sr. Escotet, e que se reúnan con el e con nós para traballar haber como nos vai a devolver ese señor os aforros antes de que entre a primavera, iso é o que queremos, agora ímoslle facer a entrega dunha copia desa documentación a todos, a

valoran e por favor dígnanos algo porque nos urxe moito, levamos dous anos e aos saír de aquí temos que ir outra vez para abaixo a facer soar as bucinas en Vigo, e cando acabe isto é posible que vós, vostedes, nos pidan que vaxamos para abaixo a facer soar as bucinas porque as van botar de menos, xa forman parte da cidade, moitas grazas a todos.

PRESIDENCIA: Moitas grazas Sr. Estévez Rodríguez, tomamos nota das peticións e terán a resposta no seu momento oportuno que a nosa será inmediato, tan pronto remate o Pleno.

Procedemos coa orde do día, antes de pasar a parte terceira quería facer constar o noso sentimento e noso pésame polo falecemento do Sr. Nelson Mandela que o 5 de decembro de ano 2013 falecía, un gran loitador pola liberdade, polos dereitos das persoas e quería propoñer ao Pleno que propoñeremos para ser aprobado por unanimidade no seu momento e polas canles oportunas que o Parque de Navia pase a ser denominado Parque de Nelson Mandela. Procedemos coa orde do día.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non houbo.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(232).-APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL .EXPTE. 24385/220 (789/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 29 de outubro de 2013, as técnicas de prevención de Riscos Laborais, co conforme da xefa do Servizo de Recursos Humanos e do

concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, emiten o seguinte informe-proposta,

“ANTECEDENTES

1.-A Lei 31/95, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais (en adiante LPRL) aportou unha nova concepción da Seguridade e Saúde no posto de traballo. Esta Lei resulta de aplicación ás Administracións Públicas (art. 3), e no capítulo V, artigo 38, establece a obriga de constituir un Comité de Seguridade e Saúde Laboral (en adiante CSSL) en todas as empresas de máis de 50 traballadores. O dito CSSL foi creado no ano 2003 no Concello de Vigo. Este CSSL, tal e como recolle a LPRL, é un órgano colexiado e paritario, formado polos delegados de prevención dunha parte e os representantes da entidade local pola outra, destinado á consulta regular e periódica das actuacións do Concello en materia de prevención de riscos. O CSSL debe contar cunhas normas internas de funcionamento. O vixente regulamento de funcionamento do Comité de Seguridade e Saúde foi aprobado en sesión plenaria de 31 de marzo de 2003, pero na data actual, resulta necesaria a súa revisión e actualización polas razóns que se recollen nos fundamentos legais seguintes.

2.- O proceso de revisión do regulamento de funcionamento do Comité de Seguridade e Saúde Laboral comezou a instancia dos delegados de prevención, que presentaron unha proposta inicial. Esta proposta foi revisada polo SPRL e servizo RRHH, para adecuala á lexislación vixente.

3.- Con data vinteseite de xuño de dous mil trece aprobouse en reunión de CSSL un borrador de proposta para a modificación do vixente Regulamento de funcionamento do Comité de Seguridade e Saúde Laboral do Concello de Vigo, por unanimidade de tódolos presentes, segundo anexo documental denominado “anexo I”.

FUNDAMENTOS LEGAIS E MOTIVACIÓN

I.-NECESIDADE DE EXISTENCIA DO CSSL

En primeiro lugar, o artigo 38.2 da LPRL establece que *“Constituirase un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresa ou centros de traballo que conten con 50 ou máis traballadores.”* Todos os centros que conten con máis de 50 traballadores deben dispoñer dun Comité de Seguridade e Saúde Laboral. Con todo, a LPRL ofrece a posibilidade de crear un comité intercentros, por acordo entre a empresa/administración pública empregadora e os representantes dos traballadores, e neste caso, todos os centros con máis de 50 traballadores deben estar representados.

Na reforma do regulamento se tivo en conta dito aspecto, determinándose que o CSSL terá a condición de comité intercentros, e todos os centros de máis de 50 traballadores estarán representados nel.

II.- CUMPRIMENTO DE OBRIGAS LEGAIS

Como segunda cuestión, é necesaria unha actualización do regulamento, non acorde coa normativa actual nalgún dos seus puntos, como no referido as competencias e facultades do CSSL, que no regulamento aprobado no ano 2003 exceden ás recollidas no artigo 39 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, e facíase necesaria unha adecuación á Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

III.- INICIATIVA DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

En reunión extraordinaria do CSSL, celebrada o pasado 27.06.2013, deuse conformidade á proposta de borrador de novo Regulamento de funcionamento do Comité de Seguridade e Saúde Laboral, segundo acta incorporada ao expediente administrativo) e cuxo texto se reproduce literalmente a continuación:

A citada reprodución consta no Anexo a este acordo.

IV.- PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN

O procedemento de aprobación e modificación dos regulamentos e ordenanzas locais deberá axustarse ao previsto no 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, artigos 55 a 59 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de concordante aplicación, debendo axustarse o texto aos requisitos e prazos que para a entrada en vigor contempla o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril. Debe considerarse, no obstante, o procedemento contemplado no artigo 49 da mesma norma, requirindo aprobación inicial, período de exposición pública durante 30 días, resolución de reclamacións e suxerencias se as houberse, e aprobación definitiva. Únicamente se non constase a presentación de reclamacións, se entenderá definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

V.- COMPETENCIA ORGÁNICA E INFORMES PRECEPTIVOS

Corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais, segundo establece o artigo 123.1, apartado d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, resultando necesaria a previa aprobación pola Xunta de Goberno Local, por canto que lle corresponde a este último órgano colexiado a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais con carácter previo ao seu sometemento ao debate e aprobación no Pleno (artigo 127.1, apartado a) da lei citada).

Debido á ausencia de contido económico da proposta de modificación do Regulamento obxecto do presente expediente, non resulta preceptiva a emisión de informe de fiscalización previa pola Intervención Xeral Municipal, ao abeiro do establecido no artigo 133.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En consecuencia, e en atención aos antecedentes, fundamentación xurídica e réxime competencial exposto; coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, e previa a aprobación pola Xunta de Goberno Local, elévase ao Pleno do Concello a seguinte PROPOSTA...:

Deseguido os funcionarios informantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

En data 8 de novembro de 2013, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto para a modificación do Regulamento de funcionamento do Comité de Seguridade e Saúde Laboral do Concello de Vigo.

No prazo establecido os grupos municipais non presentaron emendas.

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2013, ditaminou favorablemente o proxecto e a proposta de aprobación.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito adoptase o seguinte,

ACORDO:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Regulamento de funcionamento do Comité de Seguridade e Saúde Laboral do Concello de Vigo, segundo anexo documental denominado “anexo I”, que forma parte inseparable e inherente ao presente acordo.

Segundo.- Dispoñer a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, aos efectos de cumprimentar o período de información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de 30 días contemplado no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, significando que, segundo o mesmo precepto, se non constase a presentación de reclamacións contra o presente acordo, se entenderá definitivamente aprobado o mesmo”.

ANEXO I

REGULAMENTO RECTOR DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DO CONCELLO DE VIGO

Artigo 1.- Obxecto e definición.

O comité de seguridade e saúde laboral, no sucesivo (CSSL) é o órgano paritario e colexiado de participación destinado á proposta e consulta, debate e interpretación regular e periódico, das actuacións relacionadas coa política de prevención do Concello de Vigo e as sinaladas especificamente no capítulo V da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais (en adiante, LPRL) e conseguintes actualizacións, así como en toda a normativa referida á información e participación dos/das empregados/as públicos/as municipais en materia de seguridade e saúde laboral.

Artigo. 2.- Ámbito de aplicación.

O presente regulamento incide de forma directa no funcionamento interno do CSSL, réxime de adopción de acordos e funcións e competencias dos seus membros.

Artigo. 3.- Estrutura e composición

1.O CSSL está formado polos/as delegados/as de prevención, dunha parte, e polos/as

representantes nomeados/as pola administración, en número igual ó dos/as delegados/as de prevención, da outra, máis un/unha Presidente/a e un/unha secretario/a en virtude do disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A tódolos efectos legalmente previstos, o CSSL terá a condición de comité intercentros.

Para garantir a representación de tódolos colectivos vinculados a centros de traballo nos que existan 50 ou máis empregados/as públicos/as municipais, formarán parte do comité, os/as empregados/as públicos/as municipais que ocupen os seguintes postos de traballo: xefe/a da área de servizos xerais, xerente/a parque central Santa Cristina, xefe/a da área de seguridade e mobilidade, superintendente xefe/a da policía local e xefe/a da área de réxime interior. No caso de que os ditos postos sexan modificados ou amortizados por calquera causa sobrevida ou por motivos organizativos da Administración Local de Vigo, serán substituídos polo empregado/a público/a municipal que figure adscrito ao posto de traballo equivalente, que figure na RPT municipal vixente en cada momento.

2.O/a presidente/a do CSSL será o/a Concelleiro/a que teña delegadas as competencias en materia de seguridade e saúde laboral.

3.O nomeamento dos/as representantes da administración así como dos/as seus/súas suplentes será potestade do/a Concelleiro/a que teña delegadas as competencias en materia de persoal en cada momento.

4.Asistirá como Secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da administración local con habilitación de carácter estatal pertencente á subescala de secretaría, clase superior, que teña a condición de titular da fe pública municipal nos termos da lexislación vixente, ou ben un/unha funcionario/a en quen delegue, que en todo caso deberá ser un/unha técnico/a de administración xeral (rama xurídica).

5.Asistirán, con voz pero sen voto, os/as técnicos/as do servizo propio de prevención de riscos laborais do concello de Vigo, que exercerán funcións específicas de asesoramento técnico especializado.

6.Poderán asistir, con voz pero sen voto, os/as delegados/as sindicais, os/as empregados/as públicos/as municipais que contan cunha especial cualificación ou información respecto das cuestións concretas que se debatan, así como técnicos/as alleos/as ó concello de Vigo, sempre que así o solicite algunha das partes do CSSL.

7.En caso de vacante, ausencia ou enfermidade acudirán ás reunións do CSSL os/as suplentes, nomeados/as previamente por resolución do órgano competente para a súa designación.

Artigo. 4.- Competencias e facultades do CSSL

1.O CSSL, como órgano de participación para a proposta, consulta regular e periódica sobre prevención de riscos laborais, coñecerá acerca de todas as cuestións relacionadas coa política preventiva do concello de Vigo, en uso das competencias e facultades atribuídas no art. 39 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, que se concretan en:

1.Participar na elaboración, posta en práctica e avaliación dos planes e programas de prevención de riscos do concello de Vigo, o que implica competencias para debater sobre:

1. a elección da modalidade organizativa en materia de riscos laborais;

2.a xestión realizada polas entidades especializadas coas que o concello de Vigo teña concertada a realización de actividades preventivas;

3.os proxectos en materia de planificación, organización do traballo e introdución de novas tecnoloxías, organización e desenvolvemento das actividades de protección e prevención a que se refire o artigo 16 da Lei 31/1995;

4.o proxecto e organización da formación en materia preventiva.

2.Promover iniciativas sobre métodos e procedementos para a efectiva prevención de riscos, proponendo ó concello de Vigo a mellora das condicións ou a corrección das deficiencias existentes.

3.Coñecer directamente a situación relativa á prevención de riscos nos centros de traballo, realizando as visitas que estimen oportunas.

4.Coñecer cantos documentos e informes relativos ás condicións de traballo sexan necesarios para o cumprimento das súas funcións, así como os procedentes da actividade do servizo de prevención propio.

5.Coñecer e analizar os danos producidos na saúde ou na integridade física dos/as empregados/as públicos/as municipais, para valorar as súas causas e propoñer as medidas preventivas oportunas.

6.Coñecer e informar a memoria e programación anual dos servizos de prevención.

7. Realizar reunións conxuntas cos CSSL doutras empresas ou administracións públicas no caso de desenvolvemento simultáneo de actividades nun centro de traballo.

Calquera outra competencia relacionada co ámbito material ou competencia expresamente atribuída por calquera dos órganos municipais competentes, ou que lle sexa atribuída expresamente pola lexislación en materia de prevención de riscos laborais, pola lexislación de réxime local ou por outra lexislación que resulte de concordante aplicación.

Artígo. 5.- Funcións do/a presidente/a do CSSL

1. Corresponde ó/a presidente/a do CSSL do concello de Vigo:

a) Ostentar a representación do órgano.

b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e o establecemento da orde do día, tendo en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros formuladas como mínimo con 5 días de antelación.

c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.

d) Dirimir os empates, en base ás competencias delegadas en materia de seguridade e saúde laboral.

e) Asegurar o cumprimento das leis.

f) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.

g) Impulsar a tramitación e execución dos acordos adoptados no seno do CSSL.

h) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Presidente do CSSL.

2. No caso de vacante, ausencia, enfermidade, ou outra causa legal, o/a Presidente/a será substituído/a seguindo o réxime de substitución previsto na lexislación de réxime local para concelleiros/as delegados/as.

Artígo. 6.- Funcións do/a secretario/a

Corresponde ó/a secretario/a do CSSL

a) Asistir ás reunións con voz pero sen voto.

b) Efectuar a convocatoria das sesións por orde do/a seu/súa Presidente/a, así como as citacións ós membros do CSSL.

c) Recibir dos membros do CSSL os actos de comunicación, notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.

d) Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.

e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

f) Custodiar a documentación relativa ó CSSL.

g) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario/a, incluíndo informar aos membros do CSSL sobre o estado dos acordos adoptados na anterior acta aprobada.

Artígo. 7.- Funcións dos membros

1. Corresponde ós membros do CSSL do concello de Vigo:

a) Recibir, cunha antelación mínima de cinco días para as sesións ordinarias e máxima de corenta e oito horas para as extraordinarias, a convocatoria contendo a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará á súa disposición en igual prazo.

b) Participar nos debates das sesións.

c) Exercer o seu dereito ó voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

Non poderán absterse nas votacións quen pola súa calidade de autoridade ou persoal ao servizo das Administracións Públicas, teñan a condición de membros do CSSL.

d) Formular rogos e preguntas.

e) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.

f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de membro do CSSL

Artigo. 8.- Convocatoria e sesións

1. As reunións do CSSL poden ser:

1) Reunións ordinarias. O CSSL reunirse en sesión ordinaria cunha periodicidade mínima de unha sesión cada tres meses.

2) Reunións extraordinarias. Extraordinariamente, poderase reunir o CSSL cando concorran algunhas das seguintes circunstancias:

a) A instancias do/a presidente/a, con base na urxencia dos asuntos a tratar.

b) Cando se produzan sancións á administración por incumprimento en materias relacionadas coa prevención de riscos laborais.

c) Cando se produza un accidente cualificado como grave ou mortal.

d) Cando o solicite algunha das partes, previa xustificación da urxencia.

2. As convocatorias das sesións ordinarias, con expresión da orde do día enviaranse cunha antelación mínima de cinco días á data de celebración. Previamente, o/a secretario/a efectuará un anuncio da convocatoria cunha antelación mínima de dez días, para que as partes podan efectuar a súa proposta da orde do día que, en todo caso, será incluída.

As convocatorias das sesións extraordinarias efectuaranse cunha antelación máxima de corenta e oito horas.

3. Para a válida constitución, a efectos da celebración das sesións, deliberacións e adopción de acordos, se requirirá a presenza do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou no seu caso, de quen lle substitúa, e polo menos a metade dos membros de cada parte.

Para a segunda convocatoria se estará ao disposto na lexislación vixente en materia de réxime local en canto aos procedementos de adopción de acordos nos órganos de carácter colexiado, e normativa rectora do procedemento administrativo local.

Artigo. 9.- Adopción de acordos

1. Os acordos serán adoptados por maioría de votos, nos termos do establecido no artigo 26. 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. No poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estén presentes tódolos membros do CSSL e se declare a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

3. Poderase facerse constar na acta a manifestación contraria ó acordo adoptado, por parte dalgún dos seus membros, e os motivos que a xustifiquen.

4. Os acordos adoptados polo CSSL serán trasladados ó órgano competente do concello de Vigo, aos efectos que procedan en relación co réxime de atribución competencial establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ou normativa de concordante aplicación.

5. Aqueles asuntos sobre os que o CSSL tome unha determinación ou obteña unha solución definitiva non poderán ser reiterados salvo que se evidencien novos aspectos que non foran contemplados con anterioridade.

Artigo. 10.- Aprobación das actas

1. O/a Secretario/a levantará acta de cada sesión, que especificará necesariamente aos asistentes, a orde do día, lugar de celebración, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebre, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

2. Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros do CSSL, o voto contrario ao acordo adoptado, ou o sentido do seu voto favorable. Calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que aporte no acto, ou no prazo que sinala o/a Presidente/a, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose constar na acta ou uníndose copia á mesma.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ó texto aprobado.

4. Cando os membros do órgano voten en contra, quedarán exentos da responsabilidade que, no seu caso, poda derivarse dos acordos.

5. As actas se aprobarán na mesma ou na seguinte sesión, podendo non obstante emitir o/a Secretario/a certificación sobre os acordos específicos que se adopten, sen prexuízo da posterior aprobación da acta.

6. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta se fará constar expresamente tal circunstancia.

Artigo. 11. Responsabilidades e obrigas

1. As responsabilidades e obrigas do CSSL en materia de prevención de riscos laborais serán as que se contemplan na lexislación vixente.

2. Os/as compoñentes e asistentes ó CSSL gardarán o correspondente sivilo profesional das informacións a que tivesen acceso como consecuencia da súa actuación como membros do órgano colexiado, nos termos do establecido nos artigos 52 a 54 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Artigo. 12.- Aprobación do presente Regulamento

1. A aprobación e modificación do presente regulamento corresponderá ó órgano municipal competente, nos termos da lexislación de réxime local .

Disposición Adicional

En todo o non recollido expresamente neste regulamento serán de aplicación as previsións contidas na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, no seu desenvolvemento regulamentario e na lexislación sectorial ou específica de aplicación; lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e conseguíntes modificacións; Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e demais normativa específica do sector público local susceptible de aplicación supletoria.

Disposición Derogatoria

Quedan derogados os regulamentos, actos e acordos que se opoñan ao contido das presentes normas regulamentarias.

Disposicion Final

O presente regulamento entrará en vigor aos 15 días contados dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, nos termos do disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril.

3.2(233).-APROBACIÓN INICIAL DA RECTIFICACIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS ANULANDO A INSCRIPCIÓN COMO VÍA PÚBLICA DO RAMAL 2 DO CAMIÑO CERDEIROS-BEMBRIVE. EXPTE. 19598/240 (793/1101). APROBADA.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de novembro de 2013, o xefe do Servizo de Patrimonio, co conforme da concelleira delegada de Patrimonio, emite o seguinte informe-proposta,

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).

Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).

Lei 1/2001, de 7 de enero, de Enxuízamento Civil (LEC).

Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- D. Saturnino Jardon Losada presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7/12/2012, solicitando a descatalogación do tramo final do ramal do camiño Cerdeiros, na parroquia de Bembrive nunha lonxitude de 40 m, o considerar que se trata dunha propiedade privada, dacordo coa documentación que achega ó expediente.

Segundo.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos

técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

Informe do Arquitecto municipal da Oficina Técnica de Patrimonio de data 31.05.2013 no que sinala que no IMBD figura grafiado como público e reseñado nas fichas de características como R-2 do Camiño Cerdeiros con orixe no cño. de Cerdeiros e remate en finca particular, cunha lonxitude de 100 ml e ancho de 2 mts.

Informe do Servizo de Fomento, de data 19.9.2013, consonte nese tramo do camiño non existen servizos urbanísticos de saneamento, abastecemento, pavimentado nin calqueira outro. Non levase a cabo mantemento algun no lugar por parte do servizo.

Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 19.9.2013, no que sinala que dito tramo de camiño non ten instalacións de iluminación pública.

Informe do Servizo de Limpeza, de data 24.9.2013, consonte non se presta o servizo de recollida de lixo nin o de limpeza viaria.

Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 24.09.2013, no que sinala que consultado a os colindantes estes aseguran que o camiño solo chegaba ata a entrada da propiedade coa ref. Catastral 54057A13600053, polo que a seu criterio deberase recortar do inventario ata a mencionada propiedade nun tramo de 40,00 ml.

Terceiro.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia a Entidade Local Menor de Bembrive, e propietario da parcela colindante, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que poideranse ver afectados pola solicitude de descatalogación plantexada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulándose alegacións por D. Celso Abalde Bastos, en data 21.10.2013 nas que manifesta a súa conformidade coa descatalogación do tramo de camiño solicitado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como Cño. Cerdeiros ramal 2, na parroquia de Bembrive, con inicio no Cño. Cerdeiros e remate en finca particular, dunha lonxitude de 100 ml, sección de 2 mtrs, como ben de dominio público afecto ó uso público e, en súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do Ramal 2 Cño. Cerdeiros. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopan afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización

xeral cuja conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopáse a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación se seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicabeis non o exísen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso ; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordeamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dandoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdicción civil.

Neste senso, trala instrucción do expediente e a teor do informado polos servicios municipais podese considerar que no presente caso tratase dun camiño que non serve de comunicación con outras vías públicas, rematando nunha finca particular, e que no tramo obxecto de expediente, carece de servicios urbanísticos, alumeadado público, no que o Concello non fai labores de mantemento nin presta os

servicios de limpeza ou da recollida de lixo, informándose favorablemente a rectificación do derradeiro tramo nunha lonxitude de 40 ml (servicio de cartografía da XMU), así como polo veciño colindante,

Conseguentemente co exposto, e circunscibíndose o que é obxecto da resolución administrativa a adoptar, podese deducir a súa incorrecta inclusión no epígrafe I Inmobles-Viais do IMBD, ó non responder na realidade a un camiño de uso público de titularidade municipal, resultando conseguentemente pertinente a rectificación inventarial dando de baixa dito tramo final, sen que en modo algún supoña atribución ou recoñecemento da propiedade ou titularidade dominical do camiño a prol de terceiros.

Quinto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa presentada. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).

En mérito ó exposto, se propón ó Pleno Municipal, previo informe da Secretaria de Admon. Municipal, e da correspondente Comisión informativa, a adopción do seguinte acordo...”

Deseguido, o funcionario formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 20 de novembro de 2013, o Secretario Xeral do Pleno emite informe conforme á proposta.

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2013, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición como via pública, no epígrafe I Inmobles-Vias, o tramo final do ramal 2 do Cño. Cerdeiros, nunha lonxitude de 40 ml, sito na

parroquia de Bembrive, do termo municipal de Vigo.

2º.- Somete-lo expediente a información pública durante o prazo de un mes os efectos de resolver eventuais reclamacións.

3º.-O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral. ”

3.3(234).-APROBACIÓN INICIAL DA RECTIFICACIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, ANULANDO A INSCRICIÓN COMO VÍA PÚBLICA DO RAMAL 2 DA RÚA RIVEIRO-CABRAL. EXPTE. 19569/240 (792/1101). APROBADA.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de novembro de 2013, o xefe do Servizo de Patrimonio, co conforme da concelleira delegada de Patrimonio, emite o seguinte informe-proposta,

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).

Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).

Lei 1/2001, de 7 de enero, de Enxuízamento Civil (LEC).

Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Da. Ana Rosa Rodriguez Fernandez presenta escrito, con data

de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18.07.2012, solicitando a desafectación do camiño que correspondese co ramal 2 de Riveiro, na parroquia de Cabral, o considerar que se trata dun camiño da súa propiedade, de acordo coa documentación que achega ó expediente.

Segundo.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedimentais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

Informe do Arquitecto municipal da Oficina Técnica de Patrimonio de data 27.07.2012 no que sinala que non consta de servizos públicos, e atopase pechado por portalón, non resultando afectado polas alienacións do Plan Xeral vixente, e sen figurar no catastro nin ter remate en ningún outro camiño.

Informe do Servizo de Fomento, de data 18.03.2013, consonte non consta nos arquivos desa unidade de vías e obras actuación algunha no camiño, atopándose bloqueado por sendos portais.

Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 29.05.2013, conforme consultada a cartografía do voo Lecar do ano 1969 aparece grafiado o camiño, e consultado os planos do catastro forma parte da parcela correspondente a Da. Ana Rosa Rodriguez Fernandez.

Informe do Servizo de Limpeza, de data 5.11.2013, sinalando que nese tramo non se presta nin o servizo de recollida de lixo nin o de limpeza viaria.

Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 11.03.2013, no que sinala que dito tramo de camiño non ten instalacións de iluminación pública.

Terceiro.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia a AAVV de Sta. Mariña de Cabral, e propietarios de parcelas colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que poideranse ver afectados pola solicitude de descatalogación plantexada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulándose alegacións por Da. Teresa de Jesus Docampo Luis nas que manifesta que é propietaria de casa con terreo unido a resalidos do que forma parte o camiño obxecto de expediente de desafectación; Camiño privado que resulta de feitos como é que a finca nº 33 da rua Riveiro ten unha servidume de luces e vistas sobre o camiño, consentida polo seu pai; ou dun uso particular do mesmo que fan os veciños para acceder as súas fincas, tendo dun portal de entrada; ou na non existencia de servizos públicos, polo que solicita a súa exclusión do inventario municipal

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como rua Riveiro ramal 2, na parroquia de Cabral, con inicio na rua Riveiro e remate na

finca particular nº 37, dunha lonxitude de 34 ml, sección de 3 mtrs, como ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do Ramal 2 Rua Riveiro. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopáse a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destiño ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación se seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicabeis non o exísen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso ; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordeamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no

epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dando de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdicción civil.

Neste senso, trala instrucción do expediente e a teor do informado polos servizos municipais podese considerar que no presente caso tratase dun camiño que non serve de comunicación con outras vías públicas, rematando nunha finca particular e carente de servizos urbanísticos, no que o Concello non fai labores de mantemento nin presta os servizos de limpeza ou da recollida de lixo, e considerado polos veciños de carácter particular e non público. O PXOM vixente non fixa alineacións nese ramal, constando como terreo integrado nunha parcela catastral nos Planos do Catastro.

Conseguentemente co exposto, e circunscibíndose o que é obxecto da resolución administrativa a adoptar, podese deducir a súa incorrecta inclusión no epígrafe I Inmobles-Viais do IMBD, ó non responder na realidade a un camiño de uso público de titularidade municipal, resultando conseguentemente pertinente a rectificación inventarial dando de baixa, sen que en modo algún supoña atribución ou recoñecemento da propiedade ou titularidade dominical do camiño a prol de terceiros.

Quinto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa presentada. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).

En mérito ó exposto, se propón ó Pleno Municipal, previo informe da Secretaria de Admon. Municipal, e da correspondente Comisión informativa, a adopción do seguinte acordo...”

Deseguido, o funcionario formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 20 de novembro de 2013, o Secretario Xeral do Pleno emite informe conforme á proposta.

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2013, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da

Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Vías, o ramal 2 da Rúa Riveiro, na parroquia de Cabral do termo municipal de Vigo.

2º.- Somete-lo expediente a información pública durante o prazo de un mes os efectos de resolver eventuais reclamacións.

3º.-O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral. ”

3.4(235).-MODIFICACIÓN DAS RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS QUE TEN ASIGNADAS A TITULAR DO ÓRGANO DE APOIO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL-SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL. EXPTE. 24758/220 (812/1101). APROBADA.

ANTECEDENTES.- Con data 27 de decembro de 2013, a xefa da Área de Réxime Interior emite o seguinte informe-proposta,

“ANTECEDENTES.-

1.- Instrucción de servizo do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, remitido no día da data a este servizo que literalmente dí:

“A Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local introduciu, para os coñecidos como municipios de gran poboación, como é o de Vigo, importantes cambios no esquema organizativo e funcional,

entre outros, para os postos correspondentes a Funcionarios con habilitación de carácter estatal, Subescala de Secretaría en relación co réxime tradicional recollido no Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e posteriormente incorporado á Lei 7/2007, do 14 de abril, pola que se aproba o Estatuto do Empregado Público.

Como consecuencia de dito réxime desglosáronse as funcións tradicionalmente encomendadas á Secretaría Xeral en dous postos, Secretaría Xeral do Pleno e Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local (Secretaría de Goberno Local segundo as Instrucións de plantilla municipais) sen perxuízo da existencia doutros postos correspondentes a órganos de colaboración, en consonancia co novo esquema no que a Xunta de Goberno Local pasa a ostentar, como órgano colexiado de natureza eminentemente executiva, o groso das competencias municipais, sen perxuízo de cantas lle corresponden ao Alcalde-Presidente e aos Concelleiros Ddos. como órganos unipersoais. En aplicación do disposto na Disposición Transitoria Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Secretario Xeral pasa a desempeñar o posto de Secretario Xeral do Pleno e o Vicesecretario pasa a desempeñar o posto de Titular do Órgano de Apoio á XGL.

Coa organización deseñada pola norma a Secretaría do Goberno Local configúrase non só como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local senón tamén ao concelleiro-secretario da mesma, sendo as súas funcións as seguintes:

- a) A asistencia ao concelleiro-secretario da XGL.
- b) A remisión das convocatorias aos membros da XGL.
- c) O arquivo e custodia das convocatorias, ordes do día e actas das reunións.
- d) Velar pola correcta e fiel comunicación dos seus acordos.

Asimesmo, en aplicación da Disposición Adicional Oitava LRRBL as funcións de fe pública dos actos e acordos dos órganos unipersoais e as demais funcións de fe pública serán exercidas polo titular do órgano de apoio ao secretario da Xunta de Goberno Local, sen perxuízo de que poida delegar o seu exercizo noutros funcionarios do Concello, coas salvedades recollidas no citado precepto.

Dito grupo de funcións conlevar o desenvolvemento de competencias transversais coa totalidade da organización municipal, sen perxuízo das funcións reservadas legalmente ao Titular da Asesoría Xurídica, tanto polo volume de expedientes administrativos que un Concello coa poboación e entidade como o de Vigo representa, como pola natureza e características dos mesmos. Todo sen esquezener o funcionamento da XGL como órgano colexiado, que celebra sesión ordinaria todas as semanas, así como cantas sesións extraordinarias e urxentes resulte necesarias, nunha liña de traballo dinámica tal e como se pode comprobar nas actas de dito órgano.

A atribución de retribucións aos postos de Secretaría no Concello de Vigo realizábase en consideración á existencia, con anterioridade á entrada en vigor da Lei 57/2003, e a conseguinte modificación da Lei 7/1985, dun posto de Secretario e un de Vicesecretario, con relación de xerarquía entre eles, e unha considerable diferenza de funcións obxecto de reserva legal, de ahí a atribución de distinto código en relación co complemento específico, tal e como correspondía ante a distinta carga nos elementos definatorios do mesmo. Dita circunstancia deu orixe a que na vixente Relación de Postos de Traballo, aprobada pola Xunta de Goberno Local, recolla unha distorsión na atribución do complemento específico ao posto de Secretaría de Goberno Local, código 2, cando en atención ao exposto corresponde a atribución do código 1, ao non terse producido a regularización correspondente ás novas características do posto, no momento de entrada en vigor da norma. Para a axeitada comprensión da necesidade de proceder á súa modificación debemos lembrar que o complemento específico constitúe unha retribución de carácter complementario mediante a que se retribúen as condicións particulares do posto de traballo, concretamente, a especial dificultade técnica, responsabilidade, adicación, así como a incompatibilidade esixible para o desenvolvemento de determinados postos de traballo ou as condicións en que se desenvolve o traballo.

Do exposto resulta evidente o cambio que se ten experimentado no posto de traballo, Titular do Órgano de Apoio á XGL, cambio referido á súa transformación de Vicesecretaría, con funcións de apoio e colaboración, á Secretaría do Goberno Local, cun núcleo de funcións propias definidas legalmente, nas que se dan obxectivamente as condicións de maior responsabilidade e adicación, entre outras, habida conta da súa natureza, alcance e contido, así como do propio núcleo competencial que lle corresponde á Xunta de Goberno Local, ao abeiro do disposto no artigo 127 LRRL e competencias delegadas, así como as correspondentes aos órganos unipersoais.

Corresponde ao Pleno da Corporación a modificación do cadro de persoal orzamentario nos termos indicados na normativa reguladora das facendas locais, e á Xunta de Goberno Local a aprobación da relación de postos de traballo, fixándose nesta as retribucións segundo o réxime establecido, neste caso, o complemento específico, en congruencia co réxime sinalado.

Polo que, en atención ás consideracións previamente expostas, iniciase expediente para a inclusión no Cadro de Persoal Orzamentario do complemento específico código 1 ao posto 110.02, Secretaría de Goberno Local.”

No expediente consta informe da técnica de Formación e Avaliación que literalmente di:

“As retribucións dos postos configurados para ser ocupados por funcionarios con habilitación de carácter estatal que figuran no cadro de persoal orzamentario do

Concello de Vigo, aprobadas polo Pleno do Excmo Concello de Vigo, na sesión celebrada o 30 de xaneiro de 2013, no que se aproba con carácter definitivo o Orzamento Xeral do Concello e os seus Organismos Autónomos Administrativos (Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo-Zoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo) e publicado no Boletín Oficial da Provincia N^o 27 de 7 de febreiro de 2013.son as seguintes:

COD POSTO	POSTO	CD	CD ANUAL	Codg CE	CE ANUAL	BASICAS	TOTAL
1	SECRETARIO/A XERAL PLENO	30	13.562,50 €	1	48.161,26 €	14.677,32 €	76.401,08 €
2	INTERVENTOR/A XERAL MUNICIPAL	30	13.562,50 €	1	48.161,26 €	14.677,32 €	76.401,08 €
3	SECRETARIO/A GOBERNO LOCAL	30	13.562,50 €	2	42.102,76 €	14.677,32 €	70.342,58 €
4	TESOUREIRO/A	30	13.562,50 €	2	42.102,76 €	14.677,32 €	70.342,58 €
305	SECRETARIO/A ADMON MUNICIPAL	30	13.562,50 €	2	42.102,76 €	14.677,32 €	70.342,58 €
283	INTERVENTOR/A ADXUNTO	30	13.562,50 €	2	42.102,76 €	14.677,32 €	70.342,58 €
7	VICEINTERVENTOR/A MUNICIPAL	30	13.562,50 €	2	42.102,76 €	14.677,32 €	70.342,58 €

Coas mesmas retribucións dos postos Codg 1 “Secretario/a Xeral do Pleno” e do Codg 2 “Interventor/a Municipal”, figura o posto Codg 5 “Titular da Asesoría Xurídica”, órgano institucional de carácter directivo, fixadas polo Pleno do Concello en sesión de data 23 de febreiro de 2004:

COD POSTO	POSTO	CD	CD ANUAL	Codg CE	CE ANUAL	BASICAS	TOTAL
5	TITULAR ASESORIA XURIDICA	30	13562,50 €	1	48161,26 €	14677,32€	76401,08€

A modificación do importe do Complemento específico do posto Codg 3 de Secretario/a do Goberno Local sinalado, supón un incremento no mesmo de 6058,50 € anuais, polo que no caso considerarse o mesmo, débese proceder a realización das oportunas transferencias de crédito ao obxecto de dar a cobertura orzamentaria a referida proposta de modificación retributiva”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

I.- A instrución do concelleiro-delegado que consta literal no antecedente primeiro, de modificación do cadro de persoal orzamentario, concrétese na solicitude dun incremento retributivo para o posto de Secretaría do Goberno Local-Órgano de Apoio a Xunta de Goberno Local, consistente na modificación das retribucións complementarias, en concreto do complemento específico asignado a dito posto que pasa do código n^o 2 que ten asignado actualmente por importe anual de 42,102,76 €, ao código n^o 1 que conleva unha retribución anual de 48.161,26 €; supoñendo en consecuencia un incremento nas retribucións complementarias de 6.058,50 € anuais. .

As razóns xustificativas para dito incremento están recollidas amplamente na

instrucción do concelleiro-delegado que motiva este expediente. Tratándose únicamente dunha modificación das contias retributivas asignadas a un posto xa existente no cadro de persoal, non se extingue nin crea ex novo posto algún; polo que a modificación solo conleva un incremento retributivo para dito posto.

II.- O posto de Secretaría do Goberno Local-Titular de Apoio a Xunta de Goberno Local, ten a consideración de órgano directivo municipal, de conformidade co disposto no artigo 130-1, apartado B) da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro de Medidas para Modernización do Goberno Local, o fixar os órganos directivos establece:

B) Órganos directivos:

- “a) Los coordinadores generales de cada área o concejalía.
- b) Los directores generales u órganos similares que culminen la organización administrativa dentro de cada una de las grandes áreas o concejalías.
- c) El titular del órgano de apoyo a la junta de Gobierno Local y al concejal-secretario de la misma.
- d) El titular de la asesoría jurídica.
- e) El Secretario general del Pleno.
- f) El interventor general municipal.
- g) En su caso, el titular del órgano de gestión tributaria”

III.- A competencia en materia de asignación de retribucións dos órganos directivos ven atribuída de forma expresa e concreta ao Pleno da Corporación nos municipios sometidos ao réximen xurídico e organizativo de grande poboación como o de Vigo, xa que o artº 123 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro de Medidas para Modernización do Goberno Local, ao determinar as competencias que corresponden ao Pleno, inclúe no seu apartado n) expresamente:

“Establecer el régimen retributivo de los miembros del Pleno, de su secretario general, del Alcalde, de los miembros de la Junta de Gobierno Local y de los órganos directivos municipales”

Resulta obvio que o órgano competente para establecer o réxime retributivo e o mesmo competente para a modificación das contias inicialmente asignadas.

O acordo plenario adoptárase por maioría simple, de conformidade co apartado 2 do mesmo artigo 123 da Lei de Bases de Réxime Local.

Polo exposto, propónse ao Pleno da Corporación, previo informe da Intervención Municipal e dictame da comisión informativa de Xestión Municipal, a adopción do seguinte...”

Deseguido, a funcionaria formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 30 de decembro de 2013, o interventor xeral do Concello emite informe favorable que consta no expediente:

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2013, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Nós vimos o expediente deste punto, un expediente con informe de Intervención bastante longo porque había algunhas dúbidas sobre as competencias para aprobar esta modificación das retribucións deste cargo, e nós queremos clarexar que nós non nos opoñemos á xusta retribución do traballo. O que si é certo que nun momento como este coa situación económica que estamos atravesando e cos importantes recortes no poder adquisitivo do funcionariado tamén, si que é certo que nos cuestionamos a necesidade de encher as administracións de cargos con funcións directivas políticas, con elevados tamén para as arcas municipais e mesmo nun Concello como o de Vigo cun elevado volume de xestión, entendemos que é preciso buscar a eficiencia dos recursos. Buscar a eficiencia dos recursos evidentemente non é non recoñecerlle as retribucións correspondentes aos seus postos de traballo e competencias, senón que é preciso analizar e facer casar as necesidades da administración e os recursos cos que se contan xa, e tamén por suposto, avanzar no diálogo cos representantes sindicais e que as mesas de negociación da RPT non sexan simplemente informativas sobre as decisións que toma o goberno senón que sexan realmente mesas de negociación cos sindicatos.

Neste caso concreto que non é un caso que fose á mesa de negociación da RPT, estamos falando ademais dun incremento do salario que chega a un salario de 76.000 euros ao ano, é dicir estamos falando dun salario realmente elevado e nós non imos cuestionar que sexa o salario que corresponde ao cargo que ocupa esta persoa, pero si que é certo que co que está caendo aí fora, co desprestixio

tamén fronte a cidadanía dos cargos políticos e do funcionariado que está sendo ademais interesadamente alimentado polos sectores máis conservadores e neoliberais, nós cremos que hai que pensalo dúas veces antes de nomear cargos sostidos con cartos públicos.

Non nos imos opoñer por suposto á homoxeneización dos salarios dos cargos, pero entendemos tamén que é o momento de buscar a eficiencia dos recursos para ofrecer un mellor servizo á cidadanía e garantir as retribucións de todo o funcionariado que está sendo moi castigado tamén polos recortes do Partido Popular nos últimos tempos.

VOTACIÓN: Con vinteún votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Modificar as retribucións complementarias que ten asignadas o órgano directivo Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local-Secretaría do Goberno Local, consistente en incrementar o complemento específico asignado ao posto que pasa do código retributivo “2” ao “1” o que supón un incremento anual de 6.058,50 €.

Segundo.- Ordear a execución das transferencias de crédito necesarias, no caso de insuficiencia de créditos presupostarios, a fin de materializar o incremento aprobado, así como a correspondente modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT), asignando o novo código retributivo do complemento específico a

dito posto.

3.5(236).-DENOMINACIÓN DO TRAMO QUE VAI DENDE A TRAVESÍA DE VIGO Nº 202 ATA O CAMIÑO TRONCAL Nº 24, CO NOME DE “VENTURA GONZÁLEZ PRIETO”. EXPTE. 14328/331 (813/1101). APROBADA.

ANTECEDENTES.- Con data 2 de xaneiro de 2014, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, Sr. López Font, formula o seguinte informe-proposta,

“O decreto da Alcaldía do Concello de Vigo de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de febreiro do 2013 de delegación de competencias nos concelleiros, establece na Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas e Museos a competencia seguinte, entre outras:

“15. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes correspondentes.”

Visto o informe que antecede do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural de data 02/01/2014.

E trala consulta mantida ás 13:00 h do día 02/01/2014 polos concelleiros designados por cada grupo político municipal na subcomisión previa á Comisión de Cultura, Sr. Santiago Domínguez (BNG), Sr. Carlos López (PSOE) e Sr. Roberto Relova (PP), acordouse por unanimidade a concesión da presente distinción.

Polo exposto propónse ao PLENO da corporación...”

Deseguido o concelleiro delegado formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte

ACORDO:

Denominar co nome de Ventura González Prieto, correspondente ao tramo que vai dende a Travesía de Vigo nº 202 ata o Camiño Troncal nº 24. Incluir a denominación no rúeiro municipal.

3.6(237).-APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA E AVALIACIÓN DAS EDIFICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8537/428 (802/1101). APROBADA.

ANTECEDENTES.- Con data 5 de decembro de 2013, a técnica de Admón. Xeral co conforme da arquitecta xefe do Servizo da ITE e da Xerente de Urbanismo, formula o seguinte informe-proposta,

“Consonte co disposto no Decreto de 27 de novembro de 2013 da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos históricos e Grandes Proxectos do Concello de Vigo no que se resolve incoar expediente administrativo para a tramitación e aprobación da modificación da Ordenanza de inspección técnica de edificacións do Concello de Vigo, e seguindo instrucións da xefa do servizo, procede a emisión do informe-proposta requerido.

ANTECEDENTES DE FEITO

O presente informe xurídico emítese de conformidade co artigo 89 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado inicialmente en data 31/05/2010 e elevada a definitiva a súa aprobación segundo resolución de data 11/08/2010 (BOP nº180 do 17/09/2010).

Para a elaboración do informe requerido, consta no expediente tramitado co número 8537/428 Decreto da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos históricos e Grandes proxectos de 27 de novembro de 2013 e o proxecto da ordenanza elaborado baixo a dirección da xefatura do servizo correspondente.

MARCO NORMATIVO

O artigo 9 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA), obriga ós propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificacións e instalacións a destinalos ós usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio e da rehabilitación. En

termos semellantes exprésase o artigo 9 do RDLex.2/2008 do 20 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

Ademais, o artigo 200 da LOUGA, establece o deber dos concellos galegos de regular mediante ordenanza municipal a obriga de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales como a disciplina urbanística, o patrimonio histórico-artístico, a protección do medio ambiente e da salubridade pública (art. 25.2.d) e f) e h) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (Lei 7/1985 de 2 de abril, LRBRL).

As ordenanzas municipais, en tanto que son disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais (art. 4.1.a) da LRBRL e do RD.2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e 6.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

Neste marco normativo, aprobouse definitivamente en sesión ordinaria do Pleno desta Corporación do 01/04/2005, a Ordenanza Municipal Reguladora da Inspección Técnica de Edificacións deste Concello (BOP nº 93 do 16/05/2005) e a súa modificación foi aprobada definitivamente en sesión ordinaria do Pleno do Concello de 27/09/2010 (BOP nº 221 do 17/11/2010).

A necesidade de elaboración e aprobación dunha nova Ordenanza Reguladora da Inspección Técnica e Avaliación das Edificacións do Concello de Vigo, xustifícase pola evolución do marco normativo estatal, que fai necesaria unha profunda adaptación e reestructuración da actualmente vixente.

Neste aspecto, o RD.233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, unido á entrada en vigor da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, engade a necesidade de incorporar nun novo informe de inspección (Informe de Avaliación) a certificación de eficiencia enerxética do edificio (previamente esixida pola Directiva 2002/91 CE do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de decembro de 2002 e pola Directiva 2010/31 UE do Parlamento Europeo e do Consello do 19 de maio de 2010) e a avaliación das condicións básicas de accesibilidade universal (xa fixadas pola Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade), establecendo se o edificio é ou non susceptible de realizar axustes razoables para acadar a súa satisfacción.

CONTIDO DO PROXECTO DE ORDENANZA

O proxecto de «Ordenanza municipal reguladora da inspección técnica e avaliación das edificacións» estrutúrase formalmente nunha parte expositiva (Exposición de motivos) e nunha parte dispositiva, integrada por 14 artigos, 3 disposicións adicionais, 1 disposición derogatoria única e 2 disposicións finais.

Na Exposición de motivos e tra-lo exame da normativa aplicable, xustifícase a oportunidade e conveniencia de aprobar esta nova Ordenanza.

Nos artigos 1-14 establécese o seu fundamento e obxecto, os suxeitos obrigados, o informe de avaliación e o seu contido (estado de conservación, condicións de accesibilidade, certificado de eficiencia enerxética), fichas da edificación, prazos e forma de presentarse o informe e consecuencias, tanto do incumprimento da súa presentación como do resultado desfavorable do mesmo. Ademais, establece o contido mínimo a incluír no rexistro informático centralizado denominado "Rexistro de Inspección Técnica da Edificación".

Nas disposicións adicionais recóllese a documentación necesaria para a presentación dos proxectos técnicos achegados tra-la entrada en vigor da Ordenanza, a posibilidade de que a Xerencia Municipal de Urbanismo subscriba novos convenios de colaboración e o réxime de subvencións que poderá establecer o Concello de Vigo e ás que poderán acceder os propietarios que cumpran os requisitos fixados.

A disposición derogatoria única da nova Ordenanza derroga expresamente a vixente Ordenanza municipal reguladora da ITE, aprobada definitivamente en sesión plenaria do 27 de setembro de 2010 e en vigor desde o 1 de xaneiro de 2011.

Nas súas disposicións finais determínase a aplicación automática das normas de superior rango xerárquico que afecten ás materias reguladas nesta Ordenanza, a data de entrada en vigor e a vixencia indefinida en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

A Ordenanza inclúe como anexos os impresos normalizados (fichas e informes técnicos de avaliación), que non teñen carácter regulamentario, polo que poderán ser completados ou adaptados con posterioridade mediante a correspondente resolución do órgano competente pero sen necesidade de modificar a Ordenanza.

COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN

En virtude da potestade regulamentaria que teñen atribuída os entes locais consonte cos artigos 4.1.a) 25 e 26 e título IX da LRBRL, a competencia para a aprobación dos proxectos de Ordenanzas correspóndelle á Xunta de Goberno Local (art. 127.1) e ao Pleno Municipal a aprobación, inicial e definitiva, das Ordenanzas e Regulamentos Municipais (art. 123.1).

O procedemento para a aprobación da Ordenanza, de conformidade coa LRBRL e o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, e o seguinte:

- 1.-Aprobación do proxecto de Ordenanza pola Xunta de Goberno Local.
- 2.-Ditame do Consello de Xerencia da XMU (actuando coma comisión informativa do Pleno na materia urbanística).
- 3.-Aprobación inicial polo Pleno por maioría simple.
- 4.-Información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo mínimo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e/ou suxestións.

5.-Aprobación definitiva por maioría simple do Pleno do Concello con pronunciamento sobre as reclamacións e/ou suxestións presentadas en tempo e forma.

De non se presentar reclamacións e/ou suxestións no prazo indicado, entenderase elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial, como así resulta do disposto nos artigos 49.c) da LRBRL e 94 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, debéndose publicar no BOP de Pontevedra o texto íntegro da Ordenanza.

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ó Pleno da Corporación, por proposta do Consello de Xerencia da XMU e previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,..."

Deseguido, a funcionaria asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 13 de decembro de 2013, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto da "Ordenanza municipal reguladora da inspección técnica e avaliación das edificación do Concello de Vigo".

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 19 de decembro 2013, ditamina favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e catorce abstencións dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e mais dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a «ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA E AVALIACIÓN DAS EDIFICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO» elaborada polo Servizo de ITE da Xerencia Municipal de Urbanismo, segundo a redacción que consta no Anexo a este acordo.

SEGUNDO: Proceder á apertura dun período de información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo de trinta (30) días hábiles para a presentación de reclamacións e/ou suxestións.

TERCEIRO: Declarar que, consonte co establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar reclamacións ou suxestións no período de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose a publicación do texto íntegro da Ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que se efectúe a preceptiva publicación de conformidade co disposto no artigo 70.2 da LRBRL e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo corpo legal».

ANEXO

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA E AVALIACIÓN DAS EDIFICACIÓN DO CONCELLO DE VIGO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tradición urbanística española, coma xa se recoñeceu polo lexislador estatal, volcouse fundamentalmente na produción dunha nova cidade, descompensando o necesario equilibrio entre as ditas actuacións e as orientadas cara ás construcións existentes, que permiten intervir de maneira intelixente nas cidades. Na procura do benestar económico e social e garantindo a calidade de vida dos seus habitantes.

A crise económica e financeira, e o consecuente empobrecemento de moitas familias, presentan, a priori, un contexto desfavorable na busca destes obxectivos. Sen embargo, deberán aunarse esforzos para contribuír á construción dun modelo sostible amparado non só na busca da seguridade das construcións existentes, senón que tenda á rehabilitación, renovación e rexeneración urbanas.

O fomento da conservación da edificación continúa a ser unha das preocupacións da sociedade, tendo as corporacións locais a capacidade de adoptar medios de control eficaces para o mantemento das condicións básicas de conservación.

Pero esta capacidade non se limita a unha regulación inicial, senón que deberán instrumentarse os medios necesarios que se adapten ás normativas tanto estatais coma autonómicas que poidan xurdir co fin de realizar unha xestión continuada que

proporcione seguridade xurídica ós usuarios do mercado inmobiliario de vivendas existentes.

No marco dunha nova cultura de rehabilitación e mantemento, a inspección periódica das edificacións configúrase coma unha vía de control e de tutela nas ordenanzas locais, idónea para evitar o progresivo deterioro do patrimonio edificado e adaptalo ás necesidades, cada vez máis esixentes, do mercado inmobiliario.

As novas necesidades atinxen non soamente ás necesidades básicas de seguridade nas edificacións, algo que se entende prioritario, senón que se buscan obxectivos máis esixentes coma establecer criterios de accesibilidade ou eficiencia enerxética, posibilitando futuras actuacións e aumentando e modernizando os criterios básicos que non deben reducirse á seguridade construtiva.

Xorden así obxectivos cada vez máis ambiciosos unha vez superada a fase inicial de posta en funcionamento e instauración da Ordenanza reguladora de Inspección Técnica de Edificacións (ITE).

A nova realización de inspeccións técnicas periódicas permitirá coñecer, non unicamente se as edificacións están a ser conservadas e mantidas correctamente e non presentan síntomas aparentes de inseguridade construtiva, senón que se busca adaptar e modernizar progresivamente tanto o mercado inmobiliario existente coma o futuro apostando pola necesaria presentación dun informe de avaliación máis completo e ambicioso.

Desde a aprobación da Ordenanza reguladora da ITE do Concello de Vigo, producíronse unha serie de cambios legislativos que fan necesaria unha adaptación e reestruturación da Ordenanza.

Tres anos despois da entrada en vigor da Ordenanza da ITE, adaptada ás novas esixencias do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo 2008, as novidades legislativas habidas en materia de vivenda aconsellan necesariamente adaptar novamente a súa regulación ós criterios cada vez máis rigorosos do legislador, clarificando e dotando de maior seguridade xurídica ós usuarios do mercado inmobiliario facilitándolles os medios necesarios para o cumprimento das novas esixencias.

Así, por exemplo, o Real Decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, unido á entrada en vigor da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas (LRRRU), engade a necesidade de incorporar no novo Informe de Avaliación, a certificación de eficiencia enerxética do edificio (xa previamente esixida pola Directiva 2002/91 CE do Parlamento Europeo e do Consello de 16 de decembro de 2002 e pola Directiva 2010/31 UE do Parlamento Europeo e do Consello de 19 de maio de 2010) e a avaliación das condicións básicas de accesibilidade universal (xa fixadas pola Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade), establecendo se o edificio é ou non susceptible de realizar axustes razoables para acadar a súa satisfacción.

Estas normativas esixen que as ditas certificacións enerxéticas se acheguen cando a vivenda se poña en venda ou aluguer, co obxecto de acadar unha maior transparencia do mercado inmobiliario, unha maior información para os propietarios e un menor custo na súa emisión.

As principais modificacións son as derivadas da regulación básica estatal contida na LRRRU e no RD 233/2013:

1. O obxecto da Ordenanza de Inspección Técnica ou periódica das Edificacións será non só a determinación do estado de conservación das edificacións, senón tamén a xustificación do cumprimento da normativa vixente sobre accesibilidade universal e para os edificios de tipoloxía residencial colectiva, a determinación do grao de eficiencia enerxética do inmoble.

2. O informe de ITE adáptase na súa denominación, contido e estrutura ó novo “Informe de Avaliación dos Edificios” cuxa regulación básica e modelo se contén na Lei 8/2013 e no RD 233/2013 respectivamente.

3. Achéganse os novos impresos normalizados do “Informe de Avaliación das Edificacións” que, ademais de dispor das novas fichas xurídicas e técnicas da edificación, estrutúrase en tres partes:

1. Parte I: Avaliación do estado de conservación.

2. Parte II: Avaliación das condicións básicas de accesibilidade universal.

3. Parte III: Certificado de Eficiencia Enerxética.

4. Clarifícase o contido da Ordenanza mediante a inclusión de definicións e conceptos que poden xerar dúbidas e outros incluídos na lexislación básica de referencia.

5. Prevese á utilización dun modelo dixital que reúna os requisitos para a súa tramitación telemática.

6. Regúlase o contido mínimo dos datos que se farán constar no Rexistro de Edificacións.

7. Co obxecto de garantir unha maior seguridade construtiva obrígase á execución das medidas de seguridade urxentes (apeos, valados de beirarruas, retirada de elementos de fachada soltos ou con risco de caída a vía pública, etc.) con carácter previo á redacción do informe.

8. A suficiente difusión e coñecemento da ordenanza permiten a eliminación do requirimento municipal, que se tramitaba con carácter previo á incoación do expediente sancionador por incumprimento da obriga de presentación do informe en prazo.

9. O contido íntegro do informe materialízase nos impresos normalizados aprobados como “Anexo” xunto coa presente Ordenanza.

O artigo 200 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), determina o deber dos concellos galegos de regular mediante ordenanza municipal a obriga de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

No artigo 217.4 do mesmo texto legal tipifícase como infracción urbanística leve o incumprimento da obriga de realizar a inspección periódica das edificacións,

sancionable con multa de 300 a 6000 euros (artigo 220.1.a).

A ordenanza deberá establecer as edificacións que quedan suxeitas a esa obriga en función da súa antigüidade e, en todo caso, incluíranse todas as edificacións catalogadas ou de antigüidade superior a 50 anos, atendendo ós criterios básicos de aplicación dispostos na disposición transitoria primeira da LRRRU.

A Ordenanza municipal do Concello de Vigo reguladora da ITE de 17 de novembro de 2010, polo tanto, deberá actualizarse incluíndo no seu articulado as adaptacións necesarias, tendo en conta que a mesma LRRRU asimila na súa disposición transitoria primeira o informe de Avaliación co de Inspección técnica de edificios, ó consideralos instrumentos de natureza análoga, e afirmando que os informes técnicos de edificios existentes nos municipios ou comunidades autónomas integraranse como parte do novo Informe de Avaliación coa finalidade de evitar duplicidades.

En virtude da autonomía local constitucionalmente recoñecida, que garante ós municipios personalidade xurídica propia e plena autonomía no ámbito dos seus intereses, e que lexítima o exercicio de competencias de control das actuacións que se desenvolvan no termo municipal lexitimando o exercicio de competencias de tutela, dítase a presente Ordenanza, previa observancia da tramitación establecida ao efecto polo artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e as novas disposicións normativas en materia de vivenda.

De acordo coa lexislación de réxime local, o Concello de Vigo conta, no desenvolvemento das súas funcións de policía urbana, coa habilitación legal precisa para exercer competencias en materias tales como disciplina urbanística (artigos 25.2.d/ LRBRL e 80.2.d/ LALGA), patrimonio histórico-artístico (artigos 25.2 e/ LRBRL e 80.2/ LALGA), protección do medio ambiente (artigos 25.2 f/ LRBRL), protección civil (artigos 25.2.c/ LRBRL e 80.2.c/ LALGA) e protección da salubridade pública (artigo 25.2.h/ LRBRL).

A presente modificación da Ordenanza municipal de 17 de novembro de 2010 mantén a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación imposto pola normativa urbanística en vigor, mediante a presentación dun Informe de Avaliación de Edificacións nos termos indicados na LRRRU, en canto lexislación básica e de coordinación, sen prexuízo de posibles adaptacións ó desenvolvemento da mesma pola comunidade autónoma galega ou lexislación sectorial.

Esta obriga alcanza a todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino, agás as declaradas en situación de ruína ou sometidas a expediente contradictorio de ruína mentres non exista resolución firme.

Artigo 1.— Fundamento e obxecto da Ordenanza

1.1.— Dítase esta Ordenanza ó abeiro do disposto especificamente no artigo 200 da LOUGA e na disposición transitoria primeira da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas (en adiante LRRRU), que

establecen a obriga dos concellos de regular mediante ordenanza municipal o deber de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación, o cumprimento da normativa vixente sobre accesibilidade universal e a eficiencia enerxética.

1.2.— Regúlase nela a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar, mediante o “Informe de Avaliación das Edificacións”, o cumprimento das seguintes condicións nas edificacións:

1.-Do deber de conservación, concretado no mantemento das condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade, consolidación estruturais e condicións de protección ou de seguridade en caso de incendios, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, de acordo co establecido na normativa urbanística aplicable e nesta Ordenanza.

2.-Das legalmente esixibles en materia de accesibilidade universal, establecendo a posibilidade de realizar axustes razoables.

3.- Para os edificios de tipoloxía residencial colectiva, o grao de eficiencia enerxética do inmovible.

1.3.— Para os efectos da citada inspección, as condicións básicas de conservación: seguridade, estabilidade, estanquidade, consolidación estruturais e de seguridade en caso de incendios, así como as de habitabilidade en que deben manterse as edificacións en función do seu uso, serán as seguintes:

- a) Seguridade, estabilidade e consolidación estruturais, de xeito que non se produzan no edificio ou partes do mesmo danos que teñan a súa orixe ou afecten á cimentación, ós soportes, ás vigas, ós forxados, ós muros de carga ou outros elementos estruturais e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade do edificio.
- b) Seguridade e estabilidade dos seus elementos construtivos cuxo deficiente estado supoña un risco para a seguridade das persoas, tales como chemineas, varandas, falsos teitos, cornixas, aplacados e elementos ornamentais ou de acabado; en particular, se poden caer á vía pública.
- c) Estanquidade fronte á auga, evitando filtracións a través da fachada, cuberta ou do terreo, en particular se estas afectan á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa de falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.
- d) Estanquidade e correcto funcionamento das redes xerais de fontanería e saneamento, de forma que non se produzan fugas que afecten á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa da falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.
- e) Correcto funcionamento e estado de conservación da instalación eléctrica.
- f) Cumprimento das condicións de protección de incendios que correspondan en aplicación da normativa aplicable no momento da licenza obtida.

O cumprimento das condicións establecidas nos apartados anteriores suporá que a edificación reúne os requisitos de habitabilidade e uso esixibles para os efectos desta inspección técnica.

1.4.— A comprobación das condicións de accesibilidade universal permitirá avaliar o cumprimento das condicións básicas legalmente esixibles en materia de accesibilidade, que esixe a realización dos axustes razoables en materia de accesibilidade universal, coas súas obras correspondentes.

1.5.— As edificacións de tipoloxía residencial colectiva deberán incluír no Informe de Avaliación a Certificación da Eficiencia Enerxética do edificio nos termos establecidos na normativa que a regula. O contido da información sobre o comportamento enerxético do edificio servirá para o establecemento de medidas de fomento da eficiencia enerxética das edificacións, sen que en ningún caso poida ter efectos para o resultado, favorable ou desfavorable, da inspección.

Artigo 2.— Suxeitos obrigados

2.1.— Todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino (vivenda, oficinas, industrial, comercial, etc.) estarán afectados pola obriga formal establecida nesta Ordenanza. Exceptúanse as edificacións declaradas en situación de ruína por resolución firme e as sometidas a expediente contradictorio de ruína.

2.2.— No caso de vivendas ou locais integrados en comunidades de propietarios, o deber de realizar a ITE corresponderá á propia comunidade.

Artigo 3.— Informe de avaliación da edificación

3.1.— A obriga formal de acreditar o cumprimento do deber de conservación e da realización de axustes razoables en materia de accesibilidade universal da edificación verificarase mediante a obtención, por conta e cargo do propietario, do informe expedido polo técnico facultativo competente para levar a cabo esta función que el mesmo designe. O contido, forma e prazos de presentación do informe serán os establecidos nesta Ordenanza.

3.2.— De conformidade co disposto no artigo 200 da LOUGA, para a eficacia deste informe esixirase a presentación de copia do mesmo no colexio profesional correspondente e no Rexistro da Xerencia de Urbanismo deste Concello.

Podrán presentalo, ademais dos propietarios das edificacións, os presidentes das comunidades de propietarios e os que exerzan o cargo de administrador. Neste último suposto achegarase o título en virtude do cal se ostenta a representación.

3.3.- Os propietarios dos inmobles obrigados á realización do informe deberán remitir unha copia do mesmo e do documento que acredite a execución de obras en informes desfavorables ó organismo que determine a Comunidade Autónoma, co fin de que esa información forme parte dun Rexistro integrado último.

3.4.— Para o caso de edificacións pertencentes ás Administracións públicas, os informes poderán ser conformados polos seus servizos técnicos competentes.

3.5.— As deficiencias que se observen xustificaranse no Informe de Avaliación do Edificio baixo o criterio e a responsabilidade do técnico competente que o subscriba.

3.6.— O Informe de Avaliación realizado por encargo da propiedade, comunidade ou agrupación de comunidades referirase á totalidade do edificio ou complexo.

3.7.- O Informe de Avaliación da Edificación consignarase nos impresos normalizados aprobados como “Anexo” xunto coa presente Ordenanza, non admitíndose a presentación de informes complementarios adxuntos.

Artigo 4.— Fichas técnicas da edificación

Establécese a obriga de cumprimentar as Fichas Técnicas da Edificación, relativas á situación xurídica, administrativa, urbanística e arquitectónica que inclúe os datos relativos a superficies, usos, ocupación, tipoloxía e descrición dos sistemas construtivos e de instalacións das edificacións segundo os modelos que se xuntan a esta Ordenanza.

Artigo 5.— Contido do informe de avaliación da edificación - estado de conservación

O resultado da inspección relativa ó estado de conservación da edificación consignarase na “PARTE I - AVALIACIÓN DO ESTADO DE CONSERVACIÓN” dos impresos normalizados, cumprimentándose as fichas relativas a: os datos xerais da inspección, o histórico de inspeccións previas, a descrición normalizada das deficiencias de conservación da edificación, documentación relativa ás instalacións comúns do edificio, informes técnicos e ditame de actuacións.

5.1.- O Informe de Avaliación referirase á totalidade do edificio ou complexo inmobiliario e estenderá a súa eficacia a todos e cada un dos locais e vivendas existentes.

Se o técnico inspector/avaliador non puido acceder á totalidade das vivendas ou locais e a dita imposibilidade supón unha limitación ó contido do informe e á eficacia ou validez do mesmo para o conxunto do edificio, non se admitirá a trámite o dito informe por estar incompleto ó non recoller o resultado da inspección da totalidade do inmovible.

5.2.— O informe incluírá a descrición de todas as probas, análises e actuacións (colocación de testemuñas, apertura de calas, catas, desmontaxe de falsos teitos, etc.) que o técnico inspector/avaliador considere necesarios, para obter un coñecemento suficiente do estado da edificación, por existir indicios dun posible dano e/ou resultar necesarias para ditaminar sobre o resultado favorable ou desfavorable da inspección. █

5.3.— O informe comprenderá, así mesmo, a indicación das medidas provisionais inmediatas de seguridade adoptadas durante a visita, con xustificación de que non admitían demora por motivo de inminente perigo para os ocupantes da edificación ou dos colindantes ou para as persoas que transiten polas súas inmediacións ou pola vía pública.

Esas medidas observarán, en calquera caso, o principio de intervención mínima,

correrán a cargo da propiedade, baixo dirección técnica competente e serán as que o técnico considere imprescindibles para evitar un risco inminente. Poderán consistir na retirada de elementos das fachadas, apeos e apontoamentos puntuais, valados ou outras análogas.

En ningún caso poderán realizarse, ó abeiro deste procedemento, obras, medidas ou traballos que supoñan a demolición total ou parcial da edificación ou construción, a alteración de elementos protexidos, nin afectar ó réxime de ocupación do inmovible.

5.4.— Na correspondente ficha de “Histórico de inspeccións previas”, deixarase constancia da efectividade das medidas, traballos e obras realizadas e do cumprimento e grao de realización das recomendacións expresadas, tanto nos informes favorables como desfavorables, con motivo de anteriores inspeccións periódicas.

5.5.— A resultados da inspección realizada, o informe técnico deberá consignar o resultado da mesma, indicando inequivocamente que o edificio ou edificación reúne as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade, consolidación estrutural e de seguridade en caso de incendios, incluíndo necesariamente, os seguintes aspectos:

1. Estado da estrutura e cimentación (incluídas a das escaleiras, a estrutura ou armadura da cuberta, muros de carga...).
- 2.-Estado de fachadas interiores, exteriores, medianeiras e outros paramentos; en especial, dos elementos que puidesen supoñer un perigo para a vía pública, tales como petos de terrazas, aplacados, varandas, marquesiñas, entre outros.
- 3.-Estado de conservación de cubertas e azoteas.
- 4.-Estado das redes xerais de fontanería, saneamento e electricidade do edificio, e das instalacións e/ou elementos de protección ou seguridade en caso de lume que correspondan en aplicación da normativa en vigor no momento da licenza obtida.

5.6.— Para o caso de que non se acadasen as condicións básicas citadas anteriormente, o informe deberá expresar claramente o resultado desfavorable da inspección.

Serán obxecto de informe desfavorable as deficiencias que, sen representar un perigo para a estabilidade do edificio nin risco para a seguridade de moradores ou viandantes, deban emendarse no prazo que o propio informe estableza. A necesidade da súa emenda derivarase da importancia da deficiencia en si mesma, porque se preveza que a súa permanencia provocaría un deterioro progresivo do elemento que a soporta, conducíndoo a unha situación de inestabilidade ou insalubridade, dentro do período de vixencia da avaliación do edificio (10 anos).

5.7.— Ficha da “Descrición normalizada das deficiencias de conservación do edificio”. Para os efectos da normalización de información para o seu procesamento estatístico consignaranse as “Deficiencias Graves” segundo a descrición normalizada que se xunta ó informe.

Considéranse “Deficiencias Graves” as que, por si mesmas, ou en combinación con outras, condicionan o resultado da PARTE I do Informe de avaliación do estado de conservación da edificación como “Desfavorable”.

5.8.— Documentación relativa ás “Instalacións Comúns do Edificio”: A Parte I do

Informe de avaliación conterá ademais información sobre se a propiedade do edificio dispón da documentación (boletín, certificado, contrato de mantemento...) relativa ás ditas instalacións.

5.9.— Os informes de avaliación desfavorables reflectirán como mínimo o seguinte contido:

- Identificación da/s edificación/s obxecto deste informe.
- Descrición do sistema construtivo.
- Descrición, localización, extensión (localizada, xeneralizada...) dos danos e/ou deficiencias que afecten á estrutura e cimentación, ás fachadas interiores, exteriores, medianeiras e outros paramentos e ós elementos que puidesen supoñer un perigo para a vía pública, ás cubertas e azoteas, ás redes xerais de fontanería e saneamento, á instalación de electricidade do edificio e ás instalacións ou elementos de protección en caso de lume.

Pola extensión das patoloxías ou deficiencias, cualificaranse como:

- Xeralizadas. Cando as deficiencias afecten a máis do 40% da superficie do elemento construtivo considerado: fachada, cuberta, escaleira, carpinterías, etc. agás se o dito elemento é singular e de escasa relevancia no conxunto do edificio.

- Localizadas. As que afecten a menos do 40% da superficie do elemento que o soporta ou que, aínda afectando a unha porcentaxe maior ou incluso á totalidade do elemento, a relevancia deste sobre o conxunto do edificio é escasa.

- Descrición do proceso patolóxico e das súas posibles causas.
- Descrición das obras e traballos que, de forma priorizada, se consideran necesarias para emendar as deficiencias descritas no apartado c) e para a eliminación das súas causas, a fin de evitar que a dita lesión se volva producir. Esas obras serán obxecto de licenza e, polo tanto, deberán ser permisibles de acordo coa normativa vixente.
- Fotografías identificativas das deficiencias tamaño mínimo 8x5 cm e resolución mínima 300 ppp.

5.10.— Arquivos gráficos a inserir nos correspondentes impresos normalizados:

- a) Reportaxe fotográfica do exterior e o interior, identificativa de cada unha das edificacións existentes na parcela e obxecto de inspección (en cor e tamaño mínimo 10 x 15 cm ou 300 PPP). Os informes desfavorables incluírán no seu contido a documentación gráfica das deficiencias ou danos existentes na edificación.
- b) Plano de situación a escala mínima 1:1000 (DIN A4), coa definición gráfica dos límites da parcela e das edificacións inspeccionadas.
- c) Consulta/s descritiva/s e gráfica de datos catastrais: Unha folla por cada finca ou parcela catastral.

Artigo 6.— Contido do informe de avaliación das condicións básicas de accesibilidade

universal.

6.1.— O informe de avaliación acreditará se o edificio é susceptible ou non de realizar os axustes razoables para satisfacer as condicións básicas de accesibilidade universal e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización do edificio, de acordo coa normativa vixente.

6.2.— De acordo co establecido no artigo 2.4. da LRRRU, entenderase como “axustes razoables” as medidas de adecuación dun edificio para facilitar a accesibilidade universal de xeito eficaz, seguro e práctico, e sen que supoñan unha carga desproporcionada.

6.3.— Para determinar se unha carga é ou non desproporcionada teranse en conta os custos da medida, os efectos discriminatorios que a súa non adopción podería representar, a estrutura e características da persoa ou entidade que deba poñela en práctica e a posibilidade que teñan aquelas de obter financiamento oficial ou calquera outra axuda. Entenderase que a carga é desproporcionada nos edificios constituídos en réxime de propiedade horizontal, cando o custo das obras repercutido anualmente, e descontando as axudas públicas ás que se poida ter dereito, exceda de doce mensualidades ordinarias de gastos comúns.

Artigo 7.— Contido do informe de avaliación da edificación - certificado de eficiencia enerxética

7.1.— Ademais do anterior, as edificacións de tipoloxía residencial colectiva deberán incluír no Informe de Avaliación a certificación da eficiencia enerxética do edificio nos termos establecidos na normativa que a regula. O contido da información sobre o comportamento enerxético do edificio servirá para o establecemento de medidas de fomento da eficiencia enerxética das edificacións, sen que en ningún caso poida ter efectos para o resultado, favorable ou desfavorable, da inspección.

7.2.— Entenderase por edificio de tipoloxía residencial colectiva a aquel que conteña máis dunha vivenda, sen prexuízo de que poida conter, de maneira simultánea, outros usos distintos do residencial. Con carácter asimilado enténdese incluídos nesta tipoloxía os hoteis e residencias.

7.3.— A certificación de eficiencia enerxética conterá non só a cualificación enerxética do edificio senón tamén as recomendacións sobre as melloras enerxéticas que se poderían realizar analizadas nos termos de custo/beneficio e clasificadas en función da súa viabilidade técnica, económica e funcional e da súa repercusión enerxética.

Artigo 8.— Forma e prazo de presentación do informe

8.1.— O informe deberá presentarse no colexio profesional correspondente e no Rexistro da Xerencia de Urbanismo deste Concello, así como no organismo que determine a Comunidade Autónoma. A inspección/avaliación técnica

cumprimentarase, preferentemente, segundo o modelo dixital oficial que reúna os requisitos para a súa tramitación telemática.

8.2.— O primeiro informe deberá presentarse dentro do ano seguinte a aquel en que o edificio cumpra 30 anos de antigüidade.

8.3.— As comunidades de propietarios que pretendan acometer a rehabilitación do edificio solicitando a súa cualificación como rehabilitación protexida, deberán contar co Informe de Avaliación do Edificio e realizalo simultaneamente á redacción do proxecto. So nestes casos, e previa acreditación da súa cualificación, poderase presentar o informe con anterioridade ó prazo que lle corresponda, independentemente da antigüidade do edificio.

8.4.— O informe deberá renovarse periodicamente dentro do ano seguinte a aquel en que teñan transcorrido 10 anos desde o vencemento do prazo no que debeu presentarse o anterior ou desde a data da súa presentación nos inmobles cualificados como rehabilitación protexida.

8.5.— Para os efectos desta Ordenanza, entenderase como idade da edificación o tempo transcorrido desde a data de terminación total da súa construción. Non obstante, no caso de que se executasen, de acordo coa licenza e autorizacións sectoriais esixidas, obras de reestruturación total ou xeral (baleirado do edificio con mantemento da/s fachada/s ou consolidación, reforzo e/ou substitución) que afecten á totalidade dos elementos estruturais e fundamentais da edificación, o prazo de presentación do informe así como o das sucesivas renovacións, comezará a contar a partir da data de emisión do preceptivo certificado de finalización de obra.

8.6.— A idade da edificación acreditarase mediante os seguintes documentos, relacionados por orde de preferencia: (1) Certificado final de obras expedido por facultativo/s competente/s; (2) Licenza de primeira ocupación; (3) Comunicación ó Concello do remate das obras; (4) Licenza de obras. En ausencia deles, tomarase como data de terminación a que resulte de calquera comprobación municipal desa situación e, no seu defecto, determinarase por calquera medio de proba admisible en Dereito e, en particular, por estimación técnica en función da súa tipoloxía e características construtivas relacionando os documentos e datos polos que se lle atribúe a dita antigüidade.

8.7.— Sen prexuízo do anterior, a Administración municipal colaborará cos interesados facilitándolles os datos e antecedentes dos edificios que obren nos seus arquivos e rexistros. e publicará anualmente.

Artigo 9.— Rexistro de ITE e libro do edificio

9.1.— Para os efectos previstos nesta Ordenanza, constituirase na Xerencia un rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos a inspección técnica, denominado «Rexistro de Inspección Técnica da Edificación» no que quedará constancia da data de presentación e do contido normalizado para o procesamento estatístico de cada un dos informes de avaliación e das Fichas Técnicas da edificación que se presenten, así como a data de terminación das obras indicada na correspondente certificación, o número de expediente da licenza de obras de reparación e, no seu caso, da orde de execución por incumprimento voluntario da emenda de deficiencias indicadas no informe.

9.2.— A función deste Rexistro será o control do cumprimento das obrigas establecidas nesta Ordenanza. Unha vez presentada a acta de inspección técnica axustada ós requisitos formais establecidos nesta Ordenanza, o servizo de ITE procederá a súa anotación no Rexistro de edificacións.

9.3.— Os datos que consten nel serán públicos ós únicos efectos informativos e estatísticos, verificándose o acceso ó mesmo de acordo co previsto no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no que resulte de aplicación.

9.4.— As copias acreditativas da presentación do primeiro e sucesivos informes de avaliación e as súas correspondentes Fichas Técnicas, licenzas e proxectos necesarios para a emenda de deficiencias coas correspondentes autorizacións administrativas xuntaranse ó Libro do Edificio ou, no seu defecto, á documentación técnica do mesmo, e deberán ser conservadas polos propietarios ou polas persoas legalmente responsables nos edificios suxeitos ó réxime de propiedade horizontal e transmitidas ós seus novos titulares en caso de alleamento por calquera título, de conformidade co previsto na Lei 38/1999, do 5 de decembro, de ordenación da edificación (artigo 16), e as disposicións posteriores de desenvolvemento da mesma.

Artigo 10.— Consecuencias do incumprimento da presentación en prazo do informe

10.1.— Se a Xerencia descubrixe que non se efectuaron e presentaron en prazo os informes relativos ás primeiras ou sucesivas avaliacións periódicas da edificación, considerarase como incumprimento do deber de realizar o Informe de Avaliación.

Ante o dito incumprimento a Administración Municipal procederá á aplicación do réxime sancionador previsto na LOUGA e no Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia (RDU).

10.2.— Sen prexuízo da aplicación do citado réxime sancionador a Xerencia poderá realizar a inspección técnica de avaliación das edificacións de oficio e a custa dos obrigados. Para estes efectos, notificaráselles a identidade do técnico colexiado designado e o custo estimativo da súa intervención. Os honorarios a percibir polos traballos da inspección e redacción do informe de avaliación serán exaccionados pola Xerencia ós propietarios, podendo recorrer, de ser o caso, á vía de constrinximento.

10.3.— Coa finalidade de levar a cabo a execución subsidiaria prevista no parágrafo anterior, a Xerencia poderá formalizar convenios de colaboración cos colexios profesionais a fin de que os colexiados poidan realizar a inspección regulada na Ordenanza. A designación dos colexiados a efectuará o respectivo colexio segundo a súa normativa interna.

10.4.— De non se formalizar estes convenios, a Xerencia poderá organizar unha quenda á que poderán acceder todos os titulados colexiados. A súa designación farase de forma rotatoria por orde de antigüidade na lista.

10.5.— En todo caso, a formalización de tales convenios e a contratación dos técnicos para realizar as inspeccións adecuaranse ás previsións orzamentarias da Xerencia.

10.6.— Non poderán concederse axudas municipais á rehabilitación total ou parcial das edificacións sen cumprir en prazo coa obriga de presentar o informe de inspección técnica da edificación.

Artigo 11.— Consecuencias do informe de avaliación desfavorable

11.1.— Se o resultado da inspección técnica fose desfavorable, a propiedade deberá solicitar e obter licenza municipal no prazo de dous (2) meses e, de ser o caso, as oportunas autorizacións sectoriais para proceder á execución das obras indicadas no informe nos prazos que no mesmo se determinen o que acreditará co correspondente certificado de finalización das obras emitido polo técnico inspector/director.

11.2.— A emenda das deficiencias observadas farase constar, en todo caso, no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación anotando a data de terminación das obras consignada no certificado técnico de finalización das obras.

Artigo 12.— Ordes de execución por non realizar as obras previstas no informe de avaliación

12.1.— De se incumprir o disposto no artigo anterior, e con base no informe de avaliación, os servizos técnicos e xurídicos da Xerencia emitirán informe propoñendo ó órgano competente da Xerencia o inicio de procedemento para ditar unha orde de execución ou incoar de oficio o expediente de declaración de ruína do inmovible, de resultar procedente a adopción desta medida.

12.2.— As ordes de execución que se diten a resultados do informe de avaliación e dos informes técnicos e xurídicos municipais deberán conter a determinación concreta das obras que fosen precisas para restablecer as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como os axustes razoables en materia de accesibilidade universal e fixar os prazos de comezo e execución para o cumprimento voluntario do ordenado polo propietario; prazos que estarán en función da importancia, volume e complexidade das obras por realizar.

12.3.— Igualmente, determinarase se a entidade das obras esixe a redacción de proxecto técnico e de estudo de seguridade e saúde e a existencia de dirección facultativa.

Artigo 13.— Réxime sancionador

13.1.— O incumprimento polo propietario da súa obriga de presentación do primeiro e sucesivos informes no tempo e a forma establecidos nesta Ordenanza, así como das ordes de execución das obras resultantes da inspección técnica constitúe, de acordo co artigo 217.4 da LOUGA, infracción urbanística leve, que será sancionada con multa de 300 a 6000 euros (artigo 220.1.a da LOUGA).

13.2.— Conforme co preceptuado no artigo 223 da LOUGA, a potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido na lexislación do procedemento administrativo. O prazo para resolver o procedemento sancionador será de 1 ano

contado desde a data da súa iniciación. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución, producirase a caducidade do procedemento. No suposto de que a infracción non prescribise, deberá iniciarse un novo procedemento sancionador.

13.3.— No tocante ós órganos competentes para a imposición das sancións e ós prazos de prescrición de infraccións e sancións estarase expresamente ó disposto sobre o particular na LOUGA.

Artigo 14.— Réxime xeral do deber de conservación

14.1.— O cumprimento da obriga formal establecida nesta Ordenanza entenderase sen prexuízo do réxime xurídico ordinario do deber de conservación regulado na lexislación vixente e das facultades de inspección urbanísticas atribuídas á Xerencia.

14.2.— No exercicio desa potestade municipal de policía urbanística poderá ordenar en calquera momento, de oficio ou por instancia de parte e de acordo co procedemento previsto nos artigos 26 e seguintes do RDU, a execución das obras requiridas para o cumprimento dos deberes de conservación, adoptando ou ordenando ós propietarios a adopción das medidas provisionais e urxentes que, de ser o caso, resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que puidese recaer e evitar causar danos ás persoas e ós bens.

Disposición Adicional Primeira: Documentación dos proxectos técnicos.

Os proxectos técnicos de edificación que se presenten a partir da entrada en vigor desta Ordenanza para a obtención da correspondente licenza municipal deberán incluír obrigatoriamente na súa documentación as especificacións técnicas e detalles construtivos relativos ós elementos exteriores da edificación (fachadas interiores e exteriores, paramentos e cuberta) e ós demais elementos arquitectónicos susceptibles de desprenderse e caer sobre a vía pública ou afectar a terceiros (cornixas, gárgolas, aleiros, canles, imbornais, pretís, galerías, balcóns, ménsulas, cenefas, impostas, escudos, etc.); en especial cando se prevea a execución dos revestimentos das fachadas mediante chapados ou aplacados.

Incluirase, igualmente, a xustificación técnica da seguridade deses elementos de acordo coas regulamentacións aplicables.

Disposición Adicional Segunda: Convenios de colaboración.

Ademais dos convenios que se poidan formalizar ó abeiro do disposto no artigo 10.3 desta Ordenanza e nos que se concretará a posible colaboración dos colexios profesionais nos procedementos de execución subsidiaria nos supostos de incumprimento polos propietarios da obriga de realizar a inspección, a Xerencia poderá celebrar outros, con eses mesmos colexios ou coas organizacións e asociacións profesionais do sector interesadas, nos que se establezan mecanismos de coordinación e de intercambio de información útil e se prevea a organización de xornadas técnicas e de difusión da Ordenanza, cursos de formación e especialización para profesionais, campañas divulgativas entre a poboación e demais medidas tendentes a facilitar o cumprimento das obrigas derivadas da súa aplicación.

Disposición Adicional Terceira: Réxime de subvencións.

O Concello de Vigo poderá establecer, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, un réxime de subvencións do que poderán beneficiarse os propietarios que acrediten fidedignamente a carencia de recursos económicos suficientes para sufragar o custo da inspección técnica da edificación regulada nesta Ordenanza. En todo caso, o outorgamento das axudas axustarase ós criterios vixentes para o acceso á vivenda protexida, de forma que a súa contía estea en función dos ingresos da unidade familiar.

Disposición Derrogatoria Única

No momento da entrada en vigor desta Ordenanza quedará derogada expresamente a «Ordenanza Municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións do Excmo. Concello de Vigo» aprobada definitivamente en sesión plenaria do 27 de setembro de 2010 e publicada no BOP núm. 221, do 17 de novembro de 2010, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2011. DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó desta Ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da Ordenanza.

Os impresos normalizados anexos a esta Ordenanza non teñen carácter regulamentario e poderán ser completados ou adaptados con posterioridade á aprobación da Ordenanza mediante a correspondente resolución sen necesidade de modificar a Ordenanza.

Disposición Final Segunda

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no BOP de Pontevedra e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL, en relación co artigo 70.2 do mesmo texto legal.

Anexos da Ordenanza de Inspección Técnica e Avaliación das Edificacións (ITE-IAE):
Conservación, Accesibilidade e Eficiencia Enerxética do Concello de Vigo

ORDENANZA ITE-IAE – FICHAS XURÍDICAS E TÉCNICAS DA EDIFICACIÓN

A. IDENTIFICACIÓN DA EDIFICACIÓN				
Enderezo		Núm.	Cód. Postal	Parroquia Clave
Data de construción /reestruturación xeral	Rexistro da Propiedade N° do RP – N° finca rexistral	N° ou N°s de Referencia catastral (consignaranse os 14 primeiros caracteres)		Plano Cart.
	-	-	-	
A avaliación comprenderá ó edificio completo (vivendas, locais, sotos,...) desde a cimentación ata a cuberta. O obxecto deste informe é:		<input type="checkbox"/> Un único edificio. <input type="checkbox"/> Unha parte (bloque, portal,...) funcional e estruturalmente independente do resto. <input type="checkbox"/> Varias edificacións vinculadas funcionalmente a un edificio principal. <input type="checkbox"/> Outro caso:		
Existe na parcela algún GARAXE – APARCADOIRO si <input type="checkbox"/> non <input type="checkbox"/> . Se ten enderezo postal distinto á do edificio, sinállese:				

¿Foi inspeccionado? si <input type="checkbox"/> non <input type="checkbox"/> . No caso negativo, indique descrición e xustificación:
Comparte elementos comúns con edificacións contiguas: non <input type="checkbox"/> si <input type="checkbox"/> indicar cales:
Observacións: O técnico avaliador/inspector si <input type="checkbox"/> non <input type="checkbox"/> puido acceder á totalidade das vivendas ou locais. A imposibilidade de acceso a todas as dependencias da edificación non supón unha limitación ó contido do informe e a eficacia ou validez do mesmo para o conxunto do edificio.
RESULTADO DA INSPECCIÓN – ESTADO DE CONSERVACIÓN: FAVORABLE <input type="checkbox"/> - DESFAVORABLE <input type="checkbox"/>
CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE: O EDIFICIO SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SATISFACE COMPLETAMENTE AS CONDICIÓN BÁSICAS DE ACCESIBILIDADE E SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> É SUSCEPTIBLE DE REALIZAR AXUSTES RAZOABLES TOTAIS <input type="checkbox"/> PARCIAIS <input type="checkbox"/> .
Achégase CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA obrigatorio xa que o uso característico/principal do edificio é: Vivenda Colectiva (+ de 1 viv.) <input type="checkbox"/> Hotel <input type="checkbox"/> Residencial <input type="checkbox"/> .
1ª ITE en prazo <input type="checkbox"/> Requirimento de ITE <input type="checkbox"/> Execución subsidiaria <input type="checkbox"/> Anterior ITE desfav. <input type="checkbox"/> Anterior ITE favorable <input type="checkbox"/>

B. DATOS DE PROPIEDAD						
Titular único/a <input type="checkbox"/> Comunidade de Propietarios <input type="checkbox"/> Sociedade <input type="checkbox"/> Herdeiros <input type="checkbox"/> Mancomunidade <input type="checkbox"/> Outros (especificar):						
DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social			Teléfono fixo	Teléfono móbil	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN						
Enderezo			Núm.	Esc.	Piso	Pt. Cód. Postal
Parroquia	Concello	Provincia	Correo electrónico			
REPRESENTANTE:						
DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social			Teléfono fixo	Teléfono móbil	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN						
Enderezo			Núm.	Esc.	Piso	Pt. Cód. Postal
Parroquia	Concello	Provincia	Correo electrónico			
Vigo, de de 20			Registro e custodia colexial obrigatorio ou visado voluntario			
Asinado polo/a técnico/a inspector/a avaliador/a			Asinado polo/a propietario/a			
Este documento asinarase pola propiedade ou titular da finca consignado na ficha desta páxina. No caso de actuar como representante e que este/a non sexa o/a presidente/a da comunidade de propietarios, será necesario <u>achegar o título en virtude do cal ostenta a representación.</u>						

C. DATOS DO/S TÉCNICO/S COMPETENTE/S QUE SUBSCRIBE/N O INFORME			
DNI	Nome e apelidos (do/a técnico/a que asine na páxina 1)		Teléfono Fax
Título	Colexio Profesional	Número de colexiado	Actúa como técnico/a
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			

Enderezo			Núm.	Esc.	Piso	Pt.	Cód. Postal
Parroquia	Concello	Provincia	Correo electrónico				
OUTROS TÉCNICOS							
Nome e apelidos		Titulación		Colexio Profesional		Nº de Colexiado	

D. DATOS URBANÍSTICOS				
PLANEAMENTO VIXENTE	PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO	CLASIFICACIÓN DO SOLO	CUALIFICACIÓN DE SOLO - ORDENANZA	
Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> FÓRA DE ORDENACIÓN POR:				
ALIÑACIÓNS <input type="checkbox"/>	SIST. XERAIS OU LOCAIS <input type="checkbox"/>	SUNC - SUD - SUND <input type="checkbox"/>	USOS <input type="checkbox"/>	
CATALOGACIÓ	BIC	ELEMENTO PROTEXIDO	INCLUÍDO EN ARI	AFECCIÓNS LEXISLACIÓN

E. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA COMPLEMENTARIA	
A continuación, indique a documentación administrativa complementaria de que dispón o edificio, por exemplo: Licenza de Obras, Licenza de Ocupación, Licenza de Actividade, Expediente de Disciplina, Expediente de Ruína u Orde de execución entre outras:	
Nome do documento nº 1:	Expte.nº.:
Data:	Alcance:
Técnico responsable:	
Observacións:	
Nome do documento nº 2:	Expte.nº.:
Data:	Alcance:
Técnico responsable:	
Observacións:	
Nome do documento nº 3:	Expte.nº.:
Data:	Alcance:
Técnico responsable:	
Observacións:	
Nome do documento nº 4:	Expte.nº.:
Data:	Alcance:
Técnico responsable:	
Observacións:	
Nome do documento nº 5:	Expte.nº.:
Data:	Alcance:
Técnico responsable:	
Observacións:	
Nome do documento nº 6:	Expte.nº.:
Data:	Alcance:
Técnico responsable:	
Observacións:	

F. DATOS XERAIS DO EDIFICIO			
Superficie parcela (m ²):	Superficie construída (m ²):	Altura sobre rasante (m):	
Uso característico/principal do edificio:	<input type="checkbox"/> Residencial	<input type="checkbox"/> Sociocultural	<input type="checkbox"/> Administrativo
<input type="checkbox"/> Privado	<input type="checkbox"/> Docente	<input type="checkbox"/> Comercial	<input type="checkbox"/> Industrial
	<input type="checkbox"/> Sanitario	<input type="checkbox"/> Deportivo	<input type="checkbox"/> Oficinas

<input type="checkbox"/> Público	<input type="checkbox"/> Transporte e Comunicacións	<input type="checkbox"/> Recreativo-Reunión	<input type="checkbox"/> Garaxe-aparcamento
<input type="checkbox"/> Outro			
Nº total de plantas sobre rasante:		Nº de plantas sobre rasante con uso igual ó principal:	
Nº de plantas sobre rasante con usos secundarios:		Uso(s) secundario(s):	
Nº total de plantas baixo rasante:		Nº de plantas baixo rasante con uso igual ó principal:	
Nº de plantas baixo rasante con usos secundarios:		Uso(s) secundario(s):	
Nº total de vivendas: Nº total de vivendas baleiras: Nº total de vivendas en alugueiro:		Superficie media (m ²):	
Nº total de locais:	Nº total de locais baleiros:	Superficie media (m ²):	
Nº total de prazas de aparcadoiro:		Superficie media (m ²):	
Nº total de trasteiros:		Superficie media (m ²):	
Ano de construción:		Referencia ³⁾ :	
Ano de Reestruturación xeral/total:		Referencia ³⁾ :	
3) Achegar a referencia a partir da que se obtén o dato "ano" do edificio (art. 8.6 da Ordenanza).			
Tipoloxía edificatoria: Implantación en parcela do edificio:			
<input type="checkbox"/> Edificación exenta/illada ou pareada en parcela/bloque aberto:			
<input type="checkbox"/> Edificación entre medianeiras/adousada/ edificación en cuarteirón pechado:			
Tipoloxía edificatoria: Núcleos de comunicación vertical en edificios residenciais:			
Un só núcleo de escaleiras: <input type="checkbox"/> Sen ascensor <input type="checkbox"/> Con 1 ascensor <input type="checkbox"/> Con 2 ou máis ascensores		Dous ou máis núcleos de comunicación vertical: Nº total de escaleiras: Nº total de ascensores: Nº total de vivendas con acceso a través de máis de 1 núcleo: Nº total de vivendas sen acceso a través do ascensor:	
Nº medio de vivendas por planta:		Nº medio de vivendas por planta:	

G. DESCRIPCIÓN NORMALIZADA DOS SISTEMAS CONSTRUTIVOS DO EDIFICIO PARA OS EFECTOS ESTADÍSTICOS			
CIMENTACIÓN			
Sistemas de contención	<input type="checkbox"/> Muro de pedra <input type="checkbox"/> Muro de fábrica ladrillo	<input type="checkbox"/> Muro de fábrica de bloque <input type="checkbox"/> Muro de formigón armado	<input type="checkbox"/> Muro pantalla <input type="checkbox"/> Descoñécese/Outro:
Cimentación superficial	<input type="checkbox"/> Zapatas, gabias, pozos cachotaría	<input type="checkbox"/> Zapatas ou gabias de formigón	<input type="checkbox"/> Lousa <input type="checkbox"/> Descoñécese/Outro:
Cimentación profunda	<input type="checkbox"/> Pilotes	<input type="checkbox"/> Pantallas	<input type="checkbox"/> Descoñécese / Outro:
Observacións:			

ESTRUTURA			
	Muros de carga:	Pilares:	

Estrutura vertical	<input type="checkbox"/> De pedra <input type="checkbox"/> De formigón armado <input type="checkbox"/> De adobe <input type="checkbox"/> De tapial	<input type="checkbox"/> De fábrica ladrillo <input type="checkbox"/> De bloque cerámico <input type="checkbox"/> De bloque de formigón <input type="checkbox"/> Con entramado de madeira	<input type="checkbox"/> De ladrillo <input type="checkbox"/> De fundición <input type="checkbox"/> De aceiro <input type="checkbox"/> De formigón armado	<input type="checkbox"/> Descoñécese / Outro:
Estrutura horizontal planta tipo	Estrutura principal (vigas) <input type="checkbox"/> De madeira <input type="checkbox"/> Metálicas <input type="checkbox"/> De formigón armado	Forxado (elementos Secundarios, viguetas): <input type="checkbox"/> De madeira <input type="checkbox"/> Metálicas <input type="checkbox"/> De formigón armado	Forxado (entrevigado): <input type="checkbox"/> Taboleiro <input type="checkbox"/> Revoltón <input type="checkbox"/> Bovedilla cerámica <input type="checkbox"/> Bovedilla de formigón	<input type="checkbox"/> Forxado reticular <input type="checkbox"/> Lousa formigón <input type="checkbox"/> Descoñécese / Outro:
Estrutura horizontal Chan. Planta en contacto co terreo ⁽⁵⁾	Forxado: <input type="checkbox"/> Idéntico ó de P. tipo <input type="checkbox"/> Diferente ó de P. tipo	Forxado sanitario: <input type="checkbox"/> Idéntico ó de P. tipo <input type="checkbox"/> Diferente ó de P. tipo	<input type="checkbox"/> Soleira	<input type="checkbox"/> Descoñécese / Outro:
Estrutura de cuberta	Forxado horizontal e: <input type="checkbox"/> Capa formación pte. <input type="checkbox"/> Tabiquillos + taboleiro Forxado inclinado <input type="checkbox"/> Formigón armado <input type="checkbox"/> Outro:	Cerchas, pórticos: <input type="checkbox"/> Vigas formigón armado + taboleiro <input type="checkbox"/> Vigas metálicas + taboleiro <input type="checkbox"/> Vigas madeira + taboleiro	<input type="checkbox"/> Taboleiro cerámico <input type="checkbox"/> Taboleiro madeira <input type="checkbox"/> Chapa/Sandwich	<input type="checkbox"/> Descoñécese / Outro:
Observacións:				

(5) Describir o sistema construtivo da estrutura que forma o chan da planta baixa, ou planta -n, se o inmoible ten -n plantas de soto.

CERRAMENTOS VERTICAIS E CUBERTAS		
Fachada principal Superficie (m ²) % sobre sup. Cerram. Vertical Total:	Acabado Visto en fachada principal: % sobre sup. Cerram. Vertical Total: <input type="checkbox"/> Mampostería <input type="checkbox"/> Fábrica bloque formigón <input type="checkbox"/> Sillería <input type="checkbox"/> Fábrica ladrillo <input type="checkbox"/> Panel pref. Formigón <input type="checkbox"/> Fábrica bloque cerámico <input type="checkbox"/> Panel metálico/Sandwich <input type="checkbox"/> Outros:	Acabado revestido en fachada principal: % sobre sup. Cerram. Vertical Total: <input type="checkbox"/> Enfoscado e pintado <input type="checkbox"/> Chapado pedra <input type="checkbox"/> Revoco <input type="checkbox"/> Chapado metálico <input type="checkbox"/> Morteiro monocapa <input type="checkbox"/> Outros:
	Dispón de cámara de aire : <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Descoñécese	
Outras fachadas, fachadas a patios e medianeiras⁽⁶⁾ Superficie (m ²) % sobre sup. Cerram. Vertical Total:	Acabado Visto en outras fachadas: % sobre sup. Cerram. Vertical Total: <input type="checkbox"/> Mampostería <input type="checkbox"/> Fábrica bloque formigón <input type="checkbox"/> Sillería <input type="checkbox"/> Fábrica ladrillo <input type="checkbox"/> Panel pref. Formigón <input type="checkbox"/> Fábrica bloque cerámico <input type="checkbox"/> Panel metálico/Sandwich <input type="checkbox"/> Outros:	Acabado revestido en outras fachadas: % sobre sup. Cerram. Vertical Total: <input type="checkbox"/> Enfoscado e pintado <input type="checkbox"/> Chapado pedra <input type="checkbox"/> Revoco <input type="checkbox"/> Chapado metálico <input type="checkbox"/> Morteiro monocapa <input type="checkbox"/> Outros:
	Dispón de cámara de aire : <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Descoñécese	
Tipo de vidro predominante:		

Carpintaría e vidro en ocos Superficie (m ²) % sobre sup. Cerram. Vertical Total:	Tipo de carpintaría predominante: <input type="checkbox"/> Madeira <input type="checkbox"/> Aceiro <input type="checkbox"/> Aluminio <input type="checkbox"/> PVC <input type="checkbox"/> Outros:	<input type="checkbox"/> Simple <input type="checkbox"/> Dobre acristalamento <input type="checkbox"/> Triple acristalamento <input type="checkbox"/> Con capa baixa emisividade <input type="checkbox"/> Con capa de control solar	
Azotea/Cuberta plana Superficie (m ²) % sobre sup. Cerram. Vertical Total:	<input type="checkbox"/> Transitable <input type="checkbox"/> Non transitable	Cuberta inclinada Superficie (m ²)	<input type="checkbox"/> Tella árabe <input type="checkbox"/> Tella plana ou outra <input type="checkbox"/> Tella cemento <input type="checkbox"/> Pizarra <input type="checkbox"/> Fibrocemento <input type="checkbox"/> Asfáltica <input type="checkbox"/> Chapa aceiro <input type="checkbox"/> Chapa cobre/zinc
	Dispón de illamento térmico: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Descoñécese	% sobre sup. Cerram. Vertical Total:	Dispón de illamento térmico: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Descoñécese
<i>Observacións:</i>			

INSTALACIÓNS DO EDIFICIO		
Saneamento Evacuación de augas	<input type="checkbox"/> Non dispón de Sistema de Evacuación	<input type="checkbox"/> Baixantes vistas
	<input type="checkbox"/> Dispón de Sist. Evacuación a rede de sumidoiro público. <input type="checkbox"/> Dispón de Sist. Evacuación propio (fosa séptica, etc.)	<input type="checkbox"/> Baixantes empotradas <input type="checkbox"/> Colectores vistos <input type="checkbox"/> Colectores enterrados
Abastecement o de auga	<input type="checkbox"/> Non dispón de Sistema de Abastecemento de auga <input type="checkbox"/> Dispón de conexión a Rede de Abastec. público <input type="checkbox"/> Dispón de captación propia (pozo, bomba,...)	<input type="checkbox"/> Contador único para todo o edificio <input type="checkbox"/> Contadores individuais por vivenda/local <input type="checkbox"/> Contadores individuais centralizados
Instalación elétrica	O edificio dispón (instal. Eléctrica elementos comúns): <input type="checkbox"/> De Caixa Xeral de Protección (CXP) <input type="checkbox"/> De Interruptor Diferencial <input type="checkbox"/> De Interruptor automático ó inicio dos circuitos de servizos comúns. <input type="checkbox"/> De fusible ó inicio das derivacións individuais a vivendas ou locais. <input type="checkbox"/> Outros:	<input type="checkbox"/> Contador único para todo o edificio <input type="checkbox"/> Contadores individuais por vivenda/local <input type="checkbox"/> Contadores individuais centralizados
Calefacción	<input type="checkbox"/> Dispónse de sistema de Calefacción Colectiva/Central <input type="checkbox"/> Caldeira comunitaria <input type="checkbox"/> Bomba de calor <input type="checkbox"/> Outro: Combustible Calefacción Colectiva/Central: <input type="checkbox"/> GLP <input type="checkbox"/> Electricidade <input type="checkbox"/> Gasóleo <input type="checkbox"/> Leña/biomasa <input type="checkbox"/> Gas Natural <input type="checkbox"/> Outro:	En caso contrario, indicar: % de vivendas/locais dispoñen de sistemas individuais de Calefacción: % vivendas con Caldeira (Gas canalizado): Indicando: <input type="checkbox"/> Propano <input type="checkbox"/> Gas Natural % vivendas con Caldeira Gasóleo: % vivendas con Calefacción eléctrica: Indicando: <input type="checkbox"/> Bomba de calor <input type="checkbox"/> Radiadores <input type="checkbox"/> Outros:
Auga Quente Sanitaria AQS	<input type="checkbox"/> O edificio dispón de sistema de AQS Central Combustible para produción AQS: <input type="checkbox"/> GLP <input type="checkbox"/> Electricidade <input type="checkbox"/> Gasóleo <input type="checkbox"/> Leña/biomasa <input type="checkbox"/> Gas Natural <input type="checkbox"/> Outro: <input type="checkbox"/> O edificio dispón de captadores solares para a produción de AQS	En caso contrario, indicar: % de vivendas/locais dispoñen de sistemas individuais de AQS: % vivendas con Quentadores (Gas canalizado): Indicando: <input type="checkbox"/> Propano <input type="checkbox"/> Gas Natural % vivendas con Quentadores (Gas embotellado): Indicando: <input type="checkbox"/> Propano <input type="checkbox"/> Butano % vivendas con Quentadores eléctricos: % con Outros:
Gas canalizado para instalacións domésticas	% de vivendas/locais dispoñen de acometida a rede de distribución canalizada de gas para uso doméstico: <input type="checkbox"/> Propano <input type="checkbox"/> Gas Natural	<input type="checkbox"/> Contadores individuais por vivenda/local <input type="checkbox"/> Contadores individuais centralizados
Refrixeración	<input type="checkbox"/> O edificio dispón de sistema colectivo de Refrixeración <input type="checkbox"/> Con torre de arrefriamento <input type="checkbox"/> Sen torre de arrefriamento	En caso contrario, indicar: % de vivendas/locais dispoñen de sistemas individuais de refrixeración (aire acondicionado): Nº de aparatos de aire acondicionado vistos en fachadas:
Ventilación e renovación de aire	O edificio dispón dos seguintes sistemas de ventilación para os cuartos húmidos (baños e cocinas) das vivendas: <input type="checkbox"/> Ventás <input type="checkbox"/> Patios <input type="checkbox"/> Shunts <input type="checkbox"/> Outros: <input type="checkbox"/> Existen locais ou vivendas cuxos cuartos húmidos non teñen ningún dos sistemas anteriores de ventilación.	Os aparcadoiros dispoñen de sistemas de ventilación: <input type="checkbox"/> Mecánica <input type="checkbox"/> Natural <input type="checkbox"/> Híbrido

Protección Contra Incendios	O edificio dispón de: <input type="checkbox"/> Un sistema de detección de incendios <input type="checkbox"/> Un sistema de alarma <input type="checkbox"/> Extintores móbiles.	<input type="checkbox"/> Hidrantes exteriores <input type="checkbox"/> Columna seca <input type="checkbox"/> Boca de incendios equipada
Protección Contra o Raio	O edificio dispón de: <input type="checkbox"/> Pararraios de puntas <input type="checkbox"/> Pararraios Faraday <input type="checkbox"/> Pararraios con sistemas activos (ionizantes) <input type="checkbox"/> Outro tipo de pararraios:	<input type="checkbox"/> Un dispositivo de protección contra sobretensións transitorias <input type="checkbox"/> Rede de terra
Instalacións de Comunicación s ICT	O edificio dispón de : <input type="checkbox"/> Antena para recepción de TDT <input type="checkbox"/> Antena para recepción de TV satélite <input type="checkbox"/> Acceso de pares de cobre <input type="checkbox"/> Acceso de telecomunicacións por cable	<input type="checkbox"/> Acceso de fibra óptica <input type="checkbox"/> Accesos inalámbricos <input type="checkbox"/> Outras instalacións de ICT

Observacións:

ORDENANZA ITE-IAE – PARTE I – AVALIACIÓN DO ESTADO DE CONSERVACIÓN

I.1. DATOS XERAIS DA INSPECCIÓN

Data/s da visita:		
Nº de vivendas inspeccionadas:		Nº de locais ou outros usos inspeccionados:
Impedimentos á hora de realizar a visita:		
Non obstante o anterior, o presente informe refírese a totalidade do inmovible e estende a súa eficacia a todos e cada un dos locais e dependencias da edificación.		
Probas ou catas realizadas por existir indicios dun posible dano e resultar necesarias para ditaminar sobre el resultado favorable ou desfavorable da inspección ⁽⁷⁾ :		
Medidas urxentes de seguridade adoptadas baixo a miña dirección técnica durante a visita ⁽⁸⁾ :		
As ditas actuacións adoptaránse co obxecto de evitar os seguintes riscos para a seguridade de persoas e bens:		
Observacións:		

(7) Non obstante o carácter visual da inspección, cando os datos obtidos da dita inspección non sexan suficientes para valorar as deficiencias detectadas, deberán describirse todos os estudos previos e probas (colocación de testemuñas, apertura de calas, catas, desmontaxe de falsos teitos, etc.) realizadas e que a xuízo do técnico inspector sexan necesarios para obter un coñecemento suficiente da edificación e efectuar unha diagnose do elemento ou elementos construtivos afectados.

“Con data 21/11/2008 o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo asinan un convenio de colaboración para a xestión do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Coa firma deste convenio ambas administracións manifestan a conveniencia e necesidade de establecer un Centro de emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero para prestar a atención inmediata e urxente ás mulleres vítimas de malos tratos, que permita unha rápida intervención, en necesaria coordinación co equipo de profesionais que integra o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller dependente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

A cláusula terceira do convenio establece que o Concello de Vigo cederá ao Consorcio o uso do inmovible en Vigo, e o equipamento e mobiliario detallado no inventario incorporado como anexo ao convenio. O Consorcio asumirá a xestión integral do centro e farase cargo de todos os gastos derivados do seu funcionamento e equipamento, comprometéndose o Concello a contribuír a ditos gastos cunha achega de 266.000,00 € ao ano.

En todas e cada unha das reunións de seguimento do convenio, o Concello de Vigo ten posto enriba da mesa que as estatísticas de ocupación do Centro indican que as mulleres de Vigo que utilizan o servizo son unha mínima parte; non

superan o 40%, sendo o 60% restante mulleres (e persoas dependentes) procedentes doutros Concellos de Pontevedra, Galicia e resto de España.

Nas reunións de seguimento anuais ambas administracións concordan en manifestar que se produce un desequilibrio económico na financiación deste servizo sendo o Concello de Vigo a única administración pública na que está a recaer o gasto deste servizo, pois é a única administración que está a soportar o 95% de todo o gasto do Centro.

En todas e cada unha das reunións da comisión mixta de seguimento acordouse que a achega municipal debería minorarse e para elo a Xunta de Galicia comprometeuse a realizar as xestións oportunas coas Deputacións Provinciais co obxecto de que contribuísen na financiación do Centro de Emerxencia e baixase o esforzo económico que está a facer esta administración Local.

Os datos obxectivos procedentes das Memorias anuais elaboradas polo propio Consorcio (p.ex. Anos 2011, 2012 e 2013) confirman plenamente o carácter supramunicipal do Centro de emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero de Vigo. Así:

1.- Do total de mulleres acollidas no 2011 (45 mulleres), un 40% delas procedían de Vigo; un 33,3% doutros concellos de Pontevedra; un 20% de concellos doutras provincias galegas e un 6,7% de fóra de Galicia. Se facemos a análise incluíndo os menores que as acompañan resulta que, do total de 68 persoas acollidas no ano 2011 (mulleres e nenos/as), un 39,7% procedían de Vigo; un 38,2% do resto da provincia de Pontevedra; un 13,2% das outras provincias galegas e un 8,8% de fóra de Galicia.

2.- Do total de mulleres acollidas en 2012 (52 mulleres), un 48% delas procedían de Vigo; un 31% doutros concellos de Pontevedra, un 17 % de concellos doutras provincias galegas e un 4% de fóra de Galicia.

3.- Os tres informes trimestrais correspondentes ao presente ano (xaneiro a outubro de 2013) indican que, das 31 mulleres acollidas, un 38,71% procedía de Vigo; outro 32,26% doutros concellos de Pontevedra e o 29,03% restante doutras provincias. de concellos da provincia de A Coruña.

Si contamos o número total de persoas acollidas neste período de 2013 (mulleres cos seus fillos e fillas acollidas) a porcentaxe é a seguinte:

59 persoas acollidas (31 mulleres e 28 menores), das que un 32,20% procedían de Vigo, outro 30,51% proceden doutros concellos de Pontevedra, o 6,78% de A Coruña e o 30,51% restante doutras provincias.

Por tanto, segundo os datos de ocupación do Centro máis dun 30% de mulleres procedentes de Concellos da Provincia de Pontevedra están sendo acollidas polo centro de Vigo; esta cifra increméntase nun 70% si incluímos ás mulleres de Vigo.

Atendendo pois a que máis dun 70% de mulleres da provincia de Pontevedra están utilizando o recursos de acollemento do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero, atendendo a que a cidade de Vigo é a que está a sufragar o gasto do 95% do coste do servizo, e atendendo a que a

Deputación de Pontevedra non financia ningún recursos de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, sen dar resposta á petición que lle fixo o Concello de Vigo en xuño de 2008,

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Que atenda ás peticións realizadas polo Concello de Vigo e colabore economicamente no funcionamento do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero ”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 30 de decembro de 2013, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Hai uns minutos a Sra. Silva, dicíanlles que demostren vostedes que están cos cidadáns. Levamos dúas mocións e esta é terceira que ten que ver directamente coas persoas, as veces os grupos políticos tamén teñen que formularse para que están, non só para obedecer ordes, neste caso espero que ese minuto de silencio que gardamos en todos e cada un dos Plenos en memoria das vítimas violencia de xénero, sexa algo máis que un minuto de silencio e vaia moito máis alá.

Paso a lerlles literalmente a moción presentada polo Grupo Socialista que ten que ver co Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero, e a necesaria coordinación co equipo de profesionais que integra o Centro de Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres dependente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, con data 21 de novembro de 2008 asina un convenio de colaboración para a xestión deste centro. Na cláusula terceira deste convenio establece que o Concello de Vigo cederá ao Consorcio o uso do inmovible e o equipamento e mobiliario detallado no inventario incorporado como anexo ao convenio, o Consorcio asumirá a xestión integral do Centro e farase cargo de tódolos gastos derivados do seu funcionamento e equipamento, comprometéndose o Concello a contribuír a ditos gastos cunha achega de 266.000 euros ao ano. En todas e en cada unha das

reunións de seguimento do convenio, o Concello de Vigo ten posto enriba da mesa que as estadísticas de ocupación do centro indican que as mulleres de Vigo que utilizan o servizo, son unha mínima parte delas e que proceden doutros concellos de Pontevedra, de Galicia e mesmo algunhas do resto de España.

Nas reunións de seguimento anuais ambas administracións concordan en manifestar que se produce un desequilibrio económico no financiamento deste servizo, sendo o Concello de Vigo a única administración pública na que está a recaer o gasto deste servizo, pois é a única administración que está a soportar o 95% de todo o gasto do centro.

En todas en cada unhas das reunións da Comisión Mixta de Seguimento, acordouse que a achega municipal debería minorarse e para iso a Xunta de Galicia debería realizar as xestión oportunas coas Deputacións provinciais co obxecto de que contribuísen no financiamento do Centro de Emerxencia e baixase o esforzo que está a facer esta administración local.

Téñense varias reunións coas responsables do consorcio e mándase dende o Servizo unha carta que foi recibida o día 7 de outubro de 2013, foi a calada por resposta.

Dicirlles que máis do 30% das mulleres procedentes de concellos da provincia de Pontevedra están sendo acollidas polo centro de Vigo, se metemos tamén nesas estadística ás mulleres de Vigo, un 70%.

Quero anunciarlles que nós seguiremos coa achega a este centro de emerxencia, anunciamos xa que os cartos que debe aportar a Deputación de Pontevedra, a Xunta de Galicia a través do Consorcio, será dedicado integramente á loita contra a violencia de xénero, demostren vostedes que de verdade están coas persoas. Por iso, solicitamos ao Pleno a que atenda e colabore economicamente no funcionamento do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero.

SRA. VELOSO RÍOS: Esta é unha moción que recolle unha demanda que xa se fixo neste Pleno en 2011, no Pleno do mes de febreiro do 2011, aprobábase unha moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego no que solicitábase da Deputación de Pontevedra que colaborase economicamente co Centro de

Emerxencia de vítimas de violencia de xénero, esta moción tamén foi presentada logo na Deputación de Pontevedra, en ámbolos casos o Partido Popular opúxose e negouse, rexeitou facerse cargo do mantemento deste Centro de Emerxencia de vítimas de violencia de xénero.

Xa daquela en 2009, os datos demostraban que este centro que é un centro xestionado pola Xunta de Galicia e que atende a mulleres vítimas violencia de xénero de todo o país, atendía maioritariamente a mulleres da provincia de Pontevedra que non eran do Concello de Vigo, estamos falando de que o 51% das usuarias eran da provincia de Pontevedra excluindo Vigo, no ano 2009. Xa daquela cando entrou no Goberno da Xunta de Galicia o Partido Popular, na reunión da Comisión de Seguimento coa Secretaria Xeral de Igualdade e co xerente do Consorcio, ámbolos dous manifestáronlle ao Concello de Vigo que se puxeran en contacto coa Deputación de Pontevedra para solicitar que achegase recursos a este Centro de Emerxencia, e de feito estaba pendente unha modificación do Convenio que estaba acordada na reunión de Comisión de Seguimento de 2009 á espera da resposta da Deputación de Pontevedra.

Esta resposta, ata o de agora tanto no Pleno do Concello como no Pleno da Deputación de Pontevedra foi negativa obviamente, e isto da lugar a que o único recurso de acollemento de mulleres vítimas de violencia de xénero que existe na provincia de Pontevedra, o único, porque a Casa de Acollida de Pontevedra fora pechada, o piso da asociación Alecrín coa si asinara un convenio a Deputación de Pontevedra tamén pechou en moi pouco tempo despois da sinatura do convenio o único recurso, insisto, non conta con ningún tipo de apoio da Deputación de Pontevedra, absolutamente ningún tipo de apoio, de feito, e que non dedica ningún recurso porque non hai ningún outro centro e xa mesmo antes de que se abrise o Centro de Emerxencia a Deputación de Pontevedra se desentendera do acollemento das mulleres na cidade de Vigo porque xa en 2009 revogara o convenio que tiña co Concello e xa non pagara os últimos seis meses que estivo aberta a Casa de Acollida, o servizo anterior ao Centro de Emerxencia.

Supoño que agora intervirá a Sra. García Míguez, pois imaxino que na mesma liña da súa intervención no ano 2011 porque a situación non mudou absolutamente, segue sen haber ningún recurso, segue sen haber ningunha achega por parte da

Deputación de Pontevedra e imaxino que non terá nada máis que dicir que o de sempre, que si gastamos pouco, que si gastamos moito, que si o Bloque Nacionalista Galego cando estaba na Xunta de Galicia facía isto, que si Bloque Nacionalista Galego cando levaba Igualdade facía outro, que si gastabamos moito, pouco, segundo a conveniencia da Sra. García Míguez para a súa argumentación. Agora dirá tamén que si gasta moito, pouco e o Partido Socialista na Concellería de Igualdade mesmo pode que faga referencia ás políticas de Igualdade do Partido Socialista durante o goberno do Sr. Zapatero, non o sei, pode saír realmente por calquera sitio.

Do que non vai falar nunca e iso o teño claro, porque non fala nunca nestas cuestións e do absoluto desentendemento do Partido Popular das mulleres vítimas de violencia de xénero na nosa cidade, na nosa provincia e no noso país, con recortes constantes nos servizos ás mulleres que sofren violencia de xénero e as súas familias, as súas crianzas, deixándoas realmente sen o pan e o sal, facendo campañas publicitarias dicindo que hai que denunciar e logo deixándoas completamente desatendidas, sen recursos para poder vivir, sen ningún tipo de recurso económico para poder vivir, sen ningún tipo de recurso en canto a vivenda, as mulleres vítimas de violencia de xénero xa non teñen acceso á vivendas de aluguer da Xunta de Galicia con alugueres asumibles por mulleres que están atravesando unha situación como esta mesmo están sendo desafiuzadas. É realmente escandaloso, diso non vai falar, diso estou completamente segura, porque diso non fala nunca. Dende logo cada quen ten que responder e o Partido Popular debería responder fronte a esta situación.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorpréndenos enormemente esta moción Sra. Abelairas xa que vostede é deputada provincial e onde ten e onde debe solicitar á Deputación Provincial se asume ou non asume esta competencia ou se vai colaborar ou non vai colaborar é no Pleno da Deputación provincial, aquí que veña a presentar unha moción para solicitar á Deputación de Pontevedra, pode solicitalo pero creo que vostede é deputada provincial, ten ganas de encher, non teñen outras mocións coa que está caendo e coa de situacións que Cáritas, moitas organizacións, ONGs están asumindo os recursos sociais desta cidade, temos aos

de Sereos na rúa e ven aquí a falar da Deputación de Pontevedra, podíase ter ocorrido algunha outra cousa. Eu o outro día no Pleno anterior, o Partido Popular presentou unha moción para protexer ás mulleres vítimas de trata e explotación sexual e vostedes votaron en contra, agora ven a solicitar que a Deputación de Pontevedra asuma unha competencia que ademais non lle corresponde, pero iso o debaterán vostedes no lugar que teñen que debatelo, sabe vostede ben que este non é o lugar onde se teñen que tratar este tema. Ademais ten á deputada de Asuntos Sociais, a Sra. Iglesias, que é a responsable aquí, pero tamén está na Deputación de Pontevedra, ese é o lugar, invítoa a que traballe onde lle corresponde.

Non se pode utilizar ás persoas como ferramenta para a confrontación política, Sra. Abelairas, a vostedes encántalles, nós tamén presentamos moitas mocións a favor das persoas, a miña compañeira a Sra. Cendón faino con frecuencia e pódolle asegurar que en ningún momento estamos quitando unha bandeira a favor de todo o ben que facemos as cousas cando esa é a nosa responsabilidade, vostede está aquí para traballar polas persoas, non para gañar unha campaña política como o que normalmente intenta facer coa súa concellería, demostrouno en numerosas ocasións e a súa función, o seu traballo é por e para as persoas, e se esquece esa parte debería deixar de traballar en política ou dedicarse a outra labor, estar un pouco na sombra dentro do que son as campañas electorais, igual os seus compañeiros non saben que mandan correos electrónicos a tódalas organizacións convocando para manifestacións contra a Sanidade pública, a favor do aborto, todo iso o fan dende a concellería de Igualdade, igual os seus compañeiros non o saben, incluso pídenlle cartos a outras organizacións para apoiar a determinadas plataformas sempre en contra do Partido Popular, si politizan os Servizos Sociais no Concello de Vigo, esa é realidade.

Ademais de todo isto sorpréndenos enormemente, porque por exemplo o hospital Meixoeiro, imos por un exemplo moi claro, asume persoas que son do condado Paradanta, do Goian, de Tui, Tomiño, Salvaterra e non por iso a Xunta de Galicia dille aos seus concellos que asuman o custe sanitario de cada un deses habitantes, das súas cidades, o Centro de Emerxencia de mulleres maltratadas de Vigo é un referente a nivel de toda España, é un referente de colaboración, de

cohesión, de unión das administracións que agora vostedes como sempre queren romper, porque son incapaces de chegar a acordos con outras administracións. Todo o que non sexa do seu color político intentan rompelo, de algunha maneira a pesar de que as persoas saian prexudicadas non lles importa absolutamente nada. Mulleres vítimas de violencia de xénero, de trata, programas como Sereos que atende a persoas que están en risco de exclusión social, que viven na rúa e vostedes o que pretenden é deixarlles sen recursos só por non ser capaces de xuntar esforzos, de unir e de pensar nos demais, son o maior exemplo de falla de responsabilidade dentro do que é a nosa Comunidade Autónoma, porque temos moitos outros Alcaldes doutros cores políticas e que si que suman e que si que polos demais sempre están intentando poñer vontades, xuntar esforzos e vostedes o único que fan é utilizar ás persoas como ferramenta de confrontación política.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Dan ganas de chorar, que pena que unha muller gaste cinco minutos dicindo bobadas. Voume poñer de pe para anunciarlle que irei a todas e cada unha das manifestacións que haxa para defender os dereitos das mulleres e dos cidadáns/as, a todas absolutamente a todas, quédalle claro? Irei a tódalas manifestacións que defendan os dereitos das mulleres e dos homes, de tódolos cidadáns. A democracia é algo máis que sentarse nun Consello de Ministros e cun decreto acernar as liberdades que nos custou tanto traballo acadar, son moi maior e sei o que é vivir sen liberdades.

Son moi maior e dei clase de historia para saber como se chega ao poder tamén cos votos, tamén se chega cos votos ao poder e se utilizan para acernar as liberdades de todos e cada uns dos cidadáns, estou pensando e chámanme bruta, permítame Sr. Alcalde, Hitler chegou ao poder cos votos. A política que están facendo vostedes é en contra das persoas, de todas e de cada unha das cidadás/ans, gústalles un goberno que mande e uns escravos que obedezan. Quítannos absolutamente todo, díxeno unha vez, quítannos a esperanza, e si Sra. García protestarei sempre porque o espírito da rebeldía non mo sacarán nunca. Lean a prensa e déanse conta como estamos quedando no mundo, pero se nin sequera poden vir os organismos internacionais a ver o que está pasando, pero

se están saíndo en tódolos medios de comunicación como para catro manifestantes 300.000 policías, pero se son vostedes uns bárbaros políticos, si están falando vostedes de crise, de crise de que? Pero os que fomentaron a crise son ministros hoxe, pero pensan que somos bobos? Os que fomentaron a crise, hoxe son ministros e toman decisións. Imos ver, quen era De Guindos? Non estaba en Estados Unidos dicindo non sei o que? Derruban un banco, compran un banco miserable, fan auténticas barbaridades e din que o Sr. Zapatero non se decatou? De que se tiña que decatar se vostedes gobernaron sempre dende o capital? De que me está falando Sra. García, de que vou ás manifestacións? Trinta anos despois volver outra vez ao ano 83 ou 85, xa non me lembro, daquelas mulleres que estabamos pelexando por unha dignidade como muller, pero quen é o Sr. Rajoy para dicirme cando unha muller ten que abortar ou non?.

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, instando á Deputación Provincial a colaboración económica no funcionamento do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2(239).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS LEGAIS QUE GARANTAN O ABASTECIMENTO DE SUBMINISTROS ENERXÉTICOS PARA AS PERSOAS COAS RENDAS MAIS BAIXAS. EXPTE. 806/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de decembro del 2013, número 801/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCION

“Distintos expertos e ONG´s han alertado en distintas ocasións do aumento da pobreza enerxética en España, un problema que podería estar causando polo menos 2.300 mortes prematuras ao ano. Estudos din que esta pobreza afectaba en 2010 ao 10% dos fogares españois e estima que, debido ao deterioro económico, en 2012 podía chegar ao 15%.

Toman como referencia a quen chegan ata o extremo de que lles corten o fornezo por impago, pero tamén a quen teñen facturas atrasadas, non poden manter a casa á temperatura adecuada ou destinan unha porcentaxe esaxerada da renda familiar a eses gastos.

O PSOE aprobou na súa Conferencia Política impedir por lei que aos cidadáns córteselles o fornezo de electricidade, gas e auga por estar en situación de pobreza

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

ACORDOS

-Instar á Xunta de Galicia a adoptar, de forma urxente, as medidas legais que garantan o abastecemento mínimo de subministros enerxéticos para as persoas coas rendas máis baixas.

A Comisión Informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, na súa sesión do 30 de decembro de 2013, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. SILVA REGO: A crise económica, o desemprego, o aumento dos prezos da electricidade e doutros servizos básicos, os recortes nas políticas sociais, educativas e sanitarias, o copago e outras medidas antisociais tomadas polo

Goberno do Estado e da Xunta de Galicia ten levado a miles de persoas a vivir unha situación dramática que supón graves dificultades para facer fronte ao recibo da luz e do gas, é o que se coñece como pobreza enerxética. Esta pobreza enerxética ten un impacto profundo na vida das persoas e pode influenciar na esperanza de vida, de feito distintas entidades e institucións cifran en miles as mortes prematuras que se producen ao ano pola súa causa.

Falo de datos non oficiais, porque tanto o Sr. Rajoy como o Sr. Feijóo, tan dados a estudos e a enquisas cando lles convén, non se teñen nin sequera preocupado de analizar a cantas persoas lles afecta esta drama terrible, é a teoría aplicada pola dereita de que si se ocultan e manipulan os datos as realidades non existen e non hai que darlles resposta. Pero a realidade está aí, as consecuencias están aí, a falla de calefacción e electricidade afecta á hixiene, á saúde e a miúdo xera sobre mortalidade e sobre endebedamento así como illamento social e xeográfico. É de tal calado a gravidade que a Unión Europea ten aprobado Directivas que esixen que se adopten medidas para abordar esta fenómeno inhumano.

O ditame do Comité Económico Social Europeo de 2013 fala dun aumento exponencial da pobreza enerxética, e manifesta que a enerxía é un ben común esencial debido ao seu papel indispensable en tódalas actividades cotiás que permite a cada cidadán ter unha vida digna, mentres que carecer del provoca dramas. Engade que a pobreza enerxética mata física e socialmente. A precariedade enerxética de moitos fogares é hoxe unha realidade sangrante, un problema social crecente, un síntoma de pobreza e exclusión social. Nin o Goberno do Estado nin o da Xunta de Galicia teñen tomado medidas para facerlle fronte, de feito no último Pleno de decembro no Congreso dos Deputado o Partido Popular votou en contra dunha proposición de Lei de medidas para previr a pobreza enerxética, xa votara antes en contra de emendas presentados por distintos grupos políticos na Lei de eficiencia enerxética e renovación urbana, unha Lei do sector eléctrico. Saben unha vez máis quen está facer fronte a este pavoroso drama que parece máis de século XIX que do século XXI? Os concellos, si son os concellos os que adican cada día máis e máis cartos ás axudas de emerxencia, no noso concello cada día temos que adicar máis presuposto a

pagar facturas de luz e de gas, e non só os concellos tamén as ONGs. Saben vostedes que as axudas de Cáritas para paliar a pobreza enerxética disparouse nun 326% nos últimos dous anos? O Partido Popular que goberna no Estado e na Xunta de Galicia repercute a súa responsabilidade, como sempre, nos concellos, nas ONGs e nas asociacións civís.

Esta situación intolerable ten que cambiar, a enerxía é un produto básico e de primeira necesidade é indecente que o non pagamento da factura, por imposibilidade de facelo, poida implicar un corte do subministro ou que restrinja os seu uso polas familias por non poder facer fronte ao custe que supón, non, non pode ser, é intolerable. As familias en situación de pobreza enerxética necesitan que se actúe xa, outros países xa o fixeron, Reino Unido, Francia, Bélxica, Alemaña, o Sr. Rajoy negouse no Parlamento Español, agora dende Vigo queremos esixirlle ao Presidente da Xunta de Galicia que se implique el. Outras Comunidades Autónomas están elaborando xa as normas para facer fronte á pobreza enerxética, o está a facer Cataluña, Asturias e Andalucía, Galicia o ten que facer tamén, non se pode mirar para o outro lado.

Nós esperamos que esta moción saia apoiada por unanimidade, e lle pido ao Grupo Municipal do Partido Popular que lle esixa ao seu xefe de filas en Santiago de Compostela, ao Sr. Feijóo, que non perda o tempo e actúe de forma inmediata, está en xogo a dignidade de vida dos nosos concidadáns, a súa saúde e en moitos casos a súa vida. Non apoiar esta moción sería unha obscenidade, espero que a apoian e a defendan ante o goberno da Xunta de Galicia onde tamén o Grupo Socialista ten presentado unha moción.

SR. ALONSO PÉREZ: Paréceme dun cinismo político tremendo que o Partido Popular presente unha emenda instando ao Goberno do Estado a que efectivamente se protexa aos colectivos máis vulnerables, pero si os colectivos máis vulnerables existen pola política do Partido Popular que no Goberno do Estado e no Goberno da Xunta de Galicia coa reforma laboral, cos recortes, co copagamento no servizos públicos, coas restricións no acceso á sanidade, coa redución das prestacións de desemprego das pensións, coa reforma local eliminando servizos que se prestan nos concellos son os que fan que existan

colectivos vulnerables, como se pode ter tanta cara dura, por unha banda castigando e aproveitándose da crise para que os sectores máis vulnerables padezan a crise e logo, agora oportunistamente, se faga isto nesta moción en vez de tomar medidas.

En Galicia polas políticas do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia xa existen neste momento máis de 650.000 persoas que están en situación de pobreza, 120.000 en estado de pobreza severa, 93.000 fogares con tódolos membros en paro, 12.000 máis que o ano pasado, existen máis de 33.000 fogares sen ningún tipo de ingreso, confirmando datos terribles de pobreza infantil que no Estado Español nestes momentos xa pasa de 2,2 millóns de nenos/as por debaixo do albor da pobreza, ou que seis de cada dez familias teñen dificultades para chegar a fin mes. Esta é a situación e a radiografía consecuencia das políticas do Partido Popular, cada vez hai máis persoas que quedan sen prestación ao esgotaren as axudas de protección social sen emprego, sen fogar, ou sen poder afrontar o pagamento de hipotecas, alugueres ou servizos básicos como a luz, o gas ou simplemente poder alimentarse. Agora sumamos a vulnerabilidade para moitas familias galegas pola pobreza enerxética.

Concretamente o subministro eléctrico ás vivendas, os datos referidos ao Estado español demostran que antes de comezar a crise económica, o número de familias que sufrían un corte por non pagamento era de 600.000 e durante o ano 2012 foron 1,4 millóns de familias que padeceron o corte de subministro.

Nesta situación e ademais co inverno que temos, duro, cada vez hai máis familias que o pasan moi mal polo corte de subministro enerxético.

En países europeos como Francia, limitan durante o tempo invernal os cortes de subministro eléctrico a familias sen recursos, Alemaña paga a calefacción e o aluguer das persoas en paro de longa duración e Cataluña xa prohibe os cortes de enerxía a familias que están pasando por unha situación de pobreza. Os niveis e datos de pobreza en Galicia coas duras condicións climatolóxicas que estamos padecendo fan especialmente necesario que a Xunta de Galicia adopte medidas diante desta problemática para evitar as dramáticas consecuencias. O Goberno do Estado xustifica o forte incremento do recibo da luz dos últimos anos nun suposto déficit tarifario, así argumenta co prezo da electricidade non cobre os

custos de produción, porén isto é falso, a trampa reside na metodoloxía utilizada para o cálculo do custo de produción a través de poxas no mercado maiorista, antes da liberación do sector ligábase o prezo da enerxía ao custe real da produción de cada unha das tecnoloxías. Na actualidade isto non é así e os que se aproveitan son as grandes compañías eléctricas.

Ademais en Galicia, é que somos unha nación excedentaria na produción de electricidade mentres padecemos os custos sociais e medio ambientais non obtemos ningún beneficio desta condición, por iso nós imos dar o noso voto favorable a esta moción e presentamos unha emenda de engádeda solicitando ao Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que atendendo á condición de Galicia como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas. Dikir que ademais o Bloque Nacionalista Galego no Congreso en Madrid xa presentou e rexeitou a proposta do Proxecto de Lei de reforma eléctrica e presentou unha emenda á totalidade.

SR. ARAÚJO PEREIRA: A verdade é que a emenda de substitución insta ao Goberno da Nación e ao Goberno Autonómico, non ao Goberno Autonómico só, á adopción de medidas que garantan o subministro eléctrico ao menor custo posible, á regulación da figura do consumidor vulnerable, toda esa xente que non é capaz pola aguda crise económica que non se soubo anticipar cando tiña que ser anticipada polo goberno que naquel momento estaba gobernando que era o Goberno do Partido Socialista apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, lémbrolle Sr. Alonso, e tamén o reforzamento das medidas de protección aos colectivos máis vulnerables, por iso esta emenda de substitución vai moi no que é o fondo do que se nos presenta aquí pero non na forma.

Lémbrolle que a responsabilidade dos 800.000 millóns de euros de débeda nacional que levan á economía española case a un estado de quebra, non estaba gobernando o Partido Popular, era o Partido Socialista. Tamén a responsabilidade sobre o déficit tarifario que ascende a 26.000 millóns de euros, non 1.000 millóns senón 26.000 millóns de euros, tampouco é do Partido Popular que naquel momento non estaba gobernando e a subida de prezos entre 2005-2011 que

ronda o 86% para o custe de tarifa de domicilio, non é responsabilidade tampouco do Partido Popular e si do Partido Socialista e igual que a subida de prezos dun 63% neses anos no custe da tarifa industrial que fai as nosas empresas moito menos competitivas no mercado europeo e nacional. Entón cando hai que falar hai que facelo coas cousas ben claras, o prezo da luz, Sr. Alonso, ven determinado por dúas cousas: o custo das peaxes que fixa o Goberno, e neste recóllense os custos regulados do sistema eléctrico entre eles o transporte, a distribución, as primas a renovables e o custo da débeda eléctrica, este custo da débeda eléctrica indubidablemente non é responsabilidade do Partido Popular, si intentamos solucionalo e os custos das renovables tampouco son responsabilidade do Partido Popular porque naquel goberno optouse polas renovables que nos parece ben, pero cando as renovables sexan eficientes que é o que temos que buscar. De feito, o responsable o voceiro das empresas enerxéticas dixo que naqueles momentos o custe das tecnoloxías de renovables era excesivamente caro e que foi abaratándose durante os anos, a día de hoxe é moi probable que si foran eficientes pero naquel momento eran moi caros.

Cando o Partido Popular chegou ao Goberno atopouse ese déficit de tarifa de 26.000 millóns de euros, xerando esa pobreza enerxética que agora nos piden corrixir, eu pregúntome, en sete anos de goberno socialista o prezo da enerxía creceu un 80% en tarifa doméstica, por que nos reclaman agora cando tiñan que haber posto solucións naquel momento? Mentres o Sr. Montilla, Sr. Sebastián eran responsables disto que agora nos fan responsables a nós, inauguraban parques fotovoltaicos cos aplausos do Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Madrid, dende os diferentes ministerios de industria socialista comprometeron retribucións a longo prazo hipotecando as nosas contas conforme unhas previsións de demanda que non se cumpriron, previsións de demanda eléctrica ao redor do 36% cando non chegou a un 3,4%, o resultado é un sistema eléctrico caro no que existe un exceso de capacidade roldando case un 200% do que necesitábamos.

Lémbrolle que outro dos custos da enerxía se fixan trimestralmente polo mercado a través das denominadas poxas Cesur, si me gustaría saber que fixeron vostedes durante todos estes anos no goberno con esas poxas, nós intentamos

este ano solucionar esta problema do monopolio das eléctricas nesas poxas.

SRA. SILVA REGO: Sr. Araújo, que papelón lle fai xogar o seu partido, o Sr. Feijóo e o Sr. Rajoy, vostede ademais que ven dunha familia comprometida cos dereitos das persoas, comprometida na loita dos dereitos das persoas, eu podíalle a vostede lembrar que no ano 1997 o Sr. Aznar aprobou unha Lei de do sector eléctrico que fai que hoxe teñamos a electricidade máis cara de toda Europa, pero non vou a entrar nese debate, paréceme vergonzoso falar de tarifas, de procedementos cando hai xente, millóns de persoas, miles de persoas en Galicia e na nosa cidade que non poden usar o gas e a electricidade porque viven na pobreza xerada por vostedes, que fan unha reforma laboral que retira os dereitos aos traballadores, que baixan os salarios aos traballadores, vostedes que recortan as políticas sociais, vostedes que fan que a xente teña que facer copagos por servizos básicos, vostedes que limitan as prestacións da Dependencia, vostedes que recortan o Orzamento en Educación pública e en Sanidade, que están sendo unha arma de destrución masiva para os dereitos das persoas, que están rompendo o estado de benestar que tanto custou construír neste país que vivira da man da dereita máis atroz e que o convertía nun país pobre e sen dereitos. Trinta e cinco anos de loita polos dereitos que vostedes esten destruindo en só dous anos, non me fale de procedementos, de tarifas eléctricas, fáleme da xente, dos problemas da xente que xeran vostedes, o Partido Popular que son o partido que está disposto a facer que a xente sufra o que sexa necesario con tal de aplicar a súa ideoloxía.

O que vostedes están facendo é simplemente aplicar o que cren, vostedes non cren na igualdade e por isto presentan esta emenda, pero como vou acertarlle unha emenda instando ao Goberno do Estado si hai menos de 20 días que todo o Grupo Popular votou en contra de tomar medidas para favorecer que a xente non teña que vivir en pobreza enerxética, non acepto a súa emenda. Señores do Bloque Nacionalista Galego acepto a súa emenda porque me parece razoable.

No transcurso do debate, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, presenta a seguinte emenda de engádeda:

“Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas”.

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. López Font, a presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acórdase aceptar a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr.

López Font, co seguinte texto:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a adoptar, de forma urxente, as medidas legais que garantan o abastecemento mínimo de subministrados enerxéticos para as persoas coas rendas máis baixas.

Segundo.- Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas”.

5.3(240).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE UTILICE O INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO PARA MEDIAR EN FAVOR DOS CIDADÁNS RESPECTO Á APLICACIÓN DA SENTENZA DE 9 DE MAIO ALUSIVA Á CLÁUSULA DO SOLO, PARA QUE SE DEVOLVA INTEGRAMENTE O COBRADO DE FORMA IRREGULAR DENDE O INICIO DA HIPOTECA. EXPTE. 811/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 30 de decembro del 2013, número 811/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte

MOCIÓN

“O Tribunal Supremo confirma a nulidade das cláusulas suelo incorporadas a contratos bancarios de préstamo con garantía hipotecaria e interese variable, das entidades BBVA S.A, Cajas Rurales Reunidas, SCC y Novagalicia Banco S.A.U, ratificando a súa sentenza do 9 de maio pasado.

Coa aplicación desta Sentenza as entidades financeiras están obrigadas a devolver ás cláusulas suelo dende a publicación da mesma. Non obstante, o Xulgado Mercantil de Pontevedra vén de ordenar a devolución íntegra en dous casos, e esa é a liña a seguir, premer para a devolución desta cláusulas de suelo dende o comezo da hipoteca e non dende a data de publicación da devandita sentenza. Non podemos consentir que familiar humildes teñan que acudir o

xulgado, co gravoso que resulta dende a reforma do PP, para facer valer os seus dereitos.

Tampouco podemos consentir que outras entidades financeiras aleguen que a sentenza “non lles é directamente aplicable”, obrigando aos cidadán igualmente a acudir ao xulgado.

A Xunta de Galicia ten que tomar partido, e utilizar o Instituto Galego de Consumo en favor dos cidadáns, en favor das familiar, esixíndolles as entidades financeiras a devolución das cláusulas suelo dende o inicio da hipoteca, e tendo en conta que de acordo co Código Civil, unha vez declarada a nulidade os contratantes deben restituír as cantidades cobradas indebidamente, incluíndo intereses.

Polo dito anteriormente, solicítase a adopción do seguinte acordo:

Instar a Xunta de Galicia a que utilice o Instituto Galego de Consumo para mediar en favor dos cidadáns, premendo a todas as entidades financeiras a aplicar a sentenza de 9 maio pasado na que se declaran abusivas as cláusulas suelo, non so deixando de cobrar estas cláusulas dende a publicación da devandita sentenza, senón devolvendo integramente o cobrado de forma irregular dende o inicio da hipoteca, aplicándolle o xuros de mora correspondentes.

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión do 30 de decembro de 2013, ditaminou favorablemente a anterior Moción.

DEBATE.-

SR. REGADES FERNÁNDEZ: O Tribunal Supremo confirma a nulidade das “cláusulas solo” incorporados a contratos bancarios de préstamos con garantía hipotecaria e intereses variables das entidades BBVA, Cajas Rurales, ECC, Novagalicia Banco, ratificada en sentenza o 9 de maio pasado. Coa aplicación desta sentenza as entidades financeiras están obrigadas a devolver as “cláusulas solo” dende a publicación da mesma. Non obstante, o Xulgado do Mercantil de Pontevedra ven de ordenar a devolución íntegra en dous casos, nesta liña queremos traballar dende o Concello de Vigo, queremos premer para a devolución desta “cláusula solo” dende o comezo da hipoteca e non dende a data da publicación de dita sentenza, non podemos consentir que familias humildes teñan que acudir ao Xulgado co gravoso que resulta dende a reforma do Partido

Popular para facer valer os seus dereitos, tampouco podemos consentir que outras entidades financeiras que nestes momentos din que non están aplicadas pola sentenza non estean a aplicar a devolución das “cláusulas solo”. Non lles é directamente aplicable, iso no é certo, é aplicable a tódalas entidades financeiras e iso queremos estendelo dende aquí, dende este Concello que estamos a traballar para obrigar aos cidadáns a que acudan de forma libre ao Concello e non obrigados como quere o Partido Popular, ao Xulgado para reclamar os seus dereitos.

A Xunta de Galicia ten que tomar partido, non pode mirar cara outro lado e utilizar o Instituto Galego de Consumo en favor dos cidadáns, en favor das familias. Esixímoslle ás entidades financeiras, a tódalas entidades financeiras á devolución da “cláusula solo” dende o seu inicio da hipoteca, e tendo en conta que o acordo do Código Civil unha vez declarada a nulidade os contratantes deben restituír as cantidades cobradas indebidamente, incluídos os intereses.

Polo dito anteriormente, solicitamos, instamos á Xunta de Galicia a que utilice o Instituto Galego de Consumo para mediar en favor dos cidadáns premendo a tódalas entidades financeiras, repito, a tódalas entidades financeiras a aplicar a sentenza do 9 de maio pasado na que se declaran abusivas as cláusulas solo. No seu dereito a cobrar as cláusulas dende a publicación da devandita sentenza, senón devolvendo integramente o cobrado de forma irregular dende o inicio da hipoteca, aplicando os xuros de mora correspondentes.

Nun momento de crise como o que vivimos actualmente, as administracións teñen que estar cos cidadáns e cos problemas dos cidadáns, así como estamos nós. Nós estamos nestes momentos aquí no Pleno vendo á familia de Patricia, á de Enurne, á de Felipe, á de Luís, de Osorio, á de Puri, á de Carlota, á de Emilio e tantas outras familias que hoxe non están aquí, que están sufrindo os abusos bancarios, non podemos consentir cos bancos abusen e apliquen cláusulas abusivas que rozan, si señores do Partido Popular, a usura en numerosos casos. O deixar de aplicar esta “cláusula solo”, estaríamos reducindo no número de desafuzamentos en Galicia, os galegos e os vigueses/as somos cumpridores e o último que deixaríamos sen pagar serían as nosas hipotecas, as hipotecas da nosa casa. Pero neste momento estamos vivindo a situación abusiva e dominante

de grupos bancarios poderosos e da opresión dos poderosos aos máis débiles e que se ceba nestes momentos de crise con traballadores desempregados.

O Concello tramitou no ano 2013, 200 reclamacións sobre “preferentes e cláusulas solo”, que consistiron en dúas fases: a primeira, a reclamación ao banco e sempre coa resposta negativa e a segunda, a reclamación ao Banco de España que está admitindo a trámite tódalas reclamacións que se están facendo dende o Concello de Vigo e neste caso, cando se admiten a trámite notifica, non só ao banco, senón tamén ao interesado da admisión da “cláusula solo”. Isto que significa, que nese momento o banco chama aos veciños/as, si Sr. Fidalgo, agora non, nós levamos traballando a reo sobre todas estas medidas, sobre os abusos que os poderosos están exercendo sobre as viguesas/es, sobre os veciños/as, vostedes queren mira cara outro lado.

O papel que nestes momentos está facendo a Oficina de Consumo é inexistente e o que fai, que llo poden dicir os afectados, é inválido no sistema financeiro como reclamación bancaria, poñan a cabeza onde teñen que poñela, ao lado das viguesas/es, dos necesitados, dos nosos veciños/as.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Efectivamente o Bloque Nacionalista Galego non podía ser doutro xeito, imos apoiar esta moción presentada polo Partido Socialista, ademais porque tamén xa no mes pasado de outubro, o Bloque Nacionalista Galego neste Concello ten rexistrado unha moción en tal sentido e porque ademais tamén tanto no Parlamento Galego como no Parlamento do Estado español xa o Bloque Nacionalista Galego ten proposto iniciativas tendentes a que dunha vez por todas se eliminen esas “cláusulas solo” e sobre todo que se clarifiquen perfectamente tódalas circunstancias e cada unha das características que non fagan que as familias, aínda por riba de estar sufrindo ese abuso, sen poder beneficiarse da baixada de xuros precisamente por esas “cláusulas solo”, aínda por riba non teñan que incidir máis nas súas economías xudicializando algo que por simple dereito e por esa sentenza tiña que estar xa de sobra recoñecido.

Efectivamente a crise golpeou gravemente outra vez a milleiros de familias con créditos hipotecarios contratados por aquel entón con intereses variables. Unha

vez máis estamos diante dunha nova actuación da mesma faciana, a gran banca e os poderes económicos, que por mor da especulación e da obtención de grandes beneficios non dubidan en aplicar cláusulas e contratos abusivos para prexudicar sempre aos pequenos aforradores ou simplemente a aqueles que o único a que aspiran é a ter unha vivenda digna. Porque xa me dirán se non é un auténtico escándalo que precisamente agora que os xuros baixan por mor da crise, os usuarios destas hipotecas non se podan beneficiar ao ver reducida a súa achega, xa que os propios bancos e estes grandes poderes económicos se aseguraron precisamente e con estas famosas “cláusulas solo” de que así non acontecera. Primeiro, como escoitamos hai uns minutos foron as “preferentes e subordinadas”, logo esa longa lista de desgraciados desafuzamentos, peches de créditos para os pequenos e medianos empresarios, para os comerciantes, para os aforradores e agora estamos asistindo a que moitas destas entidades desoan esta sentenza e seguen aplicando esas cláusulas abusivas.

Temos por tanto, que reformar a lexislación para que queden dunha vez por todas ben clarificados estes elementos e como dicía antes, que as familias non teñan que incrementar os seus gastos xudicializando unha situación de que por si xa tería que estar claramente fora da lei, esas cláusulas tiñan que estar nestes momentos fora da lei e aquelas entidades que as segan aplicando por mor desta sentenza do Tribunal Supremo se tiña que ir enriba delas non simplemente advertíndoas senón sancionándoas moi grave. Iso é o que se tería que ter feito xa nestes momentos.

Hai moito tempo que a Asociación de Usuarios de Bancos, Caixas de Aorro e Seguros de Galicia, ADICAE, ven dende hai moito tempo reclamando precisamente para esta clarificación que se incorpore na lei xeral para a defensa dos consumidores, e no seu artigo 87 que se incorpore un punto que clarifique e delimite ese abuso por falta de reciprocidade fundamentalmente en tres causas: primeiro, que se lexisle claramente naqueles casos onde non haxa equilibrio de reciprocidade, non hai dereito a que sigan existindo “cláusulas solo” por abaixo e que sen embargo non exista teitos por arriba, iso é unha auténtica inxustiza de cara ós usuarios. Tamén aqueles casos nas que a entidade introduce a sabendas un “solo” e un “teito” en niveis suficientemente elevados para única e

exclusivamente o seu beneficio. Tamén para aqueles casos nos que exista unha desproporción entre o que se lle aplica por abaixo e o que se lle aplica por arriba. En definitiva, por piso presentamos esta emenda de engádeda porque cremos que como defende esa asociación que acabo de citar e como defenden os propios prexudicados, temos que clarificar dunha vez por todas para que estes abusos non se podan volver a consentir. Sobre todo, e repito unha vez máis, que as entidades financeiras hai que dunha vez por todas facerlles pasar polo aro que non é outro que cumbran e que garantan os dereitos dos aforradores e daquelas persoas que só aspiran simplemente a ter unha vivenda digna.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Presentando esta moción, que por suposto nós imos apoiar, aínda que creo que despistaron un pouco o tiro porque instan á Xunta de Galicia a que utilicen o Instituto Galego de Consumo para mediar entre os cidadáns, nós presentamos unha emenda de substitución na que instamos ás Cortes Xerais, ao Parlamento de España, a que modifique a lei para que teña en conta estes problemas, que é onde se teñen que arranxar, no Goberno de España e no Parlamento.

Pero presentada esta moción o primeiro que se nos ven á mente é que vostedes o do Partido Socialista ou son uns inconscientes ou son uns irresponsables, que sono, ou é que teñen gañas de provocar, que eu creo que as teñen, porque viñeron hoxe bastante provocadores.

Porque este tema o das famosas “cláusulas solo” puxéronse de moda en España a finais de 2006, non lembro quen gobernaba en España, pero creo que un socialista. Pero despois coa caída dos tipos de interese demostrouse que esta cláusulas eran prexudiciais para aqueles particulares que de boa fe as subscribiron nas súas hipotecas. E este asunto non é máis que unha desfeita máis da peor política bancaria que se fixo en España en toda a historia, protagonizada por dous socialistas, un, gobernador do Banco de España, o Sr. Miguel Ángel Fernández Ordoñez, e outro, presidente do Goberno, o Sr. Rodríguez Zapatero, que dicía que estabamos na “champion league” das economías e que o noso sistema financeiro era o mellor do mundo. Isto das cláusulas solo non é máis que un engano máis do Partido Socialista, un engano masivo, como o das

“preferentes”, a vostedes se lle enche a boca en saír como benfeitores dos cidadáns indefensos e nomean ás familias cando mentres gobernaban vostedes facían todo o contrario defendían os intereses da gran banca e por iso “ZP”, o Sr. Zapatero, reuníase coas corenta fortunas máis importantes da país para arranxar o país, estaban preocupados por indultar aos conselleiros delegados dos bancos como o do Santander, o Sr. Alfredo Saíz que o indultaron vostedes e claro, por vergoña, nesa época deixaron de ir a Rodiezmo a levantar o puño e a cantar a Internacional porque estaban coa gran banca. Pero agora como están na oposición e os deixaron con sete millóns de votos, con 110 deputados agora din que volve o Partido Socialista e por isto traen esta moción ao Pleno, que pouca vergoña teñen porque vostedes cando gobernaron non fixeron nada absolutamente nada para frear os abusos dos bancos, nin coas cláusulas solo, nin coas preferentes, nin cos desafuzamentos, nada de nada. Saben a que se dedicaban, pois a Sra. Chacón a crear xulgados para facer desafuzamentos expres, a Sra. Trujillo tamén ministra de vivenda sobre os desafuzamentos dicía que o que tiña débedas que pague.

En Vigo tres cuartos do mesmo, o Alcalde échese a boca de dicir que nos roubaron a Caixa, pero a hora de elixir o Alcalde entre os cidadáns e os seus amigos, defendeu aos seus amigos, primeiro aos gobernos socialistas en Madrid que a base de “decretazos” subiron os coeficientes de solvencia e por outra banda aos xestores de Caixanova, aos antigos xestores, que eran os amigos do Alcalde, que eran os que dirixían o barco e que foron os que para cumprir con eses coeficientes de solvencia vendíanlle aos vigueses/as produtos envelenados como as “preferentes”, eses eran os amigos do Alcalde. Uns leváronse a base de millóns xubilacións millonarias e plans de pensións obscenos e outros aquí en Vigo, vigueses/as, quedáronse cun papeis que non servían para nada e que grazas ao Partido Popular a maioría desa xente está recuperando os seus cartos.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Señores do Partido Popular que oportunidade perdida tiveron esta mañá, seguramente porque non son capaces de ver aos cidadáns á cara, aos ollos e poñerse ao seu lado, xa o dicía na anterior intervención desta Pleno, non atenden aos veciños, se pídenlles reunións e non os atenden e non os

escoitan porque están, seguramente, no seu altar e dende o seu altar predicán pero cando se dean conta predicarán no deserto porque non teñen a ninguén xa a quen falarlle.

Cando vostedes falaban na súa moción admitiríamos a súa emenda se fora unha emenda de engádeda e non de substitución. Agora, chámame moito a atención porque isto xa se debateu no Parlamento de España, Sr. Fidalgo, vostede quérenos enganar ou descoñece o que se debate no Parlamento de España cando vostede trae esta emenda de substitución a este Pleno porque xa se debateu, pódeme dicir o que votou o Bloque Nacionalista Galego? A favor. Pódeme dicir o que votou o Partido Socialista? A favor. Pódeme dicir o que votou a maioría absoluta do Partido Popular que fixo que esta medida no fora adiante? En contra, son vostedes uns demagóxicos e sobre todo uns tramposos políticos, dedican a vida a facer trampas políticas, por iso cando predicán vostedes o fan no deserto.

Cando vostede dicía que o Partido Socialista reuníase en Moncloa con empresarios, sabe onde se reunía o Partido Popular? Nas vodas das fillas, con regalos escuros e corruptos, é aí onde vos reunides ós empresarios co Partido Popular.

Cando dicía que é o que se fai dende a Xunta de Galicia e que non escapen, vostedes gobernan na Xunta de Galicia e teñen que ter medidas de acción por iso nós dicímoslle que dende o Goberno Popular da Xunta de Galicia actúen, que miren aos cidadáns e nun momento de crise como no que estamos, as administracións teñen que estar ao lado dos cidadáns e dos problemas dos cidadáns. En Vigo que facemos? Poñemos pisos ao servizo dos cidadáns, poñemos axudas ao servizo dos cidadáns e oímos e atendemos a tódolos cidadáns.

Pedímoslle que na Xunta de Galicia fagan o mesmo, que onde gobernan fagan o mesmo, que no Goberno de España fagan o mesmo, e no Parlamento de España, cos seus votos, eleven a lei esta medida do Pleno do Concello de Vigo, repítolle que no Parlamento de España eleven a lei esta medida que se está aprobando no Pleno do Concello de Vigo cos votos a favor dos partidos de esquerda. Iso é o que diferencia á esquerda da dereita, a esquerda cos cidadáns e a dereita cos

empresarios.

PRESIDENCIA: Hai dúas emendas presentadas Sr. Regades, unha do Bloque e outra do Grupo Popular manifeste sobre se acepta a votación dalgunha delas. Procedemos a votación da engádeda da emenda de adición do Bloque Nacionalista Galicia nos termos nas que está formulada na emenda repartida.

No transcurso do debate, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, presenta a seguinte emenda de engádeda:

“Engadir un segundo punto co seguinte texto:

Que no artigo 87 da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios se delimiten claramente os supostos nos que se concreta o abuso por falta de reciprocidade, fundamentalmente en tres:

- a) Casos nos que non haxa equilibrio-reciprocidade entre os dereitos do consumidor coa entidade, xa que só hai cláusula solo pero teito.
- b) Casos no que a entidade introduce a sabendas un solo e teito en niveis moi elevados co obxectivo de consecución de beneficios.
- c) Casos nos que existe unha desproporción entre solo e teito, é dicir, hai un desequilibrio entre dereitos e obrigas que imponen ambas cláusulas.”

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Regades Fernández, a presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase aceptar a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, co seguinte texto dispositivo:

Primeiro.- Instar a Xunta de Galicia a que utilice o Instituto Galego de Consumo para mediar en favor dos cidadáns, premendo a todas as entidades financeiras a aplicar a sentenza de 9 maio pasado na que se declaran abusivas as cláusulas solo, non so deixando de cobrar estas cláusulas dende a publicación da devandita sentenza, senón devolvendo integramente o cobrado de forma irregular dende o inicio da hipoteca, aplicándolle o xuros de mora correspondentes.

Segundo.- Que no artigo 87 da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios se delimiten claramente os supostos nos que se concreta o abuso por falta de reciprocidade, fundamentalmente en tres:

- a) Casos nos que non haxa equilibrio-reciprocidade entre os dereitos do consumidor coa entidade, xa que só hai cláusula solo pero teito.
- b) Casos no que a entidade introduce a sabendas un solo e teito en niveis moi elevados co obxectivo de consecución de beneficios.
- c) Casos nos que existe unha desproporción entre solo e teito, é dicir, hai un desequilibrio entre dereitos e obrigas que impoñen ambas cláusulas.”

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

Non houbo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECAMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(241).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 21 de novembro e 31 de decembro de 2013.

1.2(242).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 21 de novembro e 31 de decembro de 2013.

1.3(243).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 2.12.2013, NA QUE SE DELEGAN A TOTALIDADE DAS FUNCIÓNS DA ALCALDÍA NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, DURANTE OS DÍAS 3 E 4 DE DECEMBRO 2013. EXPTE. 798/1101..

ANTECEDENTES.- Con data 2 de decembro de 2013, a Alcaldía ditou a seguinte Resolución:

“Mediante Resolución de data 13 de xuño de 2011 esta Alcaldía nomeou Primeira Tenente de Alcalde á concelleira D^a Carmela Silva Rego.

Corresponde os Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e por orde de nomeamento ao Alcalde nos casos da súa ausencia.

Razóns profesionais relacionadas coa actividade e xestión municipal obrigan a esta Alcaldía a ausentarse do municipio nos días 3 e 4 de decembro.

De conformidade co sinalado no artigo 125.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de acordo cos artigos 44 e 47 do

Reglamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, resolvo:

PRIMEIRO: Delegar en D^a. Carmela Silva Rego, Iltma. Primeira Tenente de Alcalde do Concello de Vigo, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos términos previstos na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, durante o período comprendido entre os días 3 e 4 de decembro de 2013.

SEGUNDO: A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver procedementos administrativos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO: De conformidade co artigo 115 do R.D. 2568/1986 o órgano delegado informará a esta Alcaldía da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia que resulten oportunas.

CUARTO: Sen prexuízo da súa eficacia inmediata a presente Resolución notificarase a interesada, os Voceiros dos distintos grupos políticos municipais, publicarase no Boletín Oficial da Provincia e darase conta do seu contido o Pleno da Corporación na primeira sesión que realice.

QUINTO: No no previsto expresamente aplicaranse as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, e do Real Decreto 2.568/1986 en canto as regras que para a delegación se establecen en ditas normas.

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía no término dun mes a contar desde o día seguinte a súa recepción, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no término de dous meses a contar desde el día seguinte á recepción da súa notificación. “

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non houbo.

4.- MOCIÓNS.

4.1(244).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A CREACIÓN DUN NOVO BONO PARA O SERVIZO DE AUTOBÚS URBANO, PARA AS PERSOAS DESEMPREGADAS DE LONGA DURACIÓN. EXPTE. 803/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de decembro del 2013, número 803/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Actualmente existe na nosa cidade unha tarxeta social para o uso do servizo de transporte público municipal que permite acceder ás persoas usuarias cunha tarifa reducida (0,66 €), subvencionada polo Concello, no caso de atoparse en situación de desemprego cobrando o subsidio de desemprego ou a Renda Activa de Inserción. Porén aquelas persoas desempregadas de longa duración que non perciben xa subsidio ningún nin outras axudas non teñen acceso a ningunha outra tarifa reducida máis aló da tarxeta normal dirixida a todas aquelas persoas que non pertencen a ningún colectivo beneficiario de tarxetas con tarifa reducida, estudantes ou pensionistas.

Esta situación provoca que moitas persoas na nosa cidade que non teñen ningún ingreso non poidan gozar de desconto ningún no transporte urbano impedíndolles o acceso a un servizo básico por falta de recursos económicos. Existe unha demanda importante dunha nova tarxeta social que permita o acceso gratuíto ao servizo público de transporte urbano de viaxeiros a aquelas persoas que non teñen ingresos especialmente debido ao crecente número de desempregados e desempregadas de longa duración que non cobran subsidio.

Por todo isto é polo que se insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

A creación dun novo bono para o servizo de autobús urbano que o faga gratuíto para as persoas desempregadas de longa duración con ingresos inferiores ao

Salario Mínimo Interprofesional, e aquelas que carezan de fonte de ingresos.

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 30 de decembro de 2013, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. VELOSO RÍOS: O Bloque Nacionalista Galego rexistrou esta moción o día 20 de decembro na que dada a circunstancia actual en canto ás tarxetas da existencia dunha tarxeta social para o uso do servizo de transporte público municipal que permita acceder as persoas usuarias cunha tarifa reducida subvencionada polo Concello 0,66 céntimo de euro, no caso de atoparse en situación de desemprego, cobrando o subsidio de desemprego ou a renda activa de inserción, mentres que as persoas desempregadas que non teñen xa ningún tipo de ingresos, sobre todo as persoas desempregadas de longa duración que xa non teñen ningún tipo de ingreso, non teñen acceso a esta tarxeta social.

A nós sempre nos pareceu que este era un problema que había que solucionar, que era necesario establecer unha tarxeta social para aquelas persoas que non están recibindo xa subsidio de desemprego, que non están recibindo ningún tipo de renda, sabendo ademais cal é a situación actual deste tipo de rendas, a maioría delas da Xunta de Galicia e que está deixando a moitas persoas agora mesmo sen ningún tipo de recurso, pois estas persoas xa non tiñan ningún acceso a ningunha outra tarifa reducida máis aló da tarxeta normal que está dirixida a todas aquelas persoas que non pertencen a ningún colectivo que se beneficie de tarxetas con tarifa reducida, é dicir, estudantes ou pensionistas.

Así un servizo básico como o transporte urbano queda fora do alcance de moitas persoas, e hai unha demanda importante dunha nova tarxeta social que permite o acceso gratuíto ao servizo público de transporte urbano de viaxeiros, sobre todo tendo en conta o aumento tan grande que está habendo de persoas desempregadas de longa duración na nosa cidade.

Despois da data de rexistro desta moción que foi, como dicía ó principio o 20 de decembro, atopámonos ademais coa decisión, entendemos que moi pouco afortunada, decisión por dicilo dalgunha maneira do goberno local de subir o

prezo de billete ordinario de Vitrasa. Subiuse ademais, nin máis nin en menos que en oito céntimos, pasando a custar agora mesmo 1,32 euros. Vemos como un servizo de transporte público está sufrindo recortes, porque neste caso vemos un aumento da tarifa moi importante, mentres que as liñas de transporte están sen revisarse e sen prestar un servizo adecuado á cidadanía dende hai moito tempo, e o Goberno Local non toma ningunha decisión destinada a solucionar esta problema. Temos un servizo de transporte deficitario que non está prestando o servizo que precisa esta cidade agora mesmo, con liñas que non son adecuadas e aínda por riba este ano súbese o prezo do billete ordinario de Vitrasa, dun 1,24 a 1,32 euros. Ademais hai unhas tarxetas de desconto que se manteñen na mesma tarifa que o ano pasado, que se conxelan pero deixan fora a moitas persoas que precisan dese servizo de transporte público. Evidentemente estamos falando de persoas que normalmente non teñen vehículos privados, ademais creo que é tamén responsabilidade do Concello promover o transporte colectivo fronte ao transporte privado, pero ademais son persoas que non teñen opción para os seus desprazamentos e que se estamos falando de persoas que están buscando un posto de traballo, formándose para conseguir un novo posto de traballo, evidentemente van ter a necesidade de desprazarse e van ter que pagar un servizo de autobús que queda fora do seu alcance porque non teñen ningún tipo de recurso.

Por iso nós o que pedimos é a creación dun novo bono para o servizo de autobús urbano que o faga gratuíto para as persoas desempregadas de longa duración con ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional, e por suposto tamén para aquelas que carezan de fonte de ingresos. Realmente neste momento é un esforzo que compre facer, e para iso o que hai que facer non é aplicar recortes ao servizo, non é subir o prezo do billete ordinario, senón buscar a eficiencia dun servizo público que agora mesmo é completamente deficitario e sobre o que se poden tomar medidas dende este goberno para que deixe de selo e realmente preste o servizo que ten que prestar como servizo básico ás persoas de Vigo.

SRA. ARAÚJO PEREIRA: A verdade é que a moción que presenta o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego ponnos de fronte á realidade do maior problema

que temos na actualidade e ao que tódolos políticos temos que facer fronte dende as responsabilidades que temos asumidas.

Esta realidade é a falla de emprego, xerada por unha crise económica brutal e á que non se soubo facer fronte anticipadamente. Esta crise fai vivir a unha gran parte dos nosos cidadáns verdadeiras penurias, situacións vergoñosas e ataques á dignidade da persoa como ente independente, o tomar todo tipo de medidas que lles faga recuperar a súa independencia e dignidade é unha labor prioritaria das administracións e os responsables políticos que as gobernan. Do mesmo modo xerar sistemáticas de axuda que poda facilitar condicións de mobilidade para a busca dun futuro mellor, como ben dicía a Sra. Veloso, son esencia no momento actual e no que viven os nosos cidadáns.

É por isto que dende o Grupo Municipal do Partido Popular sumámonos e apoiámos a moción do Bloque Nacionalista Galego, nós queremos completar dalgunha maneira esta moción buscando un carácter universal e transfronteirizo, desvinculándonos das últimas declaracións do noso Sr. Alcalde relativa aos bonos de transporte que só sexan para os empadroados en Vigo. Sr. Alcalde nós podemos entender que un bono universitario sexa para universitarios, cun bono turístico sexa para turistas ou que un bono de pensionistas sexa para pensionistas, o que non estamos a favor é que se tomen medidas que non favorezan aos cidadáns que realizan vida na nosa cidade e fagan gastos na cidade, si podemos entender un bono que favoreza á xente que está empadroada en Vigo e que paga os seus impostos en Vigo, pero non da maneira que o está tratando.

Xa que a crise económica e a pobreza non entenden de fronteiras, co cal queremos engadir a esta moción, que este bono gratuító non estea vinculado ao lugar de residencia nin de empadroamento.

Esta moción que hoxe debatemos vai na liña doutras dúas mocións que xa se presentaron, unha en setembro e outra anticipadamente. Unha que presentamos coa tarxeta Xove e deben saber que gran parte ou a gran maioría dos desempregados son xente moza por desgraza, é o maior problema que ten esta cidade e necesitan moverse para buscar emprego. Tamén a que se debateu en setembro do ano pasado, naquela moción falábamnos de que para o Alcalde a

movilidad é un problema do que non quere oír nin falar, máis ben céntrase na mobilidade e o illamento e o traslada aos cidadáns, isto é como se unha empresa por exemplo, unha axencia de viaxes cun problema de xestión interna o traslada aos seus clientes, poñéndolles trabas para adquirir un servizo ou ampliándolle o prezo do mesmo sen mellorar de ningunha maneira o produto que venden, e isto é o que fixo, aumentou o prezo e segue sen mellorar o servizo, de feito a evolución dos usuarios de Vitrasa danos que os cidadáns desta cidade, obviamente non son parvos e están deixando de usar o Vitrasa, en vez de fomentalo están prexudicando.

Naquel momento falabamos de que as cifras de usuarios de Vitrasa seguían unha tendencia negativa, e é verdade, as cifras déronnos a razón, no mesmo debate comentábamnos que despois de tentear á cidadanía viguesa, escoitar cales eras as súas necesidades e as propostas que facían no tema de transporte, eles tiñan razón e dicíannos o que a teoría di, dicían que a mellor mobilidade de Vigo depende en gran medida da potenciación do transporte urbano e metropolitano. Os vigueses queren un transporte eficiente, cómodo e que non lles xere problemas para moverse por Vigo e ao seu redor, como ten que ser calquera transporte que os vigueses fan na área urbana e metropolitana é excesivamente caro e custoso, como din as enquisas da propia concesionaria. Isto fai que a súa utilización sexa mínima xerando maior número de usuarios en vehículo particular, isto fai que aumente o tráfico na cidade e aumente tamén a contaminación na mesma.

É certo que somos a cidade de Galicia que ten o prezo do billete ordinario e as súas tarifas reducidas con desconto máis caras, por isto naquel momento solicitamos ao Pleno do Concello que se tomase o seguinte acordo, do que imos destacar o segundo punto para que vexan que xa se presentou, instalar unha tarxeta urbana no prazo de seis meses de tarifa plana que permita aos usuarios máis desfavorecidos beneficiarse dun transporte público urbano a un custe moi reducido, moi na liña do que é esta moción e por iso nós a imos apoiar.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A cidade de Vigo a día de hoxe ten máis de 30.000 parados, a data de 31 de decembro do ano 2013, tiña 33.915 dos cales máis de

20.000 son parados de larga duración.

Eu cando lles dicía aos señores do Partido Popular que me dixeron a cifra dos usuarios do transporte urbano de Vigo no ano 2013 é porque hoxe liámonos nun xornal que nos falaba de 14.000 usuarios dixo onte o Partido Popular, pois señores do Partido Popular os expedientes hai que lellos, nesa prognoses se a le con detalle, falaba do 1 de xaneiro ao 1 de setembro, o ano ten 12 meses, non podemos comparar do 1 de xaneiro ao 1 de setembro do ano 2013 co 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2012, entón por iso lle aparece esa diferenciación de usuarios.

Eu imaxínome que vostede non o faría con mala fe, non porque non saiba ler os informes e os expedientes e iso o viamos hoxe reflectido nos xornais locais.

Dende o Concello de Vigo, sen competencias en materia de Emprego nin en Políticas Sociais mantense un firme compromiso nesta materia en Benestar Social, cando gobernaba o Partido Popular no Concello de Vigo destinaba 5.618.000 euros, o Partido Socialista, o Goberno do Sr. Abel Caballero destina 9.307.000 euros, en Emprego cando gobernaba o Partido Popular na cidade de Vigo destinaba 2.386.000 euros, o Goberno do Sr. Abel Caballero destina 5.411.000 euros, en Participación Cidadá, onde están as políticas activas de emprego e anticrise, o Partido Popular destinaba 1.229.000 euros o Goberno do Sr. Abel Caballero destina 5.134.000, en Educación, que é o que iguala ás persoas, o Partido Popular destinaba sete millóns, o Goberno do Sr. Abel Caballero destina 10.570.000 euros, en Transporte o Partido Popular destinaba 5.612.00, o Goberno do Sr. Abel Caballero destina máis de doce millóns de euros. En Cultura, Xuventude, Bibliotecas e Museos o Partido Popular destinaba 7.500.000, o Goberno do Sr. Abel Caballero destina máis de oito millóns; en Igualdade o Partido Popular destinaba menos dun millón, o Goberno do Sr. Abel Caballero destina un millón, é dicir, en Políticas Sociais o Goberno do Sr. Abel Caballero, o Alcalde da cidade, destina máis de cincuenta e dous millóns de euros.

20.000 parados de longa duración e unha media de dous viaxes ao día por 365 días ao ano e un custo 1,32 euros viaxe suman 19.272.000 euros, a nós gustaríanos, señores do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular, aplicar

esta medida. Tamén nos gustaría que cando nos fan esta proposta, esta moción a Pleno, fixéranos unha proposta do importe e da cantidade económica porque unha moción feita doutra forma sería unha moción demagóxica e sobre todo gustaríanos saber porque os orzamentos teñen que estar equilibrados, en detrimento de que partidas o farían, se o farían en detrimento das partidas de Políticas Sociais, en detrimento das políticas aos nosos mozos, aos nosos maiores unha proposta sen estudo económico é unha proposta demagóxica.

Chámanos moito a atención, señores do Bloque Nacionalista Galego e señores do Partido Popular, que nin a Xunta de Galicia que ten competencias en Políticas Sociais e de Emprego non se lle faga demanda económica algunha, e tampouco se lles faga ningunha demanda á Deputación de Pontevedra, que non fagan ningunha achega a esta política de transporte, hai dous Bloques Nacionalistas Galego: onde gobernan soben os impostos e onde son oposición defenden o gratis total, da igual as contas, a quebra, da igual todo. O Alcalde de Pontevedra líder do Bloque Nacionalista Galego subiu tódolos prezos públicos na súa cidade o 1,8%, aquí propoñen outras cousas e non existen axudas deste tipo a desempregados. Se o seu líder do Bloque Nacionalista Galego en Pontevedra non fai estas medidas, por que nos traen estas medidas aquí? Pero tampouco existe ningún tipo de axuda en ningún dos concellos de Galicia gobernados polo Bloque Nacionalista Galego, Salcedas de Caselas, Monforte ou Tomiño.

O do Partido Popular é quitado dunha película do Sr. Almodóvar, acaban de aprobar cobrar os desprazamentos en ambulancias aos nosos enfermos e as persoas con mobilidade reducida e aquí fannos este tipo de propostas, onde teñen competencia como é o transporte metropolitano, como nos falan a nós de que paguemos o transporte metropolitano e o traen por escrito nunha moción, pero señores da Xunta de Galicia se vostedes suprimiron nestes últimos anos liñas na área metropolitana a Gondomar, a Nigrán, a Baiona ou Mos, e estes concellos vense obrigados a vir a escondidas a falar co Alcalde para que lle solucione este problema por medo a que o Sr. Feijóo lles reprimenda.

SRA. VELOSO RÍOS: Sr. Regades, aínda falla un bo cacho paras as eleccións municipais, así que non vaíamos avanzando argumentos porque aquí estamos

falando doutra cousa, de persoas desempregadas de longa duración que non teñen ningún tipo de recurso, porque a súa situación ademais non é que veña sendo resultado dunha crise que caeu do ceo, senón que é o resultado de políticas aplicadas polo Partido Popular que os deixa sen ningún tipo de recurso e nós estamos pedindo que teñan acceso a un bono gratuíto para poder utilizar un servizo público de transporte, se se quere chamar público, porque agora realmente ten pouco de público. Debería, xa que mira tanto para outros concellos, mirar tamén para aqueles outros concellos nos que se están municipalizando de novo os servizos básicos como o de transporte para saber de onde pode vostede quitar recursos para que sexa un recurso eficiente, que preste un servizo á cidadanía e que non castigue tamén, como se fai dende outras administracións, ás persoas que están nunha situación económica máis complicada. De onde de traeríamos nós os recursos para facer iso? Pois xa llo digo claramente, de publicidade e propaganda, por exemplo.

Por outra banda tampouco podemos dicirlle moito máis, porque a día de hoxe non hai proxecto de orzamentos por parte deste Goberno, cando o teñamos seguro que se nos poden ocorrer ideas, iso si serán as que poidamos debater neste Pleno se vostedes queren, porque cando temos ideas sobre as ordenanzas municipais vostedes non queren debatelas, entón cando vostede fala de se nos queremos ou non garantir os recursos deste Concello esquecese de que a nós nin sequera nos permiten debater aquí como garantir os recursos deste Concello.

Entón imos ver primeiro claramente, quen ten as responsabilidades de que, e eu quérolle lembrarlle de que vostedes están gobernando e teñen a responsabilidade de buscar os recursos para a xente que na nosa cidade non está cobrando ningún tipo de axuda que leva anos no desemprego, teña acceso ao servizo público de transporte de forma gratuíta porque non se pode permitir pagar un billete ordinario que vostedes subiron en oito céntimos este ano. Entón a nós non nos veña con discursos electoralistas porque non é do que estamos falando. Estamos en Vigo, xa que vostedes insisten tanto en que estamos en Vigo e que aquí hai que atender ás persoas que pagan os impostos en Vigo, pois sigamos falando e Vigo, nós tamén queremos falar de Vigo e de feito parécenos que a cuestión sobre o empadramento das persoas para ter acceso ao bono tal

e como propón o Partido Popular é outro debate, eu diríalle ao Partido Popular que presente unha moción sobre este tema. Nós non queremos desviar o debate como está facendo o Partido Socialista, por certo tamén noutras mocións realmente importantes, unha magoa que a Sra. Abelairas os tres minutos que tivo tampouco os aproveitase para falar do Centro de Emerxencia co moito que nos custou telo nesta cidade.

Tampouco queremos introducir outro debate como é o tema de empadramento nesta moción no que agora o que queremos é pedir un bono gratuíto para as persoas sen recursos da nosa cidade.

SR. LÓPEZ FONT: Quero anunciar que o Grupo Municipal Socialista votará a favor desta moción porque compartimos e desexamos que isto se puidera levar a cabo, pero condicionado á posibilidade de que isto se poida encaixar no Orzamento, só si é posible.

A PRESIDENCIA: Acepta a emenda dona Veloso? Non. Non aceptada a emenda procedemos a votar a moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, instando a creación dun bono-bus gratuíto para as persoas en paro de longa duración e para as que carezan de fonte de ingresos, co texto transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.2(245).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A QUE NO PRAZO DUN MES PRESENTEN UNHA PROPOSTA DE ORZAMENTO PARA O ANO 2014. EXPTE.

808/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de decembro del 2013, número 808/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Atopámonos, pese a estar xa no mes de xaneiro, no derradeiro pleno do ano 2013. É triste comprobar que o goberno municipal nin sequera da sinais de redactar orzamento para o Concello no ano 2014. Vigo non pode permanecer un ano tan importante como este sen dispoñer de contas municipais aprobadas, máxime cando debería ser este o exercicio para o inicio da recuperación económica.

O Grupo Popular xa plantexou a súa disposición a negociar o orzamento de 2014 baseado en tres premisas: aumento e redistribución do gasto social, mellora nos plans de emprego e facilitar as inversións na cidade, tanto públicas como privadas. O goberno municipal non ten sido quen de nin sequera contestar a dita oferta de diálogo.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Que por parte do Pleno da Corporación se inste o goberno municipal e ao alcalde a que no prazo dun mes presente una proposta de orzamento do Concello para o ano 2014.”

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión do 30 de decembro de 2013, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. FIDALGO IGLESIAS: O Orzamento municipal é o instrumento en base ao cal se planifican os ingresos, os gastos e as inversións de todo un exercicio. O Orzamento é polo tanto un elemento dispensable para o funcionamento do día a día da cidade e marca ademais as liñas xerais do que se pretende para o Vigo do próximo exercicio.

Sen dúbida é a principal obriga do Goberno Municipal, pero lamentablemente en Vigo, a pesar de atopamos xa a día oito de xaneiro, en Vigo non se iniciaron sequera os pasos necesarios para contar cun Orzamento para 2014. Por iso, o

Partido Popular non se equivoca ao dicir que o Alcalde estase saltando a lei, vostede estase saltando a lei, porque a Lei reguladora da facendas locais no seu artigo 169, obriga a ter o Orzamento aprobado de forma definitiva antes do 1 de xaneiro, e vostede sábeno Sr. Alcalde. Unha cidade sen Orzamento é unha cidade sen goberno, Sr. Alcalde, se vostede houbese gañado as eleccións traería un Orzamento, se vostede non estivese en minoría política e social traería un Orzamento, se vostede tivese unha idea clara do que quere facer, traería un Orzamento, pero en Vigo ao non haber proxecto de cidade, tampouco hai proxecto de Orzamentos. O culpable de que Vigo non teña Orzamentos é única e exclusivamente o Sr. Abel Caballero, que é quen ten a obriga por lei de presentar ese Orzamento.

Eu pregúntome, para que quere Vigo un Alcalde si é incapaz de facer un Orzamento, para que lle serve a Vigo o seu Alcalde? Parécenos dunha gran irresponsabilidade que nunha situación económica como a que ten Vigo, os vigueses aínda hoxe non saibamos a que se van destinar os nosos impostos, os vigueses non sabemos en que se vai gastar os impostos.

Isto o que traduce é unha maneira de gobernar, caracterizada por unha total e absoluta falla de transparencia por parte de vostede Sr. Alcalde, falla de transparencia. Levamos meses preguntando sobre se ten unha proposta para os Orzamentos de 2014, pero lamentablemente aquí ninguén sabe, ninguén contesta, a concelleira de Facenda non sabemos a que se está dedicando, e o Alcalde xa sabemos que se dedica para saír na foto, televisión, radio, a ir aos programas pagados co nosos cartos pero non para estes mesteres, que isto do Orzamento non vai con el.

Fíxese que despropósito de xestión municipal, durante todo o 2013 e aínda hoxe, estanse executando as obras do Orzamento de 2012, pódolle dicir varios exemplos, Rúa Nicaragua, Brasil, Aragón etc. este ano en 2014 vanse empezar as obras que estaban contempladas no Orzamento de 2013, tramo final da Rúa Tomás Alonso, principio de Marqués de Valterra, a escola infantil de Navia etc. porque está claro que o Orzamento non só é importante aprobalo como dixo un día a Sra. Silva, senón cumprilo e resulta moi preocupante que en decembro só se levasen gastados catro euros de cada dez destinados a inversión. Eu creo que

teñen que espertar, xa non estamos en vacacións e o turrón xa se acabou.

É triste comprobar que nun momento tan importante como este, no que existen síntomas para o optimismo porque comezamos un ano que vai ser o do inicio da recuperación económica, Vigo teña que saír da crise sen a panca que suporía ter un Orzamento municipal aprobado.

Para poder reactivar a economía municipal é moi importante contar con Orzamento, un Orzamento que pode contar cos votos do Partido Popular se é que se elabora pensando en atender ás persoas, con dous obxectivos principais: crear emprego e atender a quen peor estano a pasar; porque por responsabilidade este Grupo Político xa lle propuxo ao Alcalde o súa disposición a negocialo a pesares de que o Goberno desprece a nosa oferta de diálogo, por iso o Partido Popular presentamos esta moción.

SRA. VELOSO RÍOS: O Bloque Nacionalista Galego leva tempo reclamando poder debater neste Pleno as contas do Concello de Vigo. Reclamámolo cando falamos da parte de ingresos dos orzamentos, reclamamos poder debater aquí as ordenanzas fiscais que son unha parte fundamental da parte de ingresos dos Orzamentos do Concello de Vigo, pero desgraciadamente este Goberno tomou a decisión de non debater as Ordenanzas Municipais, agás dúas Ordenanzas de nova creación coas que xa manifestabamos o noso acordo, pero que fora dun proxecto global, non víamos cal era o seu obxectivo nin a súa función, tamén queremos por suposto poder debater neste Pleno os Orzamentos do Concello de Vigo para 2014. Nos tería gustado que tivésemos os orzamentos como tivemos nos últimos seis exercicios para este exercicio para o 2014 e que a estas alturas puidésemos saber con que recursos vai contar o Concello de Vigo para facer fronte a unha situación moi complicada, nós non somos tan optimistas, non pensamos que haxa que elaborar uns orzamentos para facer fronte ao ano da recuperación da crise porque non estamos vendo que haxa unha recuperación da crise, dende logo nos fogares vigueses non está habendo unha recuperación da crise en absoluto, senón máis ben ao contrario, uns Orzamentos que sirvan para facer fronte a un ano no que a crise continúa, no que o desemprego continua amentando, sobre todo na nosa cidade, cun sector industrial desmantelado e no

que os recortes por parte dos Gobernos Estatal e Autonómico son constantes e poñen cada vez máis difícil a vida para a maioría da cidadanía viguesa. Para iso nós queremos uns orzamentos nesta cidade, para garantir recursos sociais apoio á creación de emprego, aos desempregados, aos traballadores/as da nosa cidade.

Desgraciadamente non temos esa posibilidade de momento, porque non é que este Concello non teña Orzamento, ten uns Orzamentos prorrogados, diso tamén ten moita experiencia o Partido Popular porque utiliza os argumentos tamén segundo lle conveña, din vostedes, se vostede tivese gañado as eleccións pero cando a Sra. Porro era Alcaldesa dicía que gañara as eleccións porque era a que máis votos tiña e non conseguiu aprobar ningún Orzamento, estivo prorrogando os Orzamentos mentres foi Alcaldesa agás o primeiro Orzamento, entón sería que tampouco gañou as eleccións. Vostedes defenden as vitorias segundo as circunstancias. Ademais, neste momento dáse a circunstancia paragóxica que grazas a unha lei do Partido Popular no Concello de Vigo, nunha cidade como a nosa senón hai un proxecto de Orzamentos aprobado neste Pleno do Concello ,se non conseguimos que haxa un acordo no Pleno do Concello para aprobar uns Orzamentos grazas a unha lei do Partido Popular poden aprobalo en Xunta de Goberno. Entón hai dúas condicións, temos un Orzamento prorrogado para 2014 e si para 2015 non se chega a un acordo e se prorroga de novo o Orzamento a Xunta de Goberno pode aprobar os Orzamentos para esta cidade. Esas son as consecuencias de legislar para os seus gobernos, o Partido Popular legisla para os seus gobernos, legisla para reforzar os seus gobernos, pero as veces resulta que poden ser outros gobernos os que contradigan as súas posicións dende a oposición. Vostedes aquí piden debater uns orzamentos no Pleno pero dende Madrid legislan para que o ano que ven o goberno dunha cidade como Vigo poida aprobalos Orzamentos en Xunta de Goberno sen pasalos polo Pleno, é realmente contradictorio.

Nós, dende logo que nos gustaría garantir que este goberno non vai tomar a decisión en ningún en momento de aproveitar esa lexislación do Partido Popular, por iso propuxemos unha emenda de engádeda á proposta do Partido Popular para que o Goberno Local non aplique ese artigo primeiro da Lei de

Racionalización e Sostibilidade da Administración Local para o vindeiro ano, porque entendemos que para este ano queremos ver un proxecto de Orzamento pero partindo de que esta prorrogado, queremos garantir tamén que isto non se converta nun costume e que o ano que ven non nos atopemos con esta situación.

SRA. SILVA REGO: A verdade que esta moción que presenta o Partido Popular raia no máis absoluto dos ridículos, teño que dicir no mellor ton posible pero realmente é unha moción ridícula. É ridícula, Sr. Fidalgo, voulle comezar lembrándolle que a presentación dos Orzamentos é unha prerrogativa exclusiva dos gobernos e polo tanto, este goberno dirixido polo Sr. Abel Caballero vai presentar o Orzamento do ano 2014 cando toque, cando o goberno considere que é o momento de aprobalo en función do interese da cidade, repito, cando o goberno considere que é o momento de aprobalo, e sempre pensando no benestar das viguesas e os vigueses porque o orzamento que vostedes aprobaron no Estado e na Xunta de Galicia era mellor que non o tiveran aprobado, porque repito, é unha bomba nuclear contra os dereitos das persoas. Para que vale o Orzamento que vostedes aprobaron no Goberno de España, Xunta de Galicia e na Deputación de Pontevedra? Para nada é un Orzamento vergoñoso que aínda inflúe máis en que a pobreza e a exclusión social sexan os conceptos nos que hoxe viven os traballadores e as clases medias. A súa demagogia métaa no caixón porque a xente que está aí fora os coñece moi ben, vostede onde gobernan fan unhas cousas e onde non gobernan piden todo o contrario, eu sentiríame avergoñada se tivera que facer o discurso que vostede está facendo aquí.

Que vostedes digan que a principal obriga dun goberno é aprobar Orzamentos cando vostedes só foron capaces de aprobar un, nós seis e imos traballar por aprobar cando consideremos que é o momento oportuno porque é a nosa prerrogativa, o Orzamento do 2014. Pregúntame vostede que fai a concelleira de Facenda, pois mire, e a mellor concelleira de Facenda que tivo nunca o Goberno Municipal porque foi capaz de aprobar seis Orzamentos, e sabe a que se adica? A traballar. Este goberno estivo tódalas vacacións deste Nadal traballando, recorrendo tódalas parroquias, vostedes non estaban ningún en ningún sitio, de

vacacións, pregunten en Valladares, en Matamá, en Bembrive, en Beade, en Cabral, no Calvario, en Lavadores, non estaban en ningún sitio. Ela, traballando por quen? Polos cidadáns de Vigo.

Estamos fartos da súa demagogia, sabe vostede o que ten que facer? Ir falar co Sr. Montoro e dicirlle que os 2,5 millóns de euros que nos recorta do que nos corresponde da PIE, o devolva, vaia vostede en procesión co resto dos Concelleiros do Partido Popular ao ministerio de Facenda e Administracións Públicas fagan alí unha sentada e díganlle: devólvanos os ingresos para que os podamos aplicar en política sociais para a xente. Pero sigan de excursión, antes de chegar a Madrid paren na Deputación de Pontevedra e dígalle que Vigo non vai permitir que de cincuenta millóns que aportamos, só recibamos dous millóns e sigan de viaxe, que a vostedes os viaxes lles gustan moito, pasen paso de Madrid en Santiago de Compostela, paren en Santiago de Compostela, pasen pola Xunta de Galicia nesa viaxe de peregrinación a facer o que terían que facer e dígalle ao Sr. Feijóo que non faga un hospital privado en Vigo, que o faga público, que invista na Cidade da Xustiza, en Cultura o mesmo que fai que en Santiago de Compostela e en A Coruña, que non recorte as políticas sociais para o noso Concello como esta a facer; iso é o que vostede tiña que estar pedindo hoxe aquí, o que tiña que estar facendo era, nos comprometemos o Partido Popular a que nos Orzamentos do Estado, da Xunta de Galicia e na Deputación de Pontevedra, Vigo teña o trato xusto que merece estamos xa fartos da súa demagogia.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sorprendido tamén Sra. Silva porque sexa vostede a que defenda este tema sobre os Orzamentos municipais e non a concelleira de Facenda, pero está claro que a vostede se lle da moito mellor a demagogia que á concelleira de Facenda, que defende máis o rigor e da cal para nada nós estamos poñendo en tela de xuízo o seu traballo, non sabemos a que se está adicando pero para nada estamos poñendo en tela de xuízo o seu traballo, agora a demagogia dásele a vostede bastante mellor.

O Alcalde o que quere repetir co Orzamento é o que xa fixo cos impostos municipais, non traelos ao Pleno e roubarlle así a posibilidade aos cidadáns e aos

colectivos da cidade de Vigo a poder melloralos, facer as súas emendas e as súas propostas. O que pretende é unha auténtica tomadura de pelo á Corporación e á cidade porque ten a obriga por lei de traelo, sen Orzamento 2014 vai ser máis do mesmo, moita improvisación, moita parafernaria, e nula xestión, aquí é todo improvisación, só saben gastar e gobernar non é gastar, gobernar é administrar, iso é o que lle piden os cidadáns.

Vostede falan de que presentarán os Orzamentos cando máis lle interese á cidade, como se estivesen por riba da lei, todo o mundo sabe que vostede sáltase a lei, pero a lei é a que lle obriga a traer os Orzamentos antes do 15 de outubro.

Imos ver, a estas alturas que xa nos coñecemos todos vostedes a quen queren enganar? Vostedes presentarán o Orzamento sabe cando? Cando o negocien con estes señores do Bloque Nacionalista Galego por detrás e os traian todos pactados e cociñados ao Pleno, por detrás, sen luz e taquígrafos.

Non hai outra desculpa que valga, é esa a desculpa que aínda non teñen o voto favorable do Bloque Nacionalista Galego, moito presumiron estes anos de ter conseguido aprobar os Orzamentos e dicían que aprobalos era un feito histórico e agora que pasa, xa non fan máis historias, xa se acabou a historia. En Vigo non hai Orzamento porque non hai Goberno, porque o Goberno é débil, non busca o diálogo nin o consenso, vostedes non pensan en Vigo, pensan en si mesmos porque coa situación de crise que vive a cidade, Vigo necesita Orzamentos. O Partido Popular ofreceulle diálogo e propón un gran pacto para que Vigo teña Orzamentos pero baseados no que vale de verdade que é crear emprego, e si temos que ir a Madrid por Santiago de Compostela sabe por que é? Porque o Sr. Blanco nolo deixou así debuxado.

PRESIDENCIA: Sr. Fidalgo non se pronuncio sobre a emenda do Bloque Nacionalista Galego. Diga si ou non.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Eu lle quixera preguntar ao Sr. Interventor ou ao Sr. Secretario sobre si esta emenda, porque hai certa confusión, se esta lei que se acaba de aprobar vai poder entrar en vigor para este ano. Eu penso que non

acepto a emenda.

PRESIDENCIA: Non se acepta. En todo caso quero dicir que a día de hoxe, a emenda di “condición que xa se cumpra a día de hoxe”, e debo clarexar que non se cumpre, que esta lei non sería aplicable a día de hoxe nos seguintes Orzamentos. Non se debe aplicar a emenda e polo tanto non se pode someter a votación.

SRA. VELOSO RÍOS: Pero o Partido Popular agora está propoñendo unha modificación para aceptar a emenda e nós aceptamos esa proposta do Partido Popular.

PRESIDENCIA: Si pero quero dicir que é un erro ter presentado esta emenda, o Bloque Nacionalista Galego presenta unha proposta dicindo que se podería presentar hoxe, aprobar un Orzamento en Xunta de Goberno e non se pode, non se dan as circunstancias. Ademais debo dicir, que eu non mirei nin ao Bloque Nacionalista nin ao Partido Popular na oposición e nas manifestacións da oposición para que esta lei non se aprobara, esta lei aprobouse cos votos da oposición en contra en manifestacións reiteradas dunha parte importante da FEMP, no que o Grupo Popular non estaba. En manifestacións conxuntas do Partido Socialista, de Esquerda Unida, de CIU, de Iniciativa per Catalunya, de Partido Andalucista, de Coalición Canaria, no que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular non estaban, agora podemos votar o que o Regulamento permita, pero cando houbo que dar a batalla contra esta lei, estes de aí non estaban, nin os uns nin os outros. O Grupo Popular quere que se cumpra, sometemos a votación a moción do Grupo Popular.

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e

Veloso Ríos, e dez votos en contra dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, instando ao goberno municipal que presente unha proposta de orzamento para o ano 2014, co texto transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.3(246).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ELABORACIÓN DUN CONVENIO COA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR, PARA A LOITA CONTRA A PRAGA DAS PALMEIRAS, ASÍ COMO O ESTUDO E CENSO DE PALMEIRAS EXISTENTES NA CIDADE. EXPTE. 809/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de decembro del 2013, número 809/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, formula a seguinte Moción:

MOCIÓN

“Tendo coñecemento de que dende fai algunhas semanas, exemplares de palmeiras na nosa cidade estanse vendo afectados por picudo vermello, un coleóptero de orixe asiático devastador para esta especie arbórea, e que dende fai algúns anos ven provocando danos importantes para comunidades do levante e sur do país, consideramos necesario a intervención por parte deste concello, como xa se fixo noutros do entorno.

Tratase dunha praga, pouco coñecida na nosa comunidade, dado que falamos dunha infestación nova, que se ten producido pola importación de palmeiras foráneas para ornamentación de parques e paseos nas cidades e urbanizacións particulares.

Para combatela e precisa unha actuación integrada e conxunta de tódalas

administracións, única maneira de conquistar resultados definitivos. Si a Administración Autonómica, o concello, viveiros, empresas fitosanitarias, e particulares non actúan coordinadamente e coas mesmas directrices non será posible ser eficaces na loita desta praga.

E preciso facer unha detección precoz de focos, asesorar sobre tratamentos preventivos, poda, saneamento e destrución controlada. Tamén formación dos técnicos municipais, profesionais, e información a particulares.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

Establecer un convenio de colaboración e formación coa Consellería de Medio Rural e do mar, orientado a conquistar un sistema de loita integrada contra a praga das palmeiras na cidade de Vigo

Elaborar por parte dos servizos municipais un censo de palmeiras existentes no termo municipal de Vigo e o grado de afectación por parte do picudo vermello sobre as mesmas

A Comisión Informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, na súa sesión do 30 de decembro de 2013, ditaminou favorablemente a anterior Moción.

DEBATE.-

SRA. CENDÓN ALONSO: Non estou esperando a nada, Sr. Font e que a vostede non lle parece importante o tema do “picudo vermello”, non é ningún insulto cara vostede e que así é nome desta praga.

A praga do “picudo vermello” é unha praga que xurdiu nos anos 90 en España porque se importaron palmeiras procedentes de Asia que é onde é endémica esta praga, de palmeiras a prezo barato que se dedicaban á ornamentar urbanizacións e paseos que se xeraron co Plan E mal estruturado.

Por que nos parece importante ao Grupo Popular, está claro que ao Grupo do Goberno non lle parece importante esta moción, a nós parécenos importante e ademais vexo que cumprimos o obxectivo, porque a intención é visibilizar que isto é unha praga que está afectando á cidade e que é unha praga importante. Parécenos importante precisamente por iso, polo descoñecemento que hai na cidade dunha infestación que vai destruír se non actuamos a tempo tódalas palmeiras centenarias que temos aquí.

Voulles mostrar o estado dunha palmeira, como ven é un tronco sen penacho, esta palmeira está situada precisamente a cincuenta metros da casa dun concelleiro deste goberno, miren vostedes se é descoñecida esta praga e parécenos importante porque os síntomas da infestación non se manifestan ata que a palmeira está practicamente destruída, por que? Porque se estende moi rápido, porque afecta fundamentalmente á palmeira canaria, que temos nesta cidade nos parques, en Castrelos, no Castro, en Samil, as palmeiras que temos nos pazos e nas casas nativas centenarias desta cidade.

Pode combaterse pero hai que actuar a tempo e os concellos que conseguiron combater a praga foron os que actuaron coordinadamente con tódalas administracións. Por iso, parécenos importante que conveniemos coa consellería, que por unha vez vaíamos da man tódalas administracións autonómica, a local, os viveiros, os xardineiros, os técnicos e a cidadanía en xeral, se non o facemos así non imos conseguir combatela, imos ter unha cidade coa imaxe que temos de Jerez de la Frontera, onde os parques desta cidade son troncos sen penacho, a imaxe desoladora dun templo exipcio sen verde.

A praga xa chegou a Galicia, pensábamos que non ía chegar polas condicións meteorolóxicas de Galicia, pero xa chegou, a Illa de A Toxa por unha actuación moi temperá do Grove conseguiron combatela e chegou a Gondomar ao Val Miñor, por aí tamén actuaron coordinadamente. Que está a facer este Concello? Pois este Concello non está facendo nada, o único que está facendo é unha mala destrución dos restos no mellor dos casos.

Nós queremos que colaboremos todos, que os usuarios teñan información desta praga, que podan dicirlle a alguén o que está sucedendo porque non o saben, queremos que se lles diga como hai que destruír porque as follas en vertedoiros incontrolados e esta é a maneira en que se estende a praga, sábeno perfectamente. Por iso, consideramos que é moi importante facer un inventario dos elementos singulares da cidade, hai que facer unha medida preventiva, atácase coa prevención, coa identificación e co tratamento, e por suposto unha correcta destrución dos restos.

Que é o que nos propoñemos, que o Concello se poña en marcha con esta realización do inventario das palmeiras e que o Concello convenie coa Consellería

de Medio Ambiente a formación de tódolos técnicos municipais, a formación dos xardineiros, dos viveiros e a formación e as campañas aos usuarios. Isto é o que se fixo noutros concellos e foi efectiva.

SR. SANTIAGO DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Con tódolos respectos Sra. Cendón, a praga que está asolando dende hai moito tempo a Galicia é a praga das gaivotas azuis do Partido Popular, esa si que é unha auténtica praga.

Repito, con tódolos respectos, a verdade é que cando no Grupo Municipal do Bloque Nacionalista decidimos que eu intervira nesta moción, a verdade é que me vin superado, nunca crin que nun Pleno Municipal e sobre todo despois de escoitar a Sra. García hai un momento, cando dicía que con todo o que está caendo, co de Sereos, coa xente que está na rúa que non pode comer, con todo e van vostedes e traen unha moción sobre un Centro Social de Emerxencia, oia traian doutras cousas, pois con todo o que está caendo o problema importante grave que hoxe ten a nosa cidade chámase un tal “picudo vermello”, ese é o problema que hoxe ten a cidade. A verdade é que non é por rirme da moción, é moito menos de vostede que me merece tódolos respectos, pero é que me parece que hoxe a sostibilidade do planeta non se pon en perigo cando non somos capaces de sanear ás nosas rías, non se pon en perigo cando non facemos nada por evitar catástrofes ecolóxicas, ou cando nin sequera limpamos os nosos montes, ou nin sequera cando reforestamos eses montes con especies foráneas que prexudican o noso entorno e o hábitat natural. Non parece que este a sostibilidade do planeta en perigo cando non somos capaces de reducir a emisión de gases contaminantes etc. parece que a sostibilidade do noso planeta hoxe está ameazada por un “coleóptero” chamado “picudo vermello”. Ademais afecta a unha especie arbórea que estará moi ben en Levante e no sur, pero que en absoluto é un emblema da natureza da nosa cidade.

Claro que no queremos que se morran as palmeiras pero sinceramente, que este sexa un tema para unha moción no Pleno dunha Corporación porque ven podía ter vostede falado cos servizos de Parques e Xardíns e seguro, estou convencido de que non faría falla esta moción.

Ademais voulle dicir unha cousa, un científico desta cidade, do que non podo

citar porque non mo permite, ten unha teoría moi clara despois de facer estudos concienciados sobre a materia, e este científico di que ese “coleóptero” asiático, ese chamado “picudo vermello”, ten unha teoría e di que chegou a nosa cidade precisamente nunha desas palmeiras que a Sra. Porro plantou por todo o centro da cidade. É unha teoría científica, sabe este científico de onde aparece ese famoso “coleóptero”, “picudo vermello”.

Pero ademais, para rematar voulle dicir unha cousa, Sra. Cendón, vostede é médico, seguro que atopa algún antibiótico que pode paliar eses efectos do “picudo vermello”.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: En principio tomalo cun pouco de humor e continuando como dicía o Sr. Domínguez co respecto que pode ter o “picudo vermello”, agradecemos o interese do Partido Popular pola saúde das palmeiras desta cidade pero unha vez máis non entendemos esa preocupación do Partido Popular neste Pleno polo “picudo vermello”, porque non existe ningunha zona pública que estea afectada polo picudo vermello, e como dicía a Sra. García Míguez coa que está caendo aí afora, pero non choiva senón os recortes tras recortes e increíble que poida ser así e como dicía a nosa señora Tenente Alcalde hai uns minutos falando dunha moción cando dicía que era ridícula esta sumámola unha vez a ese paquete de mocións ridículas.

Sra. Cendón, ademais na súa moción vostede fai mención á necesidade de tratamento de sistemas de poda, de saneamento de zonas afectadas, de destrución controlada e de formación dos distintos técnicos, pois vou a dicirlle o que facemos neste Concello, porque vostede está falando dende a ignorancia do traballo dende este goberno e dos técnicos municipais, porque aquí hai grandes profesionais que actúan e fan seguimentos de todas e cada unha das zonas verdes de Vigo, dende as súas plantas, os seus arbustos e como non dende as súas árbores, co fin de estudar a súa evolución e vixiar polo seu adecuado mantemento acotío.

Os nosos técnicos teñen coñecementos de abondo e preparación suficiente para abordar situacións complicadas, por certo eu hoxe quero aproveitar esta Pleno para felicitalos a todos eles pola excelente tarefa que están a desenvolver no día

a día.

Dende o Goberno Municipal traballamos a reo para facer fronte as dificultades que se nos prestan no día a día, actuando de inmediato contra os imprevistos e cos nosos propios recursos, e como exemplo lembrarlle o noso protocolo de actuación contra unha importante praga que afecta a toda a Galicia como é a praga da procesionaria, onde incluímos tratamentos fito-sanitarios, biolóxicos ou químicos específicos para frear a súa rápida extensión. Así mesmo, sinalar que estamos a levar unha política de prevención Sra. Cendón, en tódalas áreas verdes do termo municipal de Vigo.

Polo tanto, non entendemos a necesidade de establecer algún tipo de convenio de colaboración ou formación coa Consellería de Medio Rural e do Mar a este respecto, non obstante e sendo conscientes do noso potencial non negamos a nosa colaboración de coordinación á Xunta de Galicia sempre en beneficio da cidadanía, pero dicirlle Sra. Cendón que non imos subscribir ningún convenio que supoña un custo adicional para estas arcas municipais.

Dende o departamento de Montes, Parques e Xardíns traballase con profesionalidade polo que non é preciso que se nos inste a realizar un censo de palmeiras porque xa está feito Sra. Cendón, non un censo de palmeiras de tódalas masas arbóreas que hai na cidade de Vigo, si dicirlle por isto consegue calmar a súa preocupación, que en Vigo a palmeira non é unha principal masa arbórea.

Sra. Cendón, neste goberno non colocamos arbores sen control, e non analizamos e facemos seguimento de cada unha das plantacións realizadas. Así mesmo, lembrarlle que somos unha das escasas cidades que posúe un equipo para facer tomografías, que vostede disto saberá algo, e que nos permite comprobar periodicamente a boa saúde da nosa masa arbórea.

Así que señores do Partido Popular, en Vigo dicirlle que non hai ningunha palmeira en zona pública afectada, se hai algunha palmeira afectada en terreos privados as competencias son en exclusiva da Xunta de Galicia, polo tanto deben dicirlles que asuman as súas competencias, que os profesionais que hai en Vigo atenden as zoas verdes perfectamente, e teñen suficientes preparación e experiencia para afrontar calquera situación de emerxencia, que esta cidade

dispón dos mellores equipos técnicos de control das árbores e que son aplicados acotío na súa prevención, cunha sensibilidade especial as árbores senlleiras como a oliveira, símbolo da cidade, ou numerosos camelias, laranxeiros, etc. por mal que lle pese Sra. Cendón.

Pero hai unha cousa Sra. Cendón, en canto á detención precoz de focos nesta cidade, dicirlle que non hai ningunha emerxencia nas árbores, non xeren alarmas, a única emerxencia que hai nesta cidade é a Sanidade, listas de espera infinitas, hospitais públicos que a Xunta de Galicia fai privados, cobran os medicamentos aos pensionistas, teñen un imposto do céntimo sanitario que non é un céntimo, son 4,8 céntimos para tódolos que usan vehículos, teñen unha urxencias colapsadas, non atenden a teleasistencia e así un etc., etc. e a vostedes todo isto non lles preocupa.

SRA. CENDÓN ALONSO: Presentei esta moción porque estaba preocupada de que non se estendera esta praga, dende logo agora estou bastante máis preocupada porque que me diga o responsable do Concello que non hai afectación nos parques públicos, pónase de acordo, se viu coas palmeiras da Sra. Porro, púxoas en parques públicos.

Voulle ensinar unhas fotografías non teñen moita calidade porque foron tomadas por min, palmeira afectada zona pública, palmeira afectada zona pública, pero é que non só iso é que a palmeira que lle ensinei, o tronco hai que destruíla, esta nunha casa abandonada, iso é que se pide simplemente que o comuniquen, eu non estou aquí a presentar un convenio que represente algún custe para o Concello, estou propoñendo un convenio para que a este Concello lle saia gratuíta a formación dos técnicos, a formación dos xardineiros e a formación e a información dos usuarios, que os usuarios particulares que teñen unha palmeira que poda estar afectada que saiban que teñen que facer, a quen llo teñen que comunicar, iso é o que estou propoñendo. Ningún concello conseguiu combater esta praga illadamente, só o conseguiron os que o fixeron en colaboración e iso é o que estou propoñendo. Vostedes o que están delatando é como sempre a súa incapacidade de conveniar e de negociar.

Esta cidade ten moitos problemas serios, pero este é un problema que tamén é

de preocupación, é un problema de medio ambiente, xa sabemos que esta Alcalde ten unha política “arborecida”, como se fixo evidente o ano pasado con protestas en Coia, Martínez Garrido, no Castro, aquí só se fai política de talar. Sinto a ameaza que fixeron vostedes de abandonar o Pleno cando eu falara non a leven a cabo, porque a verdade se estiveran fora podería falar e facerme escoitar, a verdade e que terían que estar fora e facendo a rolda de prensa para dar explicacións do enchufismo. Pero hoxe non toca falar do enchufismo, de tódolos familiares que teñen neste Concello, xa falaremos diso, hoxe o único que toca, o único enchufismo do que hai que falar é das palmeiras, a endoterapia das palmeiras.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, instando a elaboración dun convenio coa consellería de Medio Rural para a loita contra a praga das palmeiras, co texto transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.4(247).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL ACOMETA AS SÚAS OBRIGAS EN CANTO Á ELABORACIÓN E MANTEMENTO DOS PLANS DE EMERXENCIA,

ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA MUNICIPAL E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 810/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de decembro del 2013, número 810/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, formula a seguinte Moción:

MOCIÓN

“O Concello de Vigo ten entre as súas atribucións e responsabilidades elaborar e deseñar os plans de emerxencia que proceda procurando a coordinación e colaboración entre as distintas áreas co fin de facer fronte as situación de risco ambiental que se poidan presentar.

O equipo de goberno municipal leva toda a lexislatura facendo caso omiso o cumprimento das súas obrigas e non so non foron elaborados ou revisados os plans de emerxencia senón que tampouco se fixo a implantación dos mesmos tal como puidemos comprobar nas últimas chuvias e nos pequenos lumes forestais que tiveron lugar no territorio do noso concello, xa que a pesar do eróico esforzo do persoal de emerxencias, as condicións de traballo e os servizos non foron nin as mellores nin as mais efectivas.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Instar ó goberno municipal a que acometa sen mais dilacións as súas obrigas en canto a o deseño elaboración e mantemento dos plans de emerxencia así como a coordinación e colaboración entre as distintas áreas e institucións.”

“Instar ó goberno municipal a que acometa sen mais dilacións as súas obrigas e actualice o Plan de emerxencia Municipal (PEMU) da Cidade de Vigo, realice a súa implantación e cumpra coas súas obrigas respecto as actuacións preventivas, simulacros, probas de prevención de riscos ou calamidades públicas .”

“Instar ó goberno municipal a que acometa sen mais dilacións as súas obrigas facendo a proposición de elaboración e execución dun plan de prevención de riscos así como os procedementos de funcionamento traballo e intervención. Tamén se propón a creación dunha comisión de expertos con representación encargada de elaborar un catalogo priorizado de compras segundo as necesidades da cidade nesta materia.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 30 de decembro de 2013, ditaminou favorablemente a anterior Moción.

DEBATE.-

SR. ARAÚJO PEREIRA: No momento actual a seguridade persoal da cidadanía deber ser un dos obxectivos prioritarios para as administracións, máis vendo o que está ocorrendo estes días preto de Ferrol, debido aos cambios e as evolucións tecnolóxicas dos últimos anos en tódolos sectores, industrial, construción, servizos, fixo que aumentara o nivel e a complicación dos riscos aos que están sometidos os cidadáns, do mesmo modo os cambios ambientais debida á presión xerada polo ser humano sobre o medio natural xerou cambios meteorolóxicos que estamos sufrindo estes días e tamén fan aumentar o nivel de risco e a cantidade de sinistros aos que temos que facer fronte.

O Concello de Vigo e o seu Alcalde como representante do mesmo ten entre as súas responsabilidades, elaborar o Plan de Emerxencia Municipal, así como realizar as tarefas relativas a súa implantación e actualización.

O Plan de Emerxencia do Concello de Vigo, Sr. Alcalde, foi elaborado a finais do 2007, é un documento de carácter técnico composto por un conxunto de normas e procedementos de actuación que constitúen un sistema de dispositivos de resposta que a administración local debe realizar fronte a calquera situación de emerxencia que se poda producir no Concello de Vigo.

O PEMU municipal ten unha base preventiva e de autoprotección e debe perseguir seis obxectivos básicos: organización das funcións básicas de protección civil a nivel local, promover actividades de autoprotección corporativa e cidadá, identificar e analizar distintos riscos a nivel local, determinar as medidas de protección fronte a riscos detectados, informar e concienciar á poboación sobre o risco e medidas de protección, coordinar tódolos recursos municipais para proceder a unha resposta rápida en caso de emerxencia e coordinar o procedemento de integración do noso Plan de Emerxencia Municipal no Plan Galego, de acordo coas directrices do mesmo.

Disto todo, Sr. Alcalde, non se fixo absolutamente nada por desgracia, o Alcalde e o seu equipo de goberno leva toda a lexislatura facendo caso omiso ao cumprimento das súas obrigas legais en cuestións de seguridade, non cumpren coa lei nin coa norma básica de Protección Civil que ditamina o seu capítulo catro, por exemplo actuacións preventivas que corresponderá ás administracións

públicas as seguintes actuacións preventivas en materia de protección civil, realizar probas ou simulacros de prevención de riscos e calamidades públicos que neste Concello non se fixeron, a promoción e control da autoprotección corporativa e cidadá, que tampouco, así como incumprimento da Lei de Emerxencias de Galicia no seu artigo 30, onde se fala das funcións da Xunta Local de Protección Civil, por exemplo no seu apartado “c”, supervisar o desenvolvemento e implantación e revisión e realización de simulacros e actuacións dos plans. O artigo “e” promover as campañas de formación e información cidadá así como o adestramento de aqueles sectores da poboación que se consideren necesarios conforme aos riscos aos que se vexan afectados, e analizar no seu artigo “f” e avaliar o desenvolvemento do Plan de Emerxencia Municipal ou Supramunicipal.

De todo isto, non se fixo nada, e cando teñamos unha desgraza despois buscaranse responsables onde non os hai. Sr. Alcalde, o PEMU deste Concello debe ser actualizado cada tres anos, e non se fixo ningunha revisión dende que se aprobou en 2007. Pero isto non é o máis preocupante, os cidadáns de Vigo non se merecen vivir na ignorancia en canto aos riscos e perigos aos que se lles pretende someter, o que si é alarmante é que non se fixeran efectuado tarefas para implantar este Plan de Emerxencia Municipal, esta falla de implantación é un problema grave ao que se debe prestar especial atención e que denunciámos dende o Partido Popular de Vigo.

Nós pensamos que é un tema grave porque nin os responsables dos Centros de Educación, nin os responsables dos Centros da Saúde, de hospitais, responsables de empresa, responsables de asociacións, entidades, traballadores e cidadáns en xeral non saben que facer en caso de emerxencia, isto, non ter coñecementos sobre isto pode agravar a mesma emerxencia e os danos materiais e humanos que poidan aumentar proporcionalmente ao descoñecemento que teña neste tema.

Deben facer as labores de prevención e implantación do noso Plan de Emerxencia Municipal como é a súa obriga non só a nivel legal senón a nivel moral.

SR. ALONSO PÉREZ: Nós imos votar a favor desta moción porque pensamos que

hai actualizar o Plan de Emerxencia e todo que sexan medidas preventivas son positivas. Eu persoalmente participei o 27 de novembro nunha evacuación do edificio do Concello e foi un auténtico desastre, a comunicación entre o Centro de decisión do simulacro de evacuación e os que estabamos de responsables de planta, eu estaba na planta oitava que é onde está o local do Bloque Nacionalista Galego, era a través de SMS cuns códigos marcados onde non había maneira de comunicarse o centro de comunicación e as plantas, foi un desastre, non se comunicou case ningunha das plantas. Cando eu estiven unha empresa trinta anos, en Telefónica, cando había un simulacro de evacuación, unha evacuación real se a houbese, había un sistema directo, onde a persoa afectada por unha posible emerxencia, escoitaba directamente a través dunha alarma directa e un son potente que todo o mundo sabía que había unha emerxencia e había que evacuar e tamén a nivel visual, non sei porque no Concello de Vigo non o hai, polo menos eu non son un experto, non son técnico pero si sei que cando hai unha evacuación, cando hai un simulacro ou emerxencia real o afectado/a ten que saber directamente que ten un problema e non estar as expensas de que a comunicación do móbil do responsable da planta e dun Centro de comunicación se entendan, eu creo que iso hai que corrixilo.

Paréceme moito máis grave o que vivín a continuación, resulta que estou na planta oitava, eu baixo polas escaleiras de incendios facendo o simulacro e ao chegar a terceira planta teño que volver ás escaleiras do edificio, ou sexa que se realmente o problema estivera na segunda ou na primeira planta íame directamente ao problema, cando a escaleira de evacuación debe chegar á planta baixa, non sei porque razón iso non está resolto, porque ademais teño coñecemento que os equipos de prevención do Concello teñen feito xa esa petición de que a escaleira de incendios ten que chegar á planta baixa. Eu non coñecía este problema e no simulacro vin a gravidade desta situación, ao chegará terceira planta eu baixo pola escaleira de incendios e teño que volver ao edificio, ou sexa que se está ardendo ou hai un problema métome directamente nel. Eu creo que esta cousas non se deben tomar á lixeira, as medidas de prevención se pasan no edificio do Concello, na cidade poden ser moito máis graves, polo tanto imos votar a favor da moción e creo que estas cousas se

deben tomar en serio.

SR. LÓPEZ FONT: Terminadas as Xuntas Locais de Seguridade, tódalas que se realizaron nestes seis últimos anos afírmase que Vigo é unha cidade segura, por parte do Alcalde, dos responsables da Policía Nacional e Autonómica e afírmase por parte do Subdelego de Goberno, que se sentaba onde se senta o Sr. Bernárdez.

Polo tanto, paréceme que son vostedes os únicos que non se decatan da seguridade que hai nesta cidade, paréceme unha moción irresponsable, porque só polo feito de que os cidadáns poidan percibir que Vigo pode non ser segura, xa están caendo nunha irresponsabilidade. Eu fago aquí unha afirmación categórica, a que fai o Sr. Coello á saída das Xuntas Locais de Seguridade, “Vigo é unha cidade segura”, Sr. Araújo, este é o Plan de Emerxencia Municipal co que se traballa día a día, que se actualiza día a día, por que sabe o que ocorre? Que en decembro de 2006, que téñolle que corrixir, que foi cando se aprobou isto, só había papel non había medios, a Policía Local tiña catro coches e dous estragados, en bombeiros non había as dotacións que hai agora, polo tanto este Goberno cumpre cun Plan de Emerxencia Municipal na súa totalidade, porque dende o 2007, Sr. Araújo, que debería de preocuparlle este goberno que preside o Sr. Abel Caballero investiu unha media dun millón de euros en dotación para Policía Local, Bombeiros e Protección Civil, non me fale de Protección Civil porque cando quita as convocatorias a Xunta de Galicia exclúe aos Concellos de máis de 50.000 habitantes.

Polo tanto, a inversión económica que se fixo é importante, temos os mellores medios da Galicia, temos unha unidade da Policía Local dedicada ao tema de medio forestal, polo tanto, tamén cunha formación exhaustiva. Na moción dinse moitas falacias, dise que se actúe sen máis dilacións, se actuamos día a día, dise que se actualice se se actualiza día a día, dise que se fagan simulacros, se non se decata vostede dos simulacros que se fan nesta cidade, porque o do Concello, Sr. Alonso, é o primeiro que se fixo nesta cidade, neste edificio, sendo o Sr. Abel Caballero Alcalde, en tódolos anos anteriores non se fixo ningún simulacro, e simulacros, pregúntelle a Sra. Bravo Bosch que recentemente e como exemplo

significativo se fixo alí un simulacro.

Comisión de expertos, a non ser que queira estar vostede nesa comisión, non é necesaria porque o Plan que nos temos cobre totalmente a dirección e está perfectamente definida a escala de mando que isto é o importante.

Sr. Araújo esta cidade, non dito por min senón recoñecido por tódolos expertos, tivo o incidente, accidente máis importante cerca da catástrofe que foi o 6 de setembro de 2008, o incendio do Gorxal. Aí demostrouse a eficacia desta Goberno. Entre as notas persoais que teño daquel día ás 6:38 minutos da mañá, o que lle fala dáballes novidades ao Alcalde que se presentou alí para saber cal era a situación, dende ese mesmo momento 6:38 minutos da mañá a dirección, que é a quen corresponde, ao Alcalde foi eficaz, a coordinación coas administracións foi total, a eficacia de medios que conseguira este Goberno e que hoxe son moito maiores, foi total. A actuación do Alcalde, que é a quen lle corresponde a dirección nunha situación destas, foi dito por todo o mundo, de matrícula de honor, esa é a realidade da seguridade que temos. É verdade que o día do incendio do Gorxal, Galicia tiña a sorte de que o Sr. Núñez Feijóo non era presidente, é verdade que tiñamos esa sorte.

Eu quéro lle dicir aos vigueses que esta é unha cidade segura, que non nos propuxo ningunha administración problemas coa seguridade e que temos os mellores medios de Galicia.

Dende logo con mocións destas Sr. Araújo, no século no que estamos non van a obter vostedes a Alcaldía en ningún momento, de verdade prognostícollo e se teñen en fronte ao Sr. Caballero que actuou naquel incendio, en materia de prevención e en materia medio ambiental con matrícula de honor tendo ao Sr. Caballero en fronte de verdade que neste século non son vostedes nunca alcaldes de Vigo.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Vese que a algúns preocúpalle a Alcaldía e a outros preocúpanos a seguridade cidadá. Nós non pretendemos chegar á Alcaldía así porque así, facendo as cousas sen xestión, nós pretendemos chegar á Alcaldía xestionando mil temas que hai que xestionar nesta cidade.

Pode dicir o que queira Sr. Font, se é verdade que aumentaron os medios na

cidade como non podía ser doutra maneira porque tamén se recibe de fondos UNESPA, preto de 700.00 euros que só se poden investir niso, e que senón seguramente o investirían en rúas como o están facendo, que non o vemos mal pero creo que hai outras prioridades na cidade.

Tamén entendemos que Vigo é unha cidade segura en canto a seguridade cidadá, porque temos unha Policía Local moi profesional e tamén con bastantes medios a día de hoxe.

A día de hoxe moitos dos integrantes dos servizos de emerxencia e cidadáns, pódennos comentar eles mesmos Bombeiros, Policía Local, centros sanitarios, 061, Policía Nacional, Protección Civil, Guarda Civil, descoñecen cales son os riscos reais da cidade e como afrontalos anticipadamente, vostede pode pensar o que queira, e que todos coñecen ese gran documento, seguramente si, eu dígolle que non. Na nosa cidade como principal motor de Galicia están asentadas empresas e realízanse labores produtivas que poden xerar potenciais perigos para os cidadáns e como mínimo dende o Partido Popular, cremos que os responsables integrantes dos servizos que deben afrontar estes perigos deberían coñecerlos, ademais de saber cales son os procedementos conxuntos de traballo para resolvelos, unha cousa son as medidas de autoprotección que si se fan neste concello porque teñen que cumprir a lei de prevención de riscos laborais, outra cousa é a implantación dos plans de emerxencia municipal que van máis alá das medidas de autoprotección e das de prevención que como dixo o Sr. Alonso, si se están facendo algunhas cousas e vense as deficiencias que hai.

A día de hoxe non existe coordinación preventiva entre o Porto de Vigo e concellos limítrofes e os servizos de emerxencia municipais, debido fundamentalmente ao illamento e ao continuo enfrontamento ao que somete o noso Alcalde á cidade. É tan grave a situación á que se chegou coa falla de xestión, que os grupos operativos de intervención non se poden comunicar de forma eficiente entre eles, non existe un procedemento de comunicación nin de traballo conxunto e isto é unha realidade.

O Alcalde como máximo responsable das emerxencias a nivel local e o seu concelleiro responsable de área, fixeron caso omiso ás obrigas respecto á seguridade cidadá, tal e como lles obriga a Lei de protección civil. Menos mal,

que temos uns grandes corpos profesionais e grupos operativos de emerxencia nesta cidade, que grazas a eles soluciónanse os temas, pero non poderíamos considerar que isto é algo gañado polo Alcalde de Vigo senón pola súa profesionalidade e o seu esforzo.

Por isto, propoñemos ao Pleno da Corporación que se adopte este acordo.

A PRESIDENCIA: En todo caso o Alcalde débelle contestar algunha das cuestións que propón sobre coordinación. O último gran incendio industrial que houbo nesta cidade foi nunha nave do Porto, en territorio portuario e baixo a responsabilidade portuaria. A intervención foi absoluta dos bombeiros da cidade, no primeiro minuto estaba o concelleiro responsable e aos dez minutos o Alcalde. A partires de aí foi este Concello o que se fixo cargo desa acción, que aínda hoxe continúa coa demolición do edificio cortado o lugar. O Porto aínda non deu sinais de vida sobre este tema, foi requirido. En canto á coordinación, nós, toda a que faga falta, pero a coordinación require que tódolos coordinados estean dispostos.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, instando ao goberno municipal que acometa as súas obrigas en canto á elaboración e mantemento dos plans de emerxencia e a súa actualización, co texto transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non se realizaron.

5(248).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

5.1.- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AO USO DOS TRADUTORES DE GALEGO PARA PRESENTAR MOCIÓNS.

SRA. VELOSO RÍOS: Teño un rogo que creo que é bastante sinxelo e que melloraría moito a calidade da comunicación e o respecto a nosa lingua neste Concello. Eu pregaría que, por favor, deixen de utilizar tradutores automáticos para presentar en galego as mocións, e que as corrixa porque estou segura de que ningún Grupo Político presenta no Congreso dos Deputados unha proposición non de lei que teña a palabra “Gobierno” escrita con “v” pero as moción que se presentan supostamente en galego neste Pleno, son de vergoña. Ademais demostran claramente que a maioría delas están traducidas co Google translate. Por favor deixen de utilizar tradutores automáticos e presenten as mocións en lingua galega e a ser posible correctamente.

A PRESIDENCIA: Tomamos nota.

5.2.- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVO Á SITUACIÓN DOS TRABALLADORES DE ALFAGEME.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Despois de tres anos dende que se ten declarado o concurso de acredores en Alfageme, os traballadores seguen estando nunha situación moi complicada xa que despois deses tres anos aínda non recibiron ningún tipo de indemnización. Dada a inminente saída a poxa xudicial dos últimos bens da empresa o que lle rogamos ao Sr. Alcalde e que se interese por este tema que reciba a ese grupo de traballadores/as de Alfageme e que dalgún xeito faga as xestións oportunas para que o Concello estea apoiando a xusta

reivindicación destes traballadores.

PRESIDENCIA: Onte mesmo eu recibín unha solicitude dos traballadores de Alfageme solicitando entrevista a que vostede fai referencia, narrando un resumen de tódolos avatares desa industria nos últimos anos e por suposto que os imos a recibir e atender como sempre fixemos. Aquí neste Pleno aprobáronse algunhas mocións relacionadas con Alfageme por unanimidade por certo, e trataremos de seguir nesa liña.

6(249).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

6.1.- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. CENDÓN ALONSO, RELATIVO ÁS XESTIÓN PARA EXECUTAR A MOCIÓN RESPECTO AO COLECTIVO SEREOS.

SRA. CENDÓN ALONSO: Sr. Alcalde no último Pleno presentouse unha moción urxente ao respecto do colectivo Sereos que foi aprobada por unanimidade e queremos coñecer as xestións que se fixeron para executar esta moción que foi aprobada.

PRESIDENCIA: É unha pregunta non un rogo, pero a tomamos como pregunta, estamos en sesión de rogos. Contestaráselle por escrito.

6.2. PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. RELOVA QUINTEIRO, RELATIVO AO IMPORTE INGRESADO POLAS PEDRAS DO RESTAURANTE O CASTILLO.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Simplemente preguntarlle canto ingresou o Concello de Vigo pola venda das pedras do derribo do Restaurante do Castillo, que non se converta nun misterio para Sir Arthur Conan Doyle.

SRA. SILVA REGO: O Goberno Municipal non se dedica a vender pedras como vostede moi ben pode entender, hoxe teñen vostedes un día entraño, traen mocións de “picudos”, preguntan por pedras. Sabe o que fixo este goberno? O que fixemos nós é facer o que non fixo antes ningún goberno, é verdade que contamos co apoio e coa oposición de fai moito tempo do Bloque Nacionalista Galego a favor de que o Restaurante O Castillo, que non era un castelo, desapareza do Castro para que se puidera recuperar unha muralla do século XVII e se derribara un “pastiche” que era un insulto ao patrimonio histórico da nosa cidade. As pedras vendeunas a empresa que fixo o derribo, e téñenlle que preguntarlle a esa empresa por canto as vendeu. O que si que é certo é que toda esta historia que se está facendo coas pedras resulta máis que de Conan Doyle un “esperpento” de Valle-Inclán.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta e sete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.